

## **Preparativos**

Para contar ben esta historia teño que comezar por presentar á xente que a protagoniza. A ver se o fago ben:

**Andrés:** Andrés é, é un detective de pouca monta, un expolicía, non saíu da policía con deshonra, saíu a fume de carozo antes de que a cousa chegase a maiores, é que o soldo de funcionario xa ben sabemos que non chega a moito, claro.

**Carlos:** Carlos é avogado, si, podía ser peor. Estudou para facerse rico; pero ben sabemos que ninguén se fixo rico traballando así que casou con Alicia.

**Alicia:** Alicia é unha nena rica, non tan nena en realidade, casou con Carlos porque había que casar e foi o único, que ela cría que se deixaba.

**Paco:** Paco, Paquiño é policía, sin ex, policía en activo, non aquí, na capital. Évos un pouco caradura e algo aproveitado pero aquí un Paco sempre hai ter algo que facer.

**Alberto:** Alberto, Alberto é bo rapaz, algo mullereiro e moi descarado; pero bo rapaz, policía tamén; púxenos xuntos porque canto antes pasemos por eles mellor.

**María:** María é excepcional, muller traballadora, con tres fillos, dona da súa casa... só ten un pequeno defecto, é concellala, non ese non é o defecto, o defecto éche ser Concellala de Cultura... neste concello.

**Josefa:** Josefa tamén é concellala e traballadora, Concellala de Educación nada menos, 45 anos e vividora no tempo libre. Non a xuzgo, estou padre de envexa; eu ós seus anos espero poder vivir así.

**Carme:** Carmen, Carme non é que sexa excepcional, é unha santa, divorciada do Concellal de Urbanismo, que xa ten delito, o de casar con el non o de divorciarse, e tamén entre outras moitas cousas é nai de Alicia.

**O Concello:** pola regra de tres dos policías debería falar aquí do resto dos do Concello pero é que son para darlles de comer a parte.

**Salva:** ai Salva, Salva é boa xente ho; pero tan difícil de explicar...

**Sandra:** Sandra é fantástica, tenra, doce e sempre feliz, optimista por natureza e como algún defecto tiña que ter pois ten o peor de todos, está enganchada, si, ós programas do corazón ¡¡nada menos!!

**Ramón:** Ramón, Ramón é, é, divino, bueno non nos imos enganar, Ramón é ¿guapo? non, ¿nobre? non, ¿cariñoso e atento? non; pero é o protagonista e polo tanto hai que dicir que é guapo, nobre, cariñoso e atento porque si, e punto.

**Xiana:** Xiana, Xiana pódese describir cunha soa palabra D-i-v-i-n-a... pero de verdade da boa verdadeira de todo, é a protagonista e ademais, son eu.

E algunha outra personaxe aparecerá por aí, pero so por esixencias do guión.

Para ler ben esta historia tes que lela moi rápido, é complicado xa o sei, pero ti pensa que es Juan Pazos no Alfaiate contando iso de "amanuece un nuevo día" a un público entregado.

Procurarei facer os capítulos curtos para que che dea tempo a respirar, de todos os xeitos, se ves que te vas poñendo azul e o punto e a parte non chega ti vai collendo aire.

E, por último, a historia chega a algún sitio, ben sei que polas múltiples interrupcións che pode parecer que non, pero xúroche sobre a versión en galego de Sin Chan que si.

Agora que xa esta todo claro imos comezar.

## Capítulo 1. O comezo

Andaba dando unha volta polo Campo volante, aproveitando que a marea estaba baixa, que os chiringuitos estaban moi ben e que había moitos turistas, que non facían máis que vir turistas e algo pillaría... de traballo quero dicir, porque é que eu estaba no paro. Bueno vale, pillar do outro; xa que non me credes que cobrando por non facer nada quería facer algo, pois terei que dicir a verdade, pero era máis interesante o outro.

O caso é que andaba distraída, mirando para un lado e para o outro, había moito persoal que cho digo eu, e había familias con nenos e cans e gatos, bueno ¡unha festa! Total que andaba moi distraída mirando para atrás mentres camiñaba cara adiante, é dicir, toda retorcida, e cando fun poñer a cabeza na mesma dirección que as pernas empotreina contra un corpazo ¡que corpazo mimá! Era Ramón, seguía tan grande como o lembraba, grande fisicamente, quero dicir non é que fose a luz que iluminaba o meu camiño nin nada diso.

Ó tropezar con el, cando aínda non mirara cara arriba para lle ver a cara e como unha estaba no paro pero ten a súa educación pedín perdón, o normal nestes casos vamos, e el dixo:

- ¡Estás bébeda Xiana!

En realidade non dixo isto, é unha homenaxe a frase "Estás bébeda Sue Ellen", porque me fai moita gracia e porque me apetecía poñelo aquí. O que de verdade dixo foi:

- Nada, tranquila, non foi nada, ben vin que ías distraída. ¡Hostia Xiana! ¡Es ti! Canto tempo tía, ven tomar algo con nós e falamos.

E fun, por tres motivos fundamentalmente:

1°. Porque saíra de pesca e había moitas posibilidades de pescar, ou mellor dito de repescar algo.

2°. Estaba cansa, que xa andivera moito.

3°. Era GRATIS.

Íamos cara unha mesa na que había outros dous homes agardando, como estaba a uns metros e teño unha axilidade mental increíble doume tempo a pensar, non é por presumir, é que é así:

1°. Que sorte atopalo de novo despois de tanto tempo así por casualidade ¡que fortuna! ¡que alegría!

2°. ¿Se xa viu que ía distraída... como é que non apartou para non chocar? e en conclusión ¿foi unha casualidade que chocásemos?

E xa chegamos a mesa. Si non pensei máis que dúas cousas, é que só eran uns metros, tampouco hai que poñerse así. Alí estaban Paco e Alberto, sóbeno porque mos presentou non é que os coñecese nin que levasen o nome escrito na cara, non.

Alberto era guapo, pero dos de verdade, con sorriso de campión incluído. Paco non, podó dicilo máis suavemente, pero é así, non era guapo. O que si tiñan en común os tres, porque Ramón guapo tampouco era aínda que tiña o seu punto, era un aquel de caraduras e descarados que os facía moi atractivos. Pensaba que fora parar a aquela mesa pola casualidade de aparecer polo Campo de Marte; pero non, a medida que transcorría a conversa funme decatando de que a cousa tiña máis fondo.

Ramón comezou a conversa cun sutil e casual "esta é a escritora" mentres sentabamos. Eu, claro está sentei de golpe, non era para menos, non esperaba que el lese a novela aquela e nin moito menos que

se recoñecese baixo o nome do protagonista. Era obvio que me enganara, non o soltaría así de súpeto nin con aquel recochineo de non facelo. Pois estábamos ben, practicamente lle declaraba o meu amor eterno entre outras cousas máis avergoñantes aínda. De todos os xeitos os seus amigos non fixeron moito ademán de querer afondar na ferida, de feito despois todo foi moi natural e non houbo máis mencións ó tema literario. Ramón estaba actuando como o típico coruñés que está facendo de anfitrión dos típicos madrileños, é así, non lle hai que facer, a min gustábame o tío pero é así; o caso é que lles comezou a explicar todos os tópicos mentres picaban nunha ración de polbo á feira porque non sei que lles da co polbo á feira, será o mesmo que me da a min cos rollitos de primavera nos chinos, eu sei.

E comezando así a cousa era cuestión de tempo que a conversa pasase nalgún momento pola historia do tesouro. Que non era certa, quero deixalo ben claro, pero pasa o mesmo cando afunde un barco, xa pode levar eucaliptos ás celulosas que unha vez afundidos sempre teñen unha caixa forte chea de cartos. A ver, eu seguro, seguro tampouco sei se é certo ou non; pero o instinto natural é o de dicir que non cando outro lle está dicindo que si a uns turistas para deixalo quedar mal. Total, que llo estaba contando pero mal, mirade, vale que fose unha lenda pero había que contala como era, sendo fieis á tradición oral, ou senón que estea calado.

- Non foi no Banco Megainternacional que foi na Caixa Universal - especifiquei.
- Si, iso - dixo Ramón case sen parar de falar, é dicir sen interromper o relato da lenda do tesouro.

Pero na súa historia todo eran imprecisións, e tiña que interromper a cada pouco que aquilo era un desastre.

- Bueno, pois cóntaa ti - dixo Ramón todo enfadado, moi sexi, iso si, pero enfadado enfadado.

E así o fixen, non porque mo dixera el, senón porque se hai que contalo pois cóntase ben ou non se conta.

## Capítulo 2. O tesouro

Confirmárase a chegada do maremoto para Marzo según todas as previsións dos expertos. O epicentro esta vez non estaba en Becerreá, ben que o dixeran nas noticias, o alcalde vendéao como un logro, o terceiro punto do programa electoral "ser, por fin, o epicentro dun seísmo", que visto o visto non se pode asegurar con rotundidade que non fose así.

Tamén coincidía no tempo que o ciclo económico repuntaba e xa se podían sacar os fondos en negro que se acumularan nas caixas fortes privadas das grandes entidades bancarias desde a implantación do euro, porque antes non os podían sacar sen levantar sospeitas. Non é que me guste falar pero se dicían que estaban en crise non podían andar por aí gastando coma tolos, non é que lles importase o que pensásemos o resto dos mortais, é que Facenda igual sospeitaba algo, que ó final era quen importaba de verdade. En definitiva que nas arcas dos bancos, nas de verdade, nas que hai cartos en feixes de cen non en anotacións contables; nesas, había cartos a moreas, pero moreas de moreas e aínda rebosaban moreas. Na cidade a que levaba a palma, mellor dito, as moreas, era a Caixa Universal, como o seu propio nome indica é universal e omnipresente.

A maior caixa de seguridade da Caixa Universal estaba na central, pero na central do centro, do centro da cidade non do centro de negocios complexo supermoderno ultrainnovador. ¿Quen ía sospeitar que tendo o centro operativo no Polígono Industrial tiñan os cartos no centro da cidade? Pero así era, e era para non levantar sospeitas e para evitar que lle roubasen, porque no centro, onde estaba a central era case imposible aparcар algo o suficientemente potente como para poder chegar a facer algo suficientemente perxudicial. Vale, algún atraco si que houbera, coma en todas; pero, pese ó que dixera a prensa, a entidade e as



compañías de seguros, nunca levaran máis duns poucos miles de euros, pero poucos.

Ó facerse firme a ameaza do maremoto púxose en marcha o plan de evacuación, era un plan que elaboraran os expertos municipais asesorados por especialistas norteamericanos, de Hawaii, eran os do PTWC (Pacific Tsunami Warning Center), que tiñan moita experiencias en maremotos. Non, non é que viñeran nin nada. O que pasou foi que no Concello pasaron olímpicamente dos informes dos expertos do Instituto Sismográfico, anda que ía haber aquí un maremoto, que viñeran unhas olas grandes e volveran tirar o balaustre do paseo marítimo vale, xa case pasaba todos os invernos e víña moi ben para volver a contratar a esas empresas que casualmente eran as mesmas de todas as veces, tampouco é que se estea dicindo que o Concello mandase a propósito as olas para manter empresas amigas que non teñen inconveniente en inflar as facturas; pero é unha casualidade digna de mención. O caso é que o Instituto Sismográfico insistiu tanto e tanto dou a paliza que se viron obrigados a facerlle caso, non por convencemento, senón porque os cabróns do Instituto recurriron a prensa e o pánico colectivo fixo que a presión cidadán acojonase ós do Concello. Total que para acalar os rumores non se lles ocorreu mellor cousa que dar unha rolda de prensa e dicir o previsto e estudiado que estaba o tema e que tiñan todo-todo-y-todo supermega controlado.

Obviamente non o tiñan, nin sabían por onde comezar reuniuse o pleno no Salón dos Tapices, que xa era un mérito, e baixo a consigna de "non saír ata atopar unha solución" pecháronse por dentro. Claro está que todo funcionario ten outra consigna que non só é unha consigna senón que é un principio básico e inquebrantable e que prevalece ante calquera outra norma ou consigna: "á hora de marchar hai que marchar e punto". Tendo en conta que entraran despois da hora do café, a iso das 13:45 horas e tiñan que marchar cada un para o seu despacho para deixar todo recollido as 14:00, pois

tiveron que ser máis que rápidos e áxiles na confección da estratexia.

O gabinete de crise estaba en crise propiamente dita e durante dous minutos estiveronse mirando uns a outras e outras a uns sen mediar palabra ata que un desgraciado tivo a lamentable ocorrencia de dicir "¡jual deberíamos dicir a verdá".

- ¡Mecajo na puta disciplina de partido e a puta nai que te pariu Cabanas, mecajondiós!
- dixo o alcalde.

¡É que Cabanas tiña cada cousa! Despois, non se sabe moi ben quen, porque despois da arrancada do alcalde calquera dicía algo e o cabreaba máis, que non tiña moita importancia pero despois os maletíns non andaban como debían e o final de mes estaba moi preto e as vacacións tamén e o chalet en Oleiros tiña os seus gastos. A voz tímida dixo "podemos buscar no google".

- ¿E iso que coño é? - pregunta o alcalde

A Concellala de Educación, que era a que sabía disto abriu de portatil, de internet e de google. Como tampouco era cuestión e pensar de máis e como xa quedaban poucos minutos foron ó gran, puxeron maremoto e saiu alí o que non está nos escritos, bueno si que está, de feito sairon alí todos os escritos, de máis. Con urxencia baixaron co cursor buscando un plan de evacuación de emerxencia. O alcalde non o entendía tanto gastar en ordenadores de última xeración se total había que dicrillo todo letra por letra. Fixeron un último intento "plan de evacuación de emerxencia maremoto". E alí saiu o do Centro Pacífico de Tsunamis ou algo parecido porque estaba en inglés, e o único que vían claro era o de Tsunami que iso si sabían que tiña que ver co dos maremotos e que estaba en Hawaii. O alcalde mosqueouse e dixo que aquel non era o momento para andar buscando ofertas de viaxes. O Concellal de Turismo, que era o que se encargaba de viaxar ó estranxeiro para promocionar

a cidade e que supostamente tiña un título da Oxford University de inglés e que incluso o falaba con acento de Glasgow, púxose diante da pantalla e fúei lendo á súa maneira.

É de entender que o plan tivese só un folio de extensión, pese a que o orixinal tiña unha pila de páxinas, é que poñer, poñer, puxeron só o que estaban case seguros de entender. Despois pensaron que era ben poñer a fonte, porque sempre hai que citar as fontes, pero máis que nada para botarlle a culpa a alguén.

Á prensa coloulles máis ou menos, porque pensaron que o que lles presentaran era un resume claro e conciso dun plan máis amplo, e porque a prensa si que sabía que había un PTWC con sede en Hawaii que vixiaba o Océano e que tiñan moita experiencia en evacuación en caso de maremotos e incluso facían simulacros. A prensa si que o sabía.

Tamén é de entender que a cousa non saíse ben de todo, aínda que, tamén hai que dicilo, para ser como foi non houbo que lametar grandes perdas. Cando se falou de evacuar, ó grande, de coller e marchar a xente doulle a risa, si ho que ían coller e deixar os pisos que nin tiñan pagados para ir a ningures e perder todo. Outra cousa coa que non contara o Concello, "porque en Hawaii volvían facer as cabanas e listo" pensou o alcalde. Daquela o que se fixo foi crear un compromiso de expropiación forzosa, o Concello comprometiase axudarlles na reconstrución as propiedades ou facilitar outras de similares características coas axudas por zona catastrófica que ían recibir.

Non é que a xente non tivese medo do maremoto, é que a xente non se fiaba nin un pelo do Concello, así que, loxicamente, tiveron que evacuar pola forza dous días antes do terrible acontecemento. ¡E conseguírono! E incluso acabaron a tempo de que os primeiros evacuados se dedicansen a chamar de todo ó Concello porque ó final nin ía haber

maremoto nin nada; pero si que o houbo, retransmitido en directo vía satélite e seguido en directo por miles de millóns de espectadores e espectadoras alucinadas que viron o areal de Riazor como disque fora hai séculos según as fotos simuladas que habia no paseo de San Pedro cando se retirou o mar, e despois viron tamén como a auga cubriu todo cando volviu e arrasou todo ó seu paso.

Non é que só afectase á cidade, algo, algo tamén afectou ó resto da costa, pero como a Coruña estaba no mesmo epicentro e ten esa forma de cabeza de tartaruga que diría Manuel Rivas, que antes era Manolo, pero xa non, actuou de rompeolas e freou os efectos sobre o resto. Foi tamén esta forma a que provocou que cando as augas volveron ó seu, a cidade senón que fixese de tope, de embalse, por dicilo dalgún xeito e a auga quedase a nivel, pero non o de antes senón porriba, dos edificios e de todo.

E aí comezou, todo quedou asulagado e ca auga chegaron os rumores de que cas presas de última hora ós da Caixa Universal non lles dera tempo a sacar a pasta, que mentres se ve un maremoto en directo hai tempo para todo. A lenda naciu cando os xornalistas lle preguntaron ó Presidente da Caixa Universal por este rumor e el o desmentiu totalmente dicindo que eran falacias e non sei que máis indignidades. Para quen seguimos os programas de corazón sabemos que iso era unha confirmación clarísima dos rumores. Así que baixo a auga no centro da antiga cidade da Coruña, no fondo, está a caixa forte máis grande de Galicia chea de cartos, de moreas de cartos, pero deses cartos que van en feixes, agardando a que alguén baixe e os rescate.

### Capítulo 3. Disque

- Disque - dixen.

E díxeno para que quedase claro que era unha lenda, que despois estes turistas aficionados estorbando polo medio, e os que non, hainos que andar salvando de afogar porque quedaron enganchados nunha porta aló no fondo.

- Pois parece factible - dixo Paco.

- Si, podería ser certa - engadiu Alberto.

Sabíao, é que lles encantan estas chorradas, estaba por ir a un banco pedir cartos para poñer un bareto deses e contar historias, habíaos ter ben entretidos. Tomaran catro cervexas no que eu contei o do tesouro, e iso que estaban moi atentos.

Ramón tiña cara de que el o había contar mellor, ¡si ho! se non sabía nin a metade dos datos, todo imprecisións; pero criticar é moi fácil. Fíxose un silencio, non tanto incómodo senón lixeiramente tenso e como rematara a miña consumición e visto que o tema da lenda non daba para máis e que Ramón estaba de non, pensei en marchar.

- ¿Non marcharás xa? - dixo Ramón.

- Si, eso pretendía - dixen eu.

Agarroume a man e volvíñ sentar, non o podía crer ¡que fácil son!

- A ver Xiana, se o do tesouro fose certo, ¿cres que habería maneira de chegar ata el?  
- preguntou Ramón.

- Home co equipo preciso, moito tempo e sabendo abrir unha cámara acorazada de máxima seguridade, si - dixen.

Admito que o meu ton era despectivo tirando a moi despectivo, pero tampouco era para que se puxese así:

- De verdade Xiana, acabo de lembrar porque te deixei - dixo el desesperado.

Ha, ha, ha... que había ser polas miñas contestacións inxeñosas, haaaaa, haaaaa, e non sería pola loira aquela de metro noventa... e non sería por iso... había ser si.

Notoumo, ou iso me pareciu porque lle cambiou a cara de chulo a cordeiriño. Si ho, que me vai botar a culpa a min.

- ¿E que fas? - preguntou Paco.

Díxoo así sen máis, eu que sabía que mo dicía a min. Aclaraoumo cunha mirada de revés Ramón, estaba dun sensible o tío. Total, que lle contei que non facía nada, que estaba no paro. Ramón seguía mirándome mal. Sabía máis do que parecía, tamén llo notei; pero non ía confesar alí diante dun policía a que me adicaba, de bo rolo si, pero con coidado.

Vale, a vós si que volo podo contar, ademais agora xa tanto ten. Eu era recuperadora, era un oficio novo que naciu despois do maremoto. A xente marchou así a toda présa e despois conforme se foron asentando nos seus novos fogares decatáronse de que esqueceran pequenas cousas, esas pequenas cousas que sempre se extravían nas mudanzas e que cando te decatás de que non as tes fáiseche un buraquiño no corazón: o álbum da primeira comunión, a garabata da sorte, etc.

E vós diredes ¿e para iso tanto misterio? O caso é que, como dicilo, esa era a tapadeira ou mellor dito a excusa, porque encargos, encargos deses si que tiñamos, poucos, moi poucos, algún de vez en cando. Despois tiñamos outro tipo de encargos, un

pouco máis interesados, o típico, o xoieiro que cobrou do seguro unha indemnización por non sei cantos aneis de platino que tiña no mostrador e que despois lle da a morriña e quere contratarnos para que baixemos a recuperalos, sen llo contar ós do seguro, claro. E tamén estaban os outros encargos, aqueles da xente que non era exactamente a propiedade das cousas que tiñamos que recuperar, vamos que sabían que a cuñada do avó da tía de fulanito tiña no colchón "algo" e que che pedían que recuperases, para devolverllo iso si, claro que con tanta cousa e tanta historia igual no a daban atopado, pero mellor que o tivese un coñecido...

Eu non facía moitas preguntas, ningunha para ser exacta e normalmente tampouco conseguía recuperar todo o que me encargaban, iso lles dicía, anda que as costureiras non quedaban sempre cun anaco de tea cando lles encargaban un vestido, pois as tradicións hainas que manter e punto.

Non tiña medo, é dicir, había unha especie de baleiro legal entre a lei de recuperación de tesouros marítimos e o da propiedade privada, porque aínda non chegaran a acordo sobre se o terreo que asulagara o maremoto era marítimo ou aínda seguía sendo propiedade privada. A miña teoría é que se o mar devolve o que non é seu, e seguía ocupando todo aquel espazo, é que era do mar, e como xa dixen antes, punto. De calquera xeito o que facíamos non estaba moi ben visto, á xente molestáballe iso de que outro collese o que era seu. Dicían que nos estábamos facendo ricas a súa conta, pero como non nos daban pillado aguantábanos e cando lles interesaba faciánnos algún encargo.

A rica non ía chegar, todo o máis conseguía cousas para o troco nas tendas centrais, as veces podía conseguir comida para todo o mes ou equipos de última xeración, xa sabedes: radares, prospectores, equipos de inmersión, o típico.

- Eu tiña entendido que facías outras cousas, ou iso di a túa ficha - di Alberto.

¿A miña ficha? Deus ¿tiña eu diso?

- Paco e máis Alberto tamén che son do gremio - di Ramón con moita sorna.

Joder, vaia puntería, de calquera xeito non había problema, salvo que confesase non tiñan nada, nada de nada; eles sabían a que me adicaba ¿e que? se non me pillaban cas mans na masa non tiñan nada que facer; si, podían facer un encargo trampa deses ou que algún cliente se fose da lingua, se a espabilación lles dese para tanto. O que é a espabilación doulles para poñer unha patrulla nocturna, pero como non lles gustaba mollarse e nunca nos pillaron.

- Que tontos sodes, que non hai nada, coño - dixeran.
- Bueno, iso pronto o imos saber porque...

Comezou a dicir Paco, pero de súpeto dou un chimpó no asento como se alguén lle dese unha patada contundente para facelo calar. Botei unha ollada rápida a ver se pillaba algún sinal; pero non vin nada, aínda que foi de agradecer porque o tema tesouro rematou aí. E tamén rematou aí a tarde.



#### Capítulo 4. O erro de Paco (Primeira parte)

Para Andrés aquel luns 7 de Xullo élle difícil de esquecer, chegou ó traballo coma todos os días, é dicir, tarde, mal e arrastro. O seu xefe chamouno ó despacho, iso tampouco lle estrañou, sempre facía algo mal, non porque fose un inútil, senón que non estaba motivado; ou dito doutra forma, as súas motivacións non viñan do sitio axeitado.

O xefe, tranquilo, coma era el, con esa parsimonia que dan os anos de profesión e de ver de todo.

- Deixa a arma e a placa enriba da mesa e vaite, non te quero ver máis - dixo.

E Andrés soltou o último chiste dentro da comisaría, "¿e non tería que ser primeiro a placa?". Díxoo insinuando que o Comisario lle tiña medo; pero o comisario non o facía por medo, facíao por precaución, anos de profesión e de ver de todo dicíanlle que cunha placa pouco se podía facer ora que cunha pistola...

Despois saiu tan contento do despacho, dicindo que dimitira, e non, botárono. Moi discretamente, claro. O Comisario fíxoo porque o pai de Andrés era amigo seu e os de asuntos internos estábanse achegando moito. El xa o sabía, desde o comezo, saíra ó pai, só que non tiña a súa picardía. O pai de Andrés tiña a virtude de saber canto era de flexible esa delgada liña que separa o ben do mal. Andrés non, el era fino coma unha vaca facendo encaixe de Camariñas.

Para o pai de Andrés foi unha desgracia, pola vergoña pública nas partidas do sábado e no fútbol do domingo como a cousa se puxese algo tensa había saír o tema, e de feito saía cada vez que había que minar a moral do contrario. Pero no fondo sentiu alivio, so deus sabe cantos "xamóns" lle tivo que regalar ó Comisario na curta carreira do seu fillo.

Para Andrés tamén foi unha liberación, e tanto, tiña pensado seguir co que estaba só que aforraba os sermóns do pai, do xefe e dos pesados de asuntos internos. Esqueciulle o pequeno detalle de que á xente coa que el negociaba só lle interesaba por ser policía. Caía de caixón, pero Andrés non tiña tempo para pensar... nin cerebro.

Por sorte para el, tiña ese encanto de vendedor de coches de segunda man que tanto gusta ós homes e conseguiu manter os contactos cos seus compañeiros de academia, Paco, Alberto e Ramón. De ética andaban máis ou menos, pero tiñan un pouco máis de vergoña e algo máis de medo, non só se meteran na policía por vocación, tamén porque querían un emprego estable do que fose difícil botalos. Este último argumento xa nos da unha pista da súa eficiencia.

Así foi como sacou a licencia de investigador privado e puxo un despacho no seu piso, sen pedir autorización a comunidade de propietarios nin placa na porta; pero haber hai un despacho no piso, a veciña de enfrente ben o di, "¡entra cada un aí!" pero quen lle vai facer caso a unha pobre muller a que todo o mundo coñece como a "emisora" da veciñanza. Vaille moi ben, de cando en vez leva un susto; pero ter o único Jaguar último modelo da cidade compénsao máis que de sobra.

O cliente máis importante de Andrés, ou polo menos o que máis traballo lle daba era o alcalde, deus críaos e eles xúntanse, aínda que en favor de Andrés hai que dicir que foi un cliente herdado de seu pai. Non pagaba mal e ademais era un home agradecido, bueno, para ser máis exacta debería dicir que era vingativo e rencoroso se non lle facías o que che encargaba, por iso, e seguindo por única vez na súa vida o consello de seu pai, Andrés fai todo o que lle manda.

Da súa relación co alcalde Andrés sacou moitos contactos, dos bos, dos de pasta, acabou facendo

traballos para o Concello en xeral, era coma o bedel do lado escuro, sabía todo de todos e todas; iso á longa era mellor que un plan de pensións. O alcalde coa vellés foise tranquilizando, a tranquilidade que da a fortuna amasada, claro está; pero o seu relax non fixo un burato nas finanzas de Andrés, o sitio ocupouno o concellal de urbanismo, que cada vez tiña máis traballo o pobre porque ía quedando menos terreno e iso que ían absorbendo cada vez máis concellos limítrofes. Andrés, neste campo era multifuncional: buscaba novos terreos, botaba ás vellés dos inmobles interesantes, o típico desta concellalía.

Con todo foronse facendo amigos, ía cear á súa casa os venres e todo; aínda que esta etapa só durou ata que lle rompiu o corazón á súa filla, Alicia. A verdade é que para el Alicia só foi un rolo de fin de semana; pero o concellal púxose tan nervioso de pensar que a súa filla da alma quedase preñada daquel individuo ó que lle tería que dar a metade da súa herdanza que sacou de cheque, púxolle os ceros que sabía que lle habían gustar e zanzou a cuestión. Andrés colliu o cheque con todo o disimulo do que puido tirar para que non se lle notase que el xa pasaba da rapaza gratis e o agradecido que lle estaba porque sabía de sobra que o concellal ía utilizar o resguardo do cheque para restregarllo a Alicia e así convencela de que non era trigo limpo. Ó concellal habíalle pesar, un par de anos despois, cando Alicia casou con Carlos, o avogado.

Aínda que Andrés non volviu á casa do concellal seguían ceando xuntos os venres, máis desde que o concellal se divorciou; outro cheque para Andrés, porque tivo que medio seducir a Carmen, a muller do concellal e, aínda que non o conseguiu, nas fotos parecía que si, e ó xuíz foi o que lle valiu. Carmen nunca llo perdou, e lamentou a de veces que cociñara para el naqueles venres familiares.

Nunha desas ceas o concellal trouxo a un amigo, o director da Caixa Universal. Non foi casual que o concellal o convidase; levaban anos facendo negocios xuntos, el non, a súa filla. Pero esta vez pedíralle alguén de confianza.

## Capítulo 5. O erro de Paco (Segunda parte)

Andrés era ese alguén de confianza. O director da Caixa Universal plantexoulle a cuestión directamente, sen rodeos.

- ¿Escoitaches algunha vez esa historia do tesouro...? - conseguiu preguntar o director da Caixa Universal antes de que Andrés o interrompera ca risa.

Ó director non lle pareceu ben aquela interrupción entre risas do seu posible futuro socio, pero o concellal díxolle ca mirada que tivera un pouco de paciencia, que o rapás ben o valía. O director non confiaba moito, pero continuou ca exposición do asunto sen permitir que Andrés respondese á pregunta.

- Pois é certa, aló no fondo quedou unha caixa chea ata arriba de cartos; pero non a deixamos polas présas, nin porque nos esquecese. Deixámola a propósito, deixámola porque nos interesaba ¿está claro?

Andrés non se atreviu a responder, non porque se decatase da mirada asasina de antes, senón porque o concellal lle plantou o pé de tal maneira na perna que non lle dexiou dúbidas sobre o que tiña que facer.

- Tampouco fai falta contar se eran cartos en negro ou a herdanza de miña tía, ningún dos tres traballamos en Facenda e tampouco nos gusta facer preguntas ¿non si?

Andrés nin se movía.

- O rumor extendémolo nós, eu, para ver se se animaba alguén e nos facía o traballo; pero non tivemos moita sorte. Algún tolo baixou,

ou iso anadaban dicindo polos foros de internet, pero os cartos siguen alí.

- E aí entro eu...

O director da Caixa Universal mirouno mal, deixoulle ben claro que non tiña que sacar nada porque alí non había nada. Andrés quedou confundido, supuxo que era unha frase do tipo de "esta conversa non existiu"; aínda que non entendía a que viña tanto eufemismo. E tampouco entendía porque non baixaran antes a recollelos nin porque lles dera o acordo de facelo agora.

Nin o director da Caixa nin o concellal estiveron pola labor de aclararlle esas cuestións e Andrés non lle dou máis voltas, puxéranlle un cheque deses que lle gustaban a el enriba da mesa e xa estaba. El prometiulles discrección e o paquete completo, xa se encargaría el de sacar uns cantos feixes sen que se decatase ninguén, ou buscar a alguén a quen botarlle as culpas de decatarse.

Andrés tiña de man a un par de recuperadores que lle axudaban de cando en vez nalgún caso, sobre todo cando había que baixar buscar arquivos vellos nalgún organismo público. Un deses recuperadores era Salva, pero xa non facían negocios desde que o deixou co cú ó aire nun dos seus encarguiños cando a policía se puxo tonta. O outro estaba no cárcere, non por ningún traballo que lle encargase Andrés, senón por outras cousiñas algo menos profundas aínda que tamén pasadas por auga. Daquela, e ante a posibilidade de ter que devolver o cheque ou meterse a submarinista chamou a Ramón, a ver se podía facer algo polo seu colega ou conseguía que lle recomendase outro, porque aínda que andivese por terras de secano mantiña os seus contactos.

Ramón vivía feliz, vivía a vida que sempre soñara, un bo coche, un bo piso, unha boa moza, ou dúas ou tres... Alegroulle recibir a chamada de Andrés, pronto ía coller as vacacións e non tiña moi claro

querer viaxar, había tempo que non pasaba unha tarde daquelas de vran tirado cos colegas na praia ata que se facía de noite, tivera que tirar unha estantería comida pola polilla o sacar a caixa das fotos doulle a morriña, xa falara con Paco e con Alberto, para que fosen con el, casa tiñan, e había turistas igual que polo Sur, cousa que os convenciu de seguido.

Andrés escoitoulle todo o rolo da morriña, el que non tiña nin a máis mínima intención de pasar o vran na cidade; "hai que escoitar cada cousa" dixo para si Andrés cando o outro lle falaba do azul sen igual do Orzán.

- Mira Andrés o do rapaz está complicado, téñeno en illamento, pasouse de chulo e fíxolle unha xogada a un garda, non creo que me deixen falar con el, nin el creo que queira falar comigo - dixo Ramón sen moito interese.

Andrés ben se decatou de que Ramón non estaba pola labor así que lle tivo que contar o da pasta, nese punto Ramón xa viu máis fácil o de ir falar co preso. E foi, claro. Non lle sacou moito porque, efectivamente, estaba moi pouco comunicativo.

- Imos ver, entendo que non me digas o nome dos teus colegas; pero saberás de alguén que faga o mesmo ca eles e que non sexa colega teu, ¿non sei se entendes o que quero dicir?

Entendi, entendi, o poli quería que lle dixese o nome dun colega seu que lle fixese un traballiño para empapelalo como lle fixeron a el, claro que o entendera nin que fose tonto. E claro, díxolle o nome de Xiana, o meu, porque me tiña cruzada, porque eu era mellor, porque pillaba mellor ca el e tiña máis choio, porque era máis lista e a min nunca me pillaran, porque era un cabrón e un cobarde que non lle importaba tirarlle merda enriba @s demais... e quen sabe que máis escuros motivos tiña.

Ramón había tempo que non escoitara o meu nome, e non sabía moi ben se pola etapa morriñenta que estaba atravesando ou por ter ganas de verme, alegrouse de volver escoitalo. Bueno a verdade é que esto é un supoñer meu, unha fantasía que me fai ilusión, que ó mellor nin se lembraba de min, pero eu sonvos máis feliz pensando que si e punto.

Despois de saír do centro penitenciario, parado nun semáforo lembrou a mala hostia que tiña, eu quero dicir, da mala hostia que tiña eu e do número que lle montei cando o descubrín ca top model aquela e pensou que igual era mellor dicirme a cousa directamente e pasar das advertencias de Andrés, porque ó final eu había ser máis proactiva se me dicía a verdade que se o descubría a medio camiño, que era moi capaz de...

Pero despois pensouno mellor, falouno con Paco e con Alberto, que non me coñecían de nada, pero como o outro lle contara a película á súa maneira, vítima de todo que era el o pobre, bruxa e medio meiga que era eu... convencéronse de que era mellor como dicía Andrés, que quedase entre eles. Diante dunhas cervexas planificaron a estratexia, decidiron coller as vacacións antes e vir supervisar a xogada, Andrés encargárase de localizarme, seguirme e facer un informe dos mes movementos. Eles atoparíanme por casualidade e sacaríanme o tema do tesouro, como a min non me gusta falar case, poñeríame a largar e aí xa mordía o anzol, non me liaban alí mesmo, senón que farían ganas. Despois, coñecéndome, había ter o run-run na cabeza e estaría desexando sacar o que tiña que sacar; pero como se fose cousa miña e unha vez fóra da auga daríanme unha limosna, e eles quedaban co resto, porque son tonta. Despois eles quedarían ca metade ou un pouco máis dependendo do que houbese e daríanlle o resto ó director da Caixa e se sospeitaba algo xa me tiñan a min para levar as culpas.



Como plan non estaba mal. A eles gustoulles, e "aínda que é simple pode funcionar" pensou Ramón. E funcionaría se Paco non dese aquel chimpo na cadeira. Si, tan grande foi o erro de Paco, tan grande que fixeron falta dous capítulos.

## Capítulo 6. Ca auga no calcañar

Paco nunca vira o mar, na tele si, non perdía nin un capítulo das Vixiantas da Praia, pero en persoa non. El admiraba moito as vixiantas, gravaba cada capítulo para admiralo moitas veces, moitas, pero moitas. Non era polo que estades pensando, é que se identificaba moito con elas... polo de servir e protexer... claro.

Despertou cando o avión comezou a descender polo cambio de presión, e ó pobre case lle da un ataque ó abrir os ollos. Ramón debiera advertirlle antes que o aeroporto estaba moi rodeado de auga; pero moito, o pobre pensou que ía coñecer o mar á brava, de golpe sen bañador nin Pamela. Estaba tratando de desencaixar a cabeza de entre as rodillas e o respaldo do asento de diante despois de coller o chaleco salvavidas de onde a azafata dixera que estaba e afortunadamente estaba. Cando Ramón se decatou de que estaba pasando algo fóra do normal, antes de desatascalo, avisou a Alberto para partirse a súa conta un anaco. E o anaco durou ata que a azafata fixo a ronda e os puxo a raia e desincrustou a Paco do asento de diante ;que estrés diosmiu! para que despois digan que van en plan barbi.

Pero cando se viu na praia cos pés na area comezou a pensar que non se enganara e que aquilo era o máis grande que vira endexamais na vida, calculou cal podía ser o medio e medio e camiñou con decisión cara ese punto; deixou os zapatos cos calcetíns dentro na area, remangou o pantalón e andou cara a auga. A primeira impresión foi chocante pero lóxica: "¡coño, que fría está!"; nunca lle pasara pola cabeza a temperatura da auga, como as vixiantas se lanzaban con tanta alegría pensou que era coma a da piscina, a 20°... a tres grados estaba no momento en que Paco metiu a unlla e, non sabía se fora por iso pero notara unha leve sensación de mareo ó mirar para os pés e

ver como a ola se retiraba, coma se o chan se movese.

Outra cousa que lle chocou foi a forza, as olas non tiñan o idílico bater das postas de sol californianas, ou iso, ou que do conxelamento as pernas non lle respondían como debían. Saiu para a area e mirou ó seu redor, todo o mundo estaba xogando alegremente e bañándose como se fose normal, daquela pensou que o raro era el, así que o volviu intentar, se toda aquela xente podía el tamén, colliu carreira e lanzouse como llo vira facer a Pamela tantas veces. Nótase que el se concentraba noutras cousas porque se lanzou xusto cando a ola se retirou e acabou tirado en plancha na area, erguiuse con dificultade e cando xa estaba en pé veu outra ola por detrás e volviuno tirar... e o pobre sen unha triste Carme a que agarrarse. Desta primeira toma de contacto Paco sacou tres conclusións:

1. O mar é un fillo de puta, frío e con moi mala hostia.

2. Ramón e Alberto son dous fillos de puta que se van rir de maría santísima en canto me poida poñer en pé e chegar a onde están eles escarallados ca risa.

3. As vixiantas da praia non son socorristas, son superwomans pero das boas, aínda que só sexa por correr pola beira deste hostil elemento.

Despois foi cara a area onde estaban Ramón e Alberto chorando, pero literalmente chorando ca risa, arrastrounos e metiunos na auga, porque Paco guapo non era, pero grande e forte... E así acabaron os tres facendo o chorra no medio da praia, emborcillados na area, empapados ata as orellas e dando un espectáculo bastante lamentable, aínda que polo menos a xente foi con algo que contar para a casa. Total, que xa lle perdeu o medo ó mar e ó remate do día era coma se

nacese na mesma auga salada, parecía a sirenita do ben que se movía dun lado para outro.

Pero Paco volviu a ter aquela sensación de mareo, de moverse o chan baixo os pés a primeira vez que viu a Sandra.

A verdade é que me decepcionou que Ramón non se ofrecera a acompañarme ata a porta do meu piso por se había unha araña na bombilla do descanso ou así. Non tiveron sorte. Ou si, porque eso reforzaba a miña teoría de que o chimpó de Paco non fora pola emoción da conversa e tramaban algo. Mirei varias veces pola fiestra e o coche non estaba, foi nese momento cando chamei a Sandra e a Salva.

- Vinde - dixeran - teño que contarvos algo.

Chegaron axiña, Sandra andaba por preto, quedáramos para ver o programa Corazón de Glamour, que nos gustaba moito; máis a Sandra que a min, ela estaba enganchadísima e non só a este senón a todos os programas rosas e amarelos da pantalla, pero todos todos. Ela era moito de collerlle cariño as cousas, tamén era o único defecto que tiña a pobre, porque ser évos moi boa xente, moi guapa e tan doce coma un oso amoroso. Cando collemos algo non llo ensinamos porque ten algo de dióxenes e quere quedar con el, ten a súa casa como para ensinala, de vez en cando traémoslle cousiñas para coidar, cousas que non nos valen para trocar pero que son moi bonitas.

Salva chegou rápido porque é el así moi rápido. Sobre todo naqueles días, que andaba acelerado porque xa lle saíra a data para o xuízo por aquel marrón no que o metera Andrés e non facía máis que ir dun lado para outro. Andaba facendo unha lista de últimas cousas que facer antes de que o enchironasen, que non o ían enchironar, case seguro... iso lle dicía o seu avogado.

Cando lles contei a conversa co trío marabillas non lles pareciu gran cousa. A Sandra menos que a

Salva, porque o programa xa comezara; Salva díxome que aínda que seguramente fosen paranoias miñas ía facer algunha pregunta por aí. E mentres Marquitos de Buenacuna nos contaba o namorado que estaba da súa futura prometida ca que ía ir de lúa de mel as Illas Fitji e a que lle regalara un mercedes último modelo o día que a coñeceu, é dicir, había dúas semanas, porque se decatou de que era a muller da súa vida, eu imaxinei o bonito que sería ir conducindo un mercedes último modelo mentres soaba música de Mozart, Salva imaxinou o bonito que sería despertar cada día nun país distinto, percorrendo as praias tropicais e as cidades do mundo de hotel de luxo en hotel de luxo como se fose George Clooney en Ocean's Eleven... e Sandra imaxinaba o bonito que sería que alguén se decatase de que era a muller da súa vida no momento que a vise.

## Capítulo 7. O xuízo final

Final, final non era, que había posibilidade de recurso. Salva estaba moi nervioso, dun lado para outro mentres o seu avogado, Carlos estaba falando con outro tan tranquilo. Nós chegamos tarde, eu máis ca Sandra, bueno, vale, Sandra chegou puntual; eu cheguei a tempo porque o xuízo ía con retraso que se non...

- Xa che vale, tía, xa che vale - dixo Salva histérico cando me viu chegar.

Total, non sei a que viña tanta présa, aquilo era un aburrimiento. A primeira vez que fora a un xuízo ía toda emocionada porque esperaba que fose coma os das películas, avogados agudos, testemuñas sorpresa, xiros insospeitados; pero a verdade é que son un coñazo, os avogados non pasean dun lado a outro e porriba levan unha capa coma a de Harry Potter, e ... en definitiva o avogado xa lle dixera que non había de que preocuparse.

- ¿¿¿E desde cando nos fiamos dos avogados???
- pensei.

Para min que o avogado me escoitou porque dou a volta así de súpeto.

- Vanme enchironar, vanme enchironar, estou seguro - dicía Salva dun lado a outro.

Sandra tratou de tranquilizalo dándolle un abrazo; pero a el sooulle máis a pésame que a consolo e púxose peor. Sentou e púxose a pensar nas súas cousas. O primeiro que viu de Carlos foron os pés, os zapatos máis ben, castellanos, feitos a man, coiro de primeira categoría e incluso adiviñou a marca antes de vela na pequena etiqueta que levaban no calcañar e que a ela lle parecía unha ordinariez e que eu poñería aquí, pero como non me dan comisión, pois non a poño. O caso é que Sandra

pensou, sen saber quen era nin verlle a cara, que aquel debía ser un home ben interesante porque con tan bo gusto non podía ser doutro xeito. Cando erguiu a vista tíñalle un parecido asombroso con Marquitos de Buenacuna , que era o seu ideal de galán naquel momento.

En realidade non é que se parecese, é que como estes ricos visten todos igual e ela non estaba afeita a tratar con eles, todo se foi xuntando.

Carlos xa lle botara o ollo cando a viu entrar e andábase facendo o interesante; pero Sandra estaba en babia, co que tivo que facer uns cuantos paseillos e aínda así ata que se lle plantou diante ela non se enterou. A piques estivo de desistir, pero cando lle viu aquela mirada embobada soubo que pagara a pena o desfile.

Salva, afortunadamente, non se percatou de que o seu avogado estaba máis interesado en Sandra que na súa defensa. O xuízo non saiu demasiado ben, o xuíz era un dinosaurio amargado e non entendía os chistes nerviosos de Salva. Ademais veu Andrés testificar a prol da acusación, dicindo certas cousas sobre as actividades de Salva que ben puido calar e ademais botoulle toda a culpa a el. Carlos púidolle preguntar se el requería dos servicios de Salva con frecuencia; pero era asumir a acusación e moito que lle pesou, Salva quedou bastante mal. Andrés caiume mal, xa desque o vin agardando na entrada.

Toda a historia do xuízo viña por unha recuperación destas que facemos, Salva ten moitos contactos, eu vou máis libre, el gana máis, o caso é que o que tivo que recuperar tiña dous donos e cando un se enterou de que o outro estaba case cas cousas na man denunciouno por roubo. Este dixo que el non sabía nada, que unha vez comentara o tema con Andrés, Andrés que el é investigador e que non se metía no mar nin que lle pagasen; pero que falasen con Salva que el era moito diso, e

pillarono ca mercancía na casa. Éche o que hai. Éche o que sabíamos daquela.

Cando o xuíz colliu o mazo e dixo "visto para sentencia" saímos da sala. Salva non quería, tiña medo que á saída non o deixaran marchar; pero eu tirei del e non había ninguén esperando, menos mal, porque tanto insistiu que eu xa case tamén tiña medo de saír. Carlos convidounos a tomar algo para comentar como fora o xuízo, en realidade pasou todo o tempo tonteando con Sandra e Salva non facía máis que repetir nomes de sitios que quería visitar, e cousas que quería facer, eu seguíalle a coña ata que dixo:

- ¿Daquela ves mañá comigo facer puenting a torre de control marítimo?

¿Pero este está mal da cabeza de todo? De todo, de todo. ¿Eu puenting? ¿Eu? ¿Eu que son incapaz de tirame cara atrás ca bombona e oxíxeno desde a fora borda? Que non, que eu baixo ós poucos, hai que ser ben animal. Tiña que lle poñer fin a aqueles desvaríos, el estaba preparado de máis, fisicamente quero dicir, para que non lle pasase nada fixese as burredas que fixese; pero o problema non era ese, o problema era que o mesmo lle daba por facer puenting como por ir ensinarlle o cú o alcalde, e contra do que se poida pensar, isto último era bastante máis perigoso.

- E despois vou poñer un anuncio para un casting para modelos de roupa interior - dixo Salva razoando.

E era ben capaz.

Por distraelo insistinlle para que me contase dunha boa vez se algún dos seus contactos lle dixera algo sobre se alguén andaba na procura do famoso tesouro da lenda. Nese intre Carlos deixou o coqueteo con Sandra e virou a orella cara nós. Andrés, que estaba na barra falando cun dos avogados que levara o ricacho que denunciara a



Salva, tamén dou media volta para escoitar. Nese momento plantexei seriamente aprender a falar máis a modo. Tampouco tiña maior importancia, era un tema que sempre chamaba a atención, pero Salva que tiña enfilado a Andrés decatouse de que era máis que curiosidade por unha lenda.

Carlos ou se facía o tonto ou é que érao de vez, dicía que nunca oíra tal; Salva comezou a contar o que averiguara:

- Falei co cucho (un que coñecíamos nós e que por seguridade lle imos chamar así, por seguridade e por coincidencia) e díxome que non sabía nada, que serían as chorradas dalgún turista.

Fixo unha pausa e doulle un repaso a Andrés co reollo.

- Pero como sei de sobra que non che había parecer abondo fun onda fresquiña (outra que coñecemos nós e que por seguridade lle imos chamar así, por seguridade e por coincidencia), ela díxome que algo había, que disque lle dou a présa por algo que vai facer o Concello pronto.

Volviu facer unha pausa e doulle outro repaso a Andrés co reollo.

- Algo de urbanismo...

Andrés estaba o pobre tan estirado e retorcido sobre o círculo da cadeira que volcou e dou posto o pé no chan xusto a tempo para non estrelarse. Salva sorriu con malicia.

- ¿De urbanismo? - dixo Carlos emocionado - meu sogro

Sandra mirouno violenta, porque eran uns ollos dun verde impresionante que se chegan a ser dúas navallas queda no sitio.

## Capítulo 8. In Venus Veritas (Primeira parte)

- ¿Teu sogro? - preguntou Sandra con voz de ultratumba.
- Si - di Carlos con voz de neno bo e ton de "eu non quería".
- ¡Xa! - dixo ela taxante.
- ¿Teu sogro que? - preguntou Salva impaciente alleo a escena de celos e arrepentimento.
- Meu sogro é concellal de urbanismo - dixo Carlos.

Quedamos pamos, era a primeira vez que coñecíamos a un xenro dun concellal, polo menos eu. Salva preguntoulle se sabía da existencia dalgún plan para a zona catastrófica. Carlos dixo que non, pero que seu sogro non falaba moito deses temas na casa porque a súa exmuller, aí a Sandra apareceulle unha raiola de esperanza no mirar, é dicir a súa sogra, aí volviulle a Sandra a mala hostia, era concellala de Servicios Sociais e se se enteraba de que se adicaban cartos a Urbanismo e non a Servicios sociais tal como estaban as cousas, montáballe unha moción de censura.

- Pois espabila e sácalle o tema, hai que confirmar a información de Salva canto antes - dixo Sandra empregando vocabulario de colaboradora de programa de corazón.
- Muller, non sei se poderei... - dixo Carlos - ademais... ¿que é o que queredes saber?

Salva seguía controlando a Andrés que xa case estaba sentado á nosa mesa e como o vía interesado no tema deduciu que ía por bo camiño. Díxolle a Carlos que se enterase de se había ou non algunha actuación prevista na zona catastrófica. Carlos

prometiui que o intentaría e aínda que Sandra non se fiaba nada, Salva quedou convencido.

En realidade a Salva a confirmación de Carlos pouco lle importaba, sabía perfectamente que Fresquiña lle dera información de primeira e non necesitaba contraste ningún. De calquera xeito a confirmación xa lla dera Andrés ca súa reacción e porriba conseguira quitarlle da cabeza aquela obsesión súa co puenting.

Carlos marchou no seu espectacular coche e nós acompañamos a Sandra a súa casa porque estaba de mal xenio, nunha mañá coñecera ó príncipe azul, ó cabrón que lle rompera o corazón e o adúltero que a intentou seducir, e a pobre non estaba afeitada a tantas emocións xuntas. Deixámola fronte a televisión co bote de galletiñas saladas e unha botella de auga mineral da de baixa mineralización, tapada cunha manta e co mando na man. Comezaba o programa Nin glamour nin corazón, que era unha versión ácida de Corazón de Glamour.

Salva fíxome ir con el espiar a Andrés, xa me dirás onde o íamos pillar, había máis de dúas horas que o deixáramos agarrado á barra da cafetería para non caer do taburete co estirado que estaba enriba da nosa mesa. Pero Salva, que o coñecía moi ben, localizouno de seguido nun puticlub que tiña unha fonte de cores no cartel luminoso, eu vírao cantidade de veces ó pasar pola estrada, pero na vida me imaxinara parada nun coche no aparcamento e preparándome para entrar. Tampouco me imaxinara preguntándome se Salva era asíduo daquel tipo de establecementos porque non me parecía deses... bueno chegados a ese punto preferín pensar que non me interesaba o tema, aínda que lle seguín dando voltas un tempo e dábame como ganas de ir lavar as mans despois de tocalo. ¡Os tíos eran todos uns porcos, todos, sen excepción!

En canto viron a Salva viñeron cara el tres mozas en plan moi cariñoso e o estraño é que lles fixo

caso ¿e eu porque tiña na idea que a este lle gustaban os homes? ¡ai si! porque me dixo que era gai hai quince anos cando nos coñecemos. É que son todos uns porcos.

E mentres eu debatía sobre as inclinacións sexuais de Salva el ía cara un reservado da man das tres topmodels aquelas que non sei que facían nun antro coma aquel co tipo que tiñan; pero a vida eche así. E eu quedei soa plantada no medio e medio dun bar de carretera, dun local de alterne, dun antro de perdición rodeada de parellas cariñosas e viño barato, digo o de barato por darlle dramatismo á situación, que igual era caro, non é a miña intención desmerecer a bodega do puticlub nin nada.

- Señorita, creo que confudiu de local - dime unha voz de home na orella.
- Si, creo que si - dixen eu sen miralo, tratando de separarme porque me fan cóxegas cando me falan preto da orella e dame así como unha mezcla de grima e gustiño que non sei describir, e tampouco era momento de poñerse cachonda nun sitio como aquel que ata o día 10 non cobraba.
- Se quere acompañoa ata a saída - volviu dicir.

Eu tiña todos os pelos de punta e unhas ganas de refregar a orella para que parase aquela sensación.

- É que vin cun amigo - dixen - marchou por alí...
- Ben, non creo que agora lle faga moita falta a súa compañía - dixo.
- Pois eu non vou marchar sen el, o cabrón quedou cas chaves do coche, así que arreando

- dixen cabreada a vez que daba a volta para verlle dunha vez a cara ó impertinente aquel.

Non o debín facer, se me puxera mala falándome na orella, velo aínda foi peor, tiña pinta de polaco examante dunha pseudoactriz con título de científica. Creo que non babei, ou polo menos non conscientemente, pero as pupilas deberon dilatar todo o que dan de si.

- Daquela terá que tomar algo mentres agarda - dixo el.
- Pois véxoo difícil porque non teño nin un can ¿ti non me invitarías, e non? - preguntei mentres pensaba que era lóxico que cobraran por aquilo, era de máis para ser de balde.
- Non, señorita, non vai poder ser.
- Non se preocupe, está comigo - dixo Salva por fin - imos Xiana, téñoche unha festa preparada alí no reservado.

Librouse porque aínda estaba alucinada co cachimán da entrada que se non matábao, é que o mataba, mira que deixarme alí soa.

Levoume detrás dunha cortina de veludo granate que tratei de non tocar porque sabe deus quen se arrimou antes a ela e cando foi a última vez que a limparon. No reservado estaban as tres rapazas de antes todas animadas con cadansúa copa na man, mirei a Salva dicíndolle moi claramente que o homosexual era el non eu e a ver que coño pretendía que fixese, que xa sabía el que a min, probar, o xusto.

## Capítulo 9. In Venus Veritas (Segunda parte)

Mentres as rapazas facían festa entre elas Salva díxome cun aceno que sentase, que escoitase con atención e, sobre todo, en silencio; é dicir, empurroume para que tropezase e caese no sofá, dou golpes na orella co dedo índice e despois púxo ese mesmo dedo diante da boca. Púxenlle empeño e encollínme de ombreiros para dicirlle que non oía nada, visto que non podíamos falar. El asasinoume ca mirada e volviu a dar golpes co dedo índice na orella e despois no respaldo do sofá. Daquela fixen coma el, no de poñer a orella no respaldo do sofá, por moito noxo que me dera, non no dos golpes, que xa lle notaba algo vermello aquel lado da cara.

Por fin escoitaba algunha voz que non fose o alegre rebulir das compañeiras de reservado. Eran dous homes alterados, alterados de enfadados, non do outro, dadas as circunstancias convén aclarar este punto. En realidade eran o Concellal de urbanismo e máis Andrés.

- Ti saberás a quen lle contaches o que non tiñas que contar - dicía o concellal.
- Eu contei o que me interesou para obter o que nos convida ós dous, ou mellor dito ós tres; pero contei do que sabía, e eu non sabía nada de ningún plan de urbanismo... e el si - dixo Andrés á defensiva.
- Non hai tal plan ho, como cho teño que dicir, que non, o tal Salva tomouche o pelo, ti jodéchelo no xuízo e el vingouse - di o concellal disimulando.
- Xa - di Andrés sen moito convencemento.

Botaron un bo anaco discutindo sobre "o que non me dis e sabes" e "o que sabes e non me dis"; despois, para a miña sorpresa, saíu o nome de

Ramón, mirei a Salva para que lle quedase claro que me decatara de que o chimpo de Paco na cadeira si tiña algún significado.

Unhas cuantas botellas de viño máis tade, que xa lle aclarei a Salva que as ía pagar el, porque eu non me ía empeñar:

- Polo meu xenro non te preocupes, non lle da para máis, está máis concentrado en que non o quite do testamento que en saber a que ando, xa lle direi calquera cousa e polo que lle convén haino ir crendo. Polos outros ti verás ¿non eran os que che interesaban para o traballo? - dixo o Concellal.

- Si, si - dixo Andrés simulando conformismo.

Nese momento o concellal erguiuse e cun "ata máis ver" marchou. Andrés non se moviu, ou fixérao en silencio e non o escoitáramos. De súpeto:

- ¿Que pasa? - Andrés falando con alguén - temos que falar daquelo que vos contei, aquí hai algo que non me cadra.

Silencio.

- Non, non, xa vos decía que me estrañaba que o quixesen xusto agora ¿porque agora e non antes?¿que?

Silencio.

- Bueno pois se non cho dixen dígocho agora, que aínda estamos a tempo - berrou Andrés, parecía enfadado.

Silencio.

- Estou aquí no Venus, vinde - di Andrés

Silencio.

- ¿Como que onde está?

Consoloume saber que Ramón non soubese do antro aquel porque me dou na alma que falaba con el.

- A ver hostia, é o da fonte - di Andrés

Silencio.

- Ha, ha, ha - ri Andrés - ese, ese, xa me parecía raro que che esquecese.

É que non hai un que se salve, porcos, todos, todos, todos.

Salva mirou as botellas baldeiras enriba da mesa e díxome que tiñamos que marchar. Respondinlle que nastideplasti, que pagase e se non que non entrase, que era un agarrado. Non me puxo moi boa cara, pero tampouco insistiu demasiado. As trillizas seguían ó seu, e mentres agardábamos Salva achegouse a elas e non quixen mirar non fose que me gustase e aló fosen os meus ríxidos, sólidos e delimitados esquemas sexuais.

Non tardaron moito, igual uns quince minutos. Sentaron entre risas e comentarios chorras do tipo de "á de vermello poñíaa eu mirando..." e máis cousas finas polo estilo. Cando se tranquilizaron puxéronse ó tema, o tema do tesouro non o tema propiamente dito. Ramón díxolle a Andrés que era lóxico que o Concellal lle ocultase os verdadeiros motivos, todos o facían, pero que de calquera xeito a eles íalles dar o mesmo, fose polo que fose, nós íamos facer o traballo e eles ían sacar tallada. Tamén lle dixo que daba igual que Salva e máis eu soubésemos máis ou menos, que íamos facer o traballo igual e eles ían sacar tallada. E tamén, si tamén, lle dixo que daba igual que o xenro-avogado-niñobien investigase o que quixera porque nós íamos facer o traballo e eles ían sacar tallada.



- ¿Pódese saber porque estás tan seguro de que Xiana o vai facer? - preguntou Andrés nervioso.
- Porque a coñezo, non pode loitar contra os seus instintos e se sabe que ademais de sacar pasta vai joder ós do Concello haino facer máis encantada.
- Pero non os vai joder, vailles axudar - di Paco.
- ¿Como que axudalos? - pregunta Ramón.

Paco explicoulles que se o Concellal quería recuperar o tesouro e eu o recuperaba o que facía era axudarlle non estorbalo.

Fíxose un silencio.

- Paco, mira vai aí fóra buscar unhas mozas - dixo Ramón.

Porco, máis que porco.

Paco erguiuse e marchou. Ramón díxolle a Andrés que non se preocupara que xa se encargaba el de convencerme no suposto caso de que me botase atrás, cousa que el dubidaba. Pero non o dixo como volo estou contando, díxoo con esa voz que poñen os homes cando o teñen todo controlado ¿sabedes? cando unha se derrete cunha palabra súa e non ve máis que polos seus ollos. Salva miraba ó chan.

O trío calavera recibiu con risas e brindis ás rapazas de compañía. E como parecía que o tema do tesouro quedara zanzado díxenlle a Salva que despedise ás nosas acompañantes e que fose pagando. Eu quedara de pé no vestíbulo, onde o supermachoman me viñera facer cóxegas na orella, a ver se volvía ter sorte porque naquel momento facíame moita falta. Pero non a tiven, o único que tiven foi un baixón pensando no que fixera mal para que aquel amor do pasado non só me quixera

utilizar para que lle fixese un traballo de dubidosa legalidade, senón que me quixera roubar e porriba fose un noxento sen pinga de sentimentos, eu que soñaba cun príncipe azul, deses que teñen nomes bonitos como Caspian.

Nos escasos metros que separaban a porta do Venus do coche de Salva botei mil e un xuramentos, Salva non dicía nada, aínda que estou segura de que prefería que baixase o volume porque lle ía dando as mans para abaixo.

- Pois que lle dean polo cú - dixen por último
- ¿queren que saque o tesouro?¿queren? pois vouno sacar, e tanto que o vou sacar, e ti vasmе axudar; pero estes han quedar con dous palmos de narices, que pensan que lles vou dar todo o que haxa, do cuarto nin a metade, que non saben quen son eu.

E conforme imaxinaba a miña vinganza ía berrando máis e cando estábamos dentro do coche doume por mirar para o coche do lado e vin a Paco mirándome. Quedeí branca e Salva díxome un "xa che avisei pero ti nin caso" con voz de sabichón.

Chegados a ese punto non me quedou máis opción.

## Capítulo 10. Sen glamour pero con corazón

Tratou de disimular facendo que durmía, a boas horas mangas verdes, pero non pasou por vez, dei un par de golpes na ventanilla e aínda que se resistiu acabou por abrila.

- Ola Xiana ¿que tal? - dixo facendo que espabilaba.

Dixenlle que baixase do coche que tiñamos que falar con el e baixou con reticencias; pero baixou. Díxonos que non sabía máis que o que eu lles contara e o que supoñía que xa escoitáramos no Venus. Non llo cremos de todo, polo menos eu, Salva quedou convencido cando lle dixo que aquilo fora o que lles contara Andrés porque ben sabía que Andrés só contaba o que era estrictamente necesario e a ser posible só o que lle convida a el, e sobre todo que omitía todo o que poidese perxudicar ós demais. Non sabía se Paco era tan inocente como parecía, pero ben merecía un pouco de confianza da miña parte, despois de todo era o único ó que podía excluír oficialmente da categoría de porco.

Cando chegamos ó portal de Sandra, Paco dubidou se subir, sabía que non era a miña casa e o portal tiña bastante mala pinta. Pero non lle demos tempo a fuxir, entramos ca nosa chave porque Sandra aínda había estar no sofá, o programa Nin glamour nin corazón duraba unhas cinco ou seis horas. Salva foi a cociña e Paco e máis eu entramos na sala. Efectivamente Sandra estaba atenta á pantalla, só desviou un momento a mirada cara nós mentres anunciaban os politonos; pero a voz en off anunciando os contidos da seguinte hora volviuna cautivar.

Paco quedou de pé uns segundos e despois sentou de súpeto; si, foi naquel momento cando volviu sentir a sensación de mareo da primeira vez que tivo o mar baixo os pés. Salva chegou cunhas patacas

fritidas e cunhas roscas e hipnotizados quedamos mirando para o programa, sen falar... bueno Paco miraba a Sandra.

No plató estaban todos e todas as colaboradoras; Aría Canciño, que era a nosa favorita, conseguía unha entrevista en exclusiva ca Marquesa de Ripipí. A marquesa non era moi dada as entrevistas nin ós platós e aquela entrevista era un bombazo. A repentina cancelación da boda do fillo da marquesa desatara os rumores dunha infidelidade por parte da prometida e o posterior enfado da marquesa. Aquela noite íannos aclarar todas as dúbidas, ían disipar todos os rumores, ían poñer as cartas sobre a mesa. A Marquesa de Ripipí contábao todo, todo.

Antes de dar paso a entrevista facían o debate de sempre onde Aría Canciño ía dando pequenas pinceladas do que se nos viña enriba e o resto trataba de dar os seus argumentos a favor dun ou doutra. Sandra e máis eu estábamos a favor da prometida, o da infidelidade era unha trampa da marquesa, segurísimo. Salva dicía que o que pasaba era que a marquesa uliu o pastel e decidiu tomar cartas no asunto antes de que quedase ca metade da súa fortuna, que era a polo que ía a lurpia esa. Paco non tomaba partido porque, no fondo, pensaba igual que Salva, pero non quería levarlle a contraria a Sandra.

O repoteiro gráfico Artur Salmos asegurou que había unhas fotos da infiel circulando polas redaccións das principais revistas do país. Aría Canciño dixo que a marquesa falara abertamente sobre o tema das fotos e disque non existían. Artur dixo que iso era o que lle conviña dicir porque non quería que o seu fillo quedase coma un cornudo. Charo Fermín dixo que ela era amiga personal de Rosalía, que así se chamaba a prometida do fillo da marquesa e que era unha moza moi seria, cos seus masters e un traballo nun consello de administración e que estaba namoradísima do fillo da marquesa. Vismi González

suxeriu que igual o trambaina era o herdeiro, e tamén asegurou que había unhas fotos circulando polas principais redaccións das principais revistas do mundo rosa do país e parte do estranxeiro.

Aí o presentador parou o debate e dou paso a entrevista. A verdade é que foi unha gran decepción. Si que falou da cancelación da boda, dixo que iso era cousa dos contraentes e que ela non era quen para opinar, e iso que Aría lle fixo a pregunta de mil e unha maneiras; aínda Paco dixo que con xente así nos interrogatorios non se lles había escorregar ninguén. Do que si falou foi da suposta trampa á súa futura nora. Dixo que endexamáis dos xamáis lle faría iso a ninguén, que a quería coma unha filla e que era unha rapaza boísima, moi traballadora, dunha familia moi boa. Sandra e máis eu mirábamonos léndonos o pensamento: a marquesa era dun falso... Cando lle preguntou pola conducta disipada do seu fillo tratou de xustificalo dicindo que facía o que facían os mozos da súa idade, que era moi novo, que quería vivir a vida. Delatouse, non quería que o seu fillo se casase, que non, que se lle notaba ben. Aría insistiu no tema das fotos, e ela asegurou que non había tales fotos, que o aseguraba.

Despois da entrevista o debate foi do máis encendido, na tele e na casa. Notei que a marquesa pagara para retirar as fotos do seu fillo e pagara tamén para difundir as de Rosalía. Sandra estaba segura deste último, pero dicía que de haber fotos do seu fillo non lle importaría que se publicasen porque ela era así como moi liberal e ademais favorecía á causa do "non casamento". Paco dicía que a nora o preparara todo para desfacerse do marquesito despois da voda; pero que por algún motivo extraño se lle adiantaran as cousas. Salva dicía que a tal Rosalía era unha lurpia de coidado con ganas de ser famosa e que lle daba igual casar ou non casar con tal de sair na tele, que xa

escoitara que lle ofreceran un programa nese canal  
no que lle pagan as guapas por figurar.

## Capítulo 11. Tres son multitude, catro son a hostia

- ¿Que Paco? ¿úneste a nós? - preguntei no intermedio.

Paco miroume sorprendido, Salva miroume asustado e Sandra mirou a Paco coma se por primeira vez se decatase de que estaba alí. Paco non soupo que dicir, tampouco lle dei tempo, respondín á miña propia pregunta dicindo que si e naquel mesmo momento decidín que xa era hora de pasar a acción.

- ¿Que imos? - dixen.
- ¿Agora? - dixo Paco.
- ¿Agora? - dixo Salva.
- ¿Agora? - dixo Sandra.

Paco dicíao porque non lle daba tempo a avisar a Ramón, Salva porque non lle daba tempo a ir polo equipo a súa casa e Sandra dicíao porque aínda faltaba a última hora de Nin glamour nin corazón.

- Non, cando remate - dixen sinalando á televisión.

Sandra respirou aliviada, Salva fixo un ademán de erguerse pero non lle deixei, díxenlle que só ía baixar eu, que el tiña que quedar vixiando arriba con Sandra e con Paco. Incluín a Paco no plan porque me parecía boa xente, non o tipo de boa xente que se sinte agradecida por incluíla no grupo e non che da unha puñada polas costas; non, desa clase de boa xente non, senón da que é boa pero que hai que ter vixiada por se lle da por ser leal ós seus amigos. Paco erguiuse e foi mirar pola fiestra, no reflexo vin que tiña o móbil na man. Tampouco importaba, se falaba con Ramón, supoñendo que saíra do Venus, non había ter moita

enerxía para vir de madrugada a un fondo submarino.

Pasada a publicidade o último tempo do programa deparaou poucas sorpresas, unha actriz porno e unha vella gloria da Revista. Podía ser un friqui e un cantante dos de antes, un actor porno e unha viuva esquecida... E aínda non remataran os títulos de crédito cando os puxen en marcha, que para iso estaba ó mando. Sandra veu sen rechistar, creo que para esquecer, porque a ela o da nocturnidade e alevosía nunca lle chamou; Paco viña porque viña Sandra e porque en algo quedara cos outros, ou iso sospeitaba; e Salva por ver como remataba todo, total pouco tiña que perder.

De camiño, Paco non facía máis que preguntar onde estábamos, cada vez con voz de máis asustado. Era de entender, pero nos mirábamonos e ríamos para adentro. Era de entender porque a cidade de noite está completamente a escuras, na zona cero quero dicir, a pouca luz que hai son liñas que recuperamos, que enganchamos a rede eléctrica sen, obviamente, autorización ningunha; aínda que nós xa case andábamos sen ver. De todas maneiras aquela noite había lúa chea. Si, efectivamente ese era o motivo polo que me lanzara tan impetuosa á aventura.

Tivemos que pasar pola miña casa para recoller o traxe, a auga aínda está máis fría de noite e meterse sen neopreno non é recomendable, polo menos eu non o faría. Conforme baixábamos pola antiga Avenida Finisterre a escuridade facíase máis patente e Paco apareceu abrazado a Sandra sen pretendelo, ó mellor inconscientemente si, pero Sandra tomoullo polo lado inocente. De momento viuno como tal, coma un ser inocente que se estaba iniciando do mundo da noite, no de verdade non nese das luces de neón que confunden.

A marea estaba alta, chegaba ata a porta do Hiltom. Díxenlles que agardasen alí, tiña que ir pola lancha, unha desas embarcacións que non



tiñamos, porque unha ordenanza municipal as declaraba ilegais na zona cero. Cada quen tiña o seu agocho e ninguén sabía do resto, máis por precaución que por desconfianza. A miña agachábaa no edificio do Cine París, estaba no mesmo centro, e ninguén se achegaba por alí sen lancha, había que nadar un bo anaco e saber por onde, os escombros facían un chan máis perigoso que as areas movedizas. Era un edificio pequeno que aguantaba moi ben as embestidas do mar e tiña pisos superiores onde podía gardar as bombonas e algunha cousa máis en caso de emerxencia.

A cidade estaba en silencio, imaxinei que estarían pescando, pero da pesca de verdade, da que se come. Ca lúa chea, de vran, a maioría aproveitaban para iso ou para montar festas, ós turistas gustáballes a clandestinidade e deixaban moitos cartos, aínda que tampouco era unha cousa sabida, o que menos lles interesaba era que se soubese, non porque se presentase a policía senón porque os establecementos legais poñíanse moi serios cando se lles quitaba demasiada clientela. Non era o caso, ca marea chea pouca xente podía ser. De calquera xeito na zona non había movemento. Puxen a andar a lancha, preocupoume que me quedasen só tres bidóns de combustible, despistárame, como a cousa durase moito aínda habíamos ter que remar.

Pilleinos de sopresa, a Paco salvouno estar agarrado do brazo de Sandra, Salva falaba polo móbil. Paco miraba cara atrás decote, mentres Sandra e máis Salva subían. Pareciu dubidar, pero subiu. Despois, cando se viu entre os escombros e a sombra dos edificios coas columnas nús e os cristais en anacos era a única paixase quedoulle a cara que se nos puxo a todas a primeira vez que nos enfrontábamos a aquela paisaxe, entre estremecida e emocionada. Eu lembro que sentín unha especie de respecto por aqueles edificios que se negaban a devolverlle o seu sitio ó mar, que quedaron alí de pé para que os vísemos, non para que os cambiásemos por uns novos, senón para que os quixéramos cos seus defectos.

O edificio da Caixa Universal era fácil de atopar, tiña no tellado unha bola do mundo de metal plateado que brillaba coa lúa coma a dunha disco retro. Metémonos no interior ata chegar as escaleiras, parei o motor, Salva baixou da lancha e atouna ó pé, mellor dito á perna, da figura dun romano de imitación medio en bolas que tiñan como suposta decoración de bo gusto na sede da famosa entidade. Baixou Paco e despois Sandra que me axudou coas bombonas de osíxeno. Puxen o equipo e comecei a baixar polas escaleiras. Nas gafas tiña un walkie co que falaba con Salva, era raro que pasase algo, pero tampouco quería morrer alí. Trouxera unha bombona a maiores, aínda que esperaba non precisala. Escoitei que Paco lle preguntaba a Sandra pola cobertura.

- ¿Cobertura? ¿Aquí? - preguntou Sandra, sen decatarse de que falaba con alguén de fóra - non, aquí non hai, non poden, é a zona cero, non é legal, as operadoras teñen que deixar libre esta zona senón perden a licencia.

A voz de Sandra soaba cada vez con máis eco ata que a deixei de escoitar. A lanterna ía ensinándome o famoso soto da Caixa Universal e, contra do que poidades pensar, o corazón latexaba con forza, emocionado, ¿e se a lenda resultaba certa?

## Capítulo 12. No fondo. Primeiro intento

A auga estaba fría e por moito empeño que puxen en pensar que non había mounstruos mariños nin cadáveres con bloques de cemento nos pés, acabei pensándoo. Aínda así seguín cara adiante, mellor dito seguín cara abaixo. A escaleira enroscábase na profundidade, pero apareceu ante min un descanso de decoración exquisita que daba entrada a unha habitación, unha estancia tan espectacular que me pareciu digna de atención. Supuxen que era a sala de espera da caixa forte por ser un salón antigo, con clase, feito a medida para que a xente con cartos se sentise cómoda deixando alí a súa riqueza de escura procedencia.

Contra a parede había unha mesa de castaño de patas gordas e caixóns con incrustacións de marfil, e tiven sorte de dar razoado que a lancha non podía con ela porque de súpeto comezou a parecerme máis interesante que a dichosa lenda do tesouro. Encaixada entre a mesa e a parede había unha silla tamén de madeira maciza e sen aparente desperfecto. Por moito que baixase sempre me asombraba atopar unha escena coma aquela, case intacta, conservada, agardando, era emocionante, facíame sentir benvida. Nadei por toda a estancia buscando a porta da caixa, pero desde logo non estaba alí. Xa me estaba cheirando que a lenda era unha fraude. Saín do salón e seguín escaleiras abaixo.

Abaixo todo era hormigón visto, algún peixe veu cara a luz, un doume un bocado no pe que case me deixa no sitio, non pola dor, senón polo susto. Non sei canto baixei, o indicador da bombona estaba pola metade, pero a escaleira seguía e non había nada máis que escaleiras e peixes. Non quería mirar arriba porque me estaba arrependindo. Por fin a baixada foise facendo máis ancha e a escaleira rematou nunha estancia ampla, recuberta dun metal brillante, aceiro posiblemente. Dei unha volta a redor, a modo, esperando atopar a porta da

caixa, ou non atopala, quen sabe, as veces é mellor que as lendas sigan sendo lendas e evitar a decepción. Non a vin, a estancia era circular e continua, non había a roda que parece un timón que se ve nas películas, tampouco a rodiña pequena con números e raias ó redor. Tiven que facer a ronda máis a modo e máis preto para descubrir onde estaba a porta, porque tiña que haber unha porta, non podía ser que agora que estaba alí, agora que por fin crera na famosa lenda, agora que me convenceran, non houbese tal.

Quitei a luba da man dereita para ir tocando a superficie, non debía facelo, o ulido da pel atraía os pequenos descendentes de Gastón, nunca souben de ninguén que resultase ferido por estes bichos, pero cando me cadrou de atopar algún de fronte cagueime de medo en canto lle vin aqueles dentes afiados. Non sei porque o facían, porque nin se achegaban para morderme, nin tiñan comida derredor, pero sempre abrían a boca cando os atopaba de fronte, sería coma a tinta das luras, para espantar. E ese era o obxectivo conseguíano de vez.

Subín e baixei pola parede varias veces ata que atopei a fenda, estaba xusto enfrente da baixada das escaleiras, non a notei ó apalpar, foi cando me alonxei e a luz se reflectiu en dúas cores, o metal tiña os brillos dun lado para arriba e doutro para abaixo. Non me explico como non o vin de primeiras. Chegados a ese punto golpeei dun lado e do outro, pouca forza podía facer porque a presión era bastante e custábame moverme, o empeño ía cara atopar a maneira de abrir a comporta, se é que a había, tamén tería chiste que estivese dándome de hostias contra unha simple parede. Mirei dun lado para outro de novo, por algunha parte tería que haber un botón, ou unha palanca, ou algo; claro que tamén quedaba a opción de que se abrise cunha chave ou mando a distancia.

- Sube. Repito. Sube - berraba Salva na orella
- ¡Sube xa!

- Xa vou, un momento - dixen.

- Un momento non ¡Sube xa! - ordeou.

Non tiveron máis remedio que facerlle caso, parecía que o dicía en serio, pero marchaba con certa sensación de fracaso e dándolle voltas a sala de aceiro, repasando mentalmente toda a estancia. De súpeto vino, vino claro, tiña que estar no pasamáns, nalgures. Volvín baixar. O pasamáns era unha barra de aceiro, espetada na parede coa separación suficiente para que unha se poidese agarrar en condicións, non había adornos e cando cheguei abaixo de todo, ó remate, pensei que só se me ocorrían tonterías.

- ¡Sube hostia! - berraba Salva.

Dei volta para subir, todo quedou a escuras, en silencio, en paz.

- ¿Onde estás? - berraba Salva ó lonxe -  
¡Sube, coño!

Podía escoitar as pequenas correntes de auga esquivando os caprichos dun arquitecto pouco previsor.

- ¡Sube dunha puta vez! - dixo Salva perturbando aquel momento de paz - ¡Sube polo que máis queiras! - dicía desesperado.

A súa desesperación quebrou a paz que estaba sentindo, paseniño, ca lanterna funme abrindo paso.

- Vou baixar, pasoulle algo - falaba Salva desesperado.

Seguín subindo, non entendía a desesperación de Salva, pero tampouco me decatei de tranquilizalo.

- ¡Coño Sandra, apura ca puta botella! - dicía Salva.

Xa o podía ver, desde abaixo parecía aínda máis histérico que na superficie. Doume a risa. Saín da auga e arrimeime a lancha. Vin que Paco se achegaba con urxencia e que Salva o seguía ca mirada ata min, puxo unha cara de desesperación que non entendín, igual pasara algo mentres estivera abaixo. Botaronme unha man e sacáronme da auga, de novo volvíñ a sentir a paz aquela do fondo.

### Capítulo 13. Paz interior

- Benvida Xiana - dixo Xavier Carimbano - é un pracer terte con nós esta noite.

Eu sentei, a verdade é que estaba algo nerviosa, o público aplaudía con agarimo e o momento de ver en persoa a Xavier Carimbano foi moi emocionante. A Charo coñecéraa uns meses antes nunha cea benéfica a que me convidara Rosalía Cundíns e na que me presentou por fin ó seu marido. Non é que tivera moito apuro por coñecelo nin que se me fose a vida no tema; pero tíñalle prometido a Sandra unha foto do espécime en canto lle dixen que coñecera a Rosalía.

A Aría coñecéraa na boda de Cuquita, non me cadrara de sentarme preto dela; pero a hora da música e das copas de madrugada acabou saudando a todo o mundo, facendo gala do seu xenio e simpatía. Máis complicada é a relación con Artur e Vismi, non é que me estorben, pero telos detrás todo o día as veces éncheme. Nunca cheguei ó extremo de montarlles un número, nin a eles nin as que me agardan co micro na man a saída da casa; pero as veces dábame gana de botar de menos aqueles tempos nos que podía saír ca legaña e a mala hostia.

Cando o rexedor mandou sentar ó público e a música parou, mirei a Xavier e el mirábame co seu sorriso irresistible e medio me puxo tontita. Pero non me dou moito tempo, volviu dicirme que me daba a benvida, que era un pracer e que me agradecía moito o estar alí. A verdade é que fun porque Sandra me metaba se lles dicía que non, pero ben sabía que me ían dar caña a máis non poder; pero é que a Sandra dáballe algo, non paraba de dicirme que a min que máis me tiña, que non me ían quitar nada, que era unha morea de cartos para limpar a miña imaxe doándooalla a unha ong e quedando divinísima. E despois dun mes así todos os días, todas as horas, todos os segundos, que aínda

estando co mozo me chamaba para insistir no tema, tanto que o tiven que chamar a ver se a entretiña en condicións que xa lle valía. Total que estaba cagadiña de medo.

O primeiro foi poñer o vídeo resume coas novidades dos tres últimos meses, en realidade foi aí cando realmente se comezou a falar de min, a saír nas fotos, antes seguíanme porque aparecín nas festas así como da nada e suscitei algo de curiosidade. Creo que ese foi o meu gran erro, porque me dei a notar moito, porque me dei a notar moito con mozos moi guapos, e porque me dei a notar moito con mozos moi guapos e moi famosos, e porque me dei a notar moito con mozos moi guapos e moi famosos en sitios moi coñecidos e moi frecuentados por moitos famosos que son seguidos por moitos xornalistas. Pero non foi buscado, saíume así, unha cousa levou á outra e ó final...

O máis duro foi ver como o metían no cárcere, nunca pensei tal, Paco tampouco, de feito foi el quen me chamou para darme a nova; porén, e mentres o vía entrando escoltado pola garda, sorprendíume que me dera pena; porque o tiña ben merecido. Aría debíamo notar porque foi o primeiro que me espetou.

- Mentres víamos as imaxes fixeime en que houbo un determinado momento no que asomou no teu rostro a pantasma do remorso ¿é realmente así? ¿por que desapareciu acto seguido?

A mellor forma de enfocar aquilo era ca verdade, porque sabe diós que máis ases tiñan na manga e preferíaos ter de boas que enfrontarme a eles. Así que conteilles todo, todo e todo.

- Ramón é un antigo mozo, non hai remorsos, éramos moi novos cando saímos e a verade é que perdemos o contacto hai tempo; souben da



súa detención por un amigo común e sentino moito, porque é moi boa xente.

Aí mentín un pouco, sabía de sobra que o de boa xente se limitaba a que no fondo non cometía delitos de sangue, nunca agredira a ninguén con ou sen motivo e que tampouco era cruel nin se aproveitaba da xente cando esta estaba en desvantaxe; pero ser, era un porco e sempre o fora. O que pasa é que no fondo aínda había algo.

- Sinto velo nesa situación. Que a min se me relacione co delito que se lle imputa é secundario e sen fundamento legal que o sustente.

Aría sorriu con malicia, Charo cambiou de postura e puxo mala cara e Vismi partíase. Artur interrompeume e díxome que si que había fundamento, de feito chegaranlle informacións moi fiables sobre o tema. Eu argumentei que mentres esas informacións non sexan estimadas oportunas por un xuíz non teñen validez legal e son meras especulacións. Charo alterouse máis.

Aría preguntoume pola orixe da miña fortuna porque en escasos dous anos fixérame un oco na high society e sen deitarme, de primeiras, cun famoso. Eu aclareille con gusto que fixen unhas inversións acertadas cando repuntaba a economía do país e que non fora a única, despois dediqueime a disfrutar da fortuna, xa que entendía que para iso eran os cartos, e máis si, para podreecer nun banco non os tiña. Charo revolvíase.

- ¿E de onde obtiveches os cartos para esas inversións? - preguntou Charo.
- Dunha herdanza - dixeron cunha tranquilidade pasmosa.

Aí Charo xa non aguantou. Apelou a nosa amizade, as tardes compartidas na casa de Rosalía e pedíume que fora sincera.

- ¿Existiu realmente tal herdanza? Porque en Facenda non saben dela.

Díxenlle que si existía aínda que non fora unha herdanza no sentido estricto da palabra, que non me gustaba moito falar diso porque proviña dunha persoa que obtivera unha indemnización do seguro polo do maremoto e que realmente non perdera o ben asegurado, e que foi ese ben o que me transmitiu unha vez faleciu. E non mentía, a Caixa Universal non declarara a perda dos cartos do tesouro, que a culpa foi deles. Tamén dixen que eu si declarara ese ben, e que Facenda nunca me preguntara de onde o sacara, e se non o fixera sería porque lle interesaba máis o que recadaba que a procedencia lícita ou non dos meus ingresos. Charo pareceu calmarse, coma se ca miña resposta conseguira demostrar os seus argumentos e non quedar mal co programa.

Pero Vismi tiña máis ases na manga e preguntoume se esa persoa favorecera a máis persoas con esa xenerosidade porque Ramón alegara na súa defensa algo moi parecido. Respondín que sobre iso non podía dicir nada, pero que podía ser porque co maremoto saíu a luz moita economía sumerxida e había que darlle saída.

- ¿E esa persoa tan xenerosa podería ter un alto cargo nunha entidade bancaria? - preguntou Vismi con sorna.

Aclareille entre risas que no meu caso non e que non coñecía a ningún alto cargo de entidade bancaria algunha que fose xeneroso en ningunha medida. O público aplaudiu entre risas. O presentador sorría encantador.

- ¿E no caso de Ramón? - volviu preguntar Vismi, tamén sorrindo.

Volví dicir que non coñecía os pormenores do caso. E era verdade, non conseguía que ninguén me

contase como dun día para outro aparecera Ramón detido acusado do roubo do tesouro segredo da Caixa Universal. É que non me cabía na cabeza como a Caixa chegara a denunciálo e como Ramón chegou a inculparse, ou admitir que o inculparan. Xa perdera o contacto con Alberto e Salva estaba de viaxe polo mundo, e desde que cambiara a súa residencia para o Caribe só falábamos das súas viaxes e da paz interior. Foi coma un pacto tácito, non volvemos falar daquel día. Sandra foi a máis discreta de todos, seguiu vivindo coma sempre e parecía disfrutar máis das aventuras de Salva e das miñas que cos cartos que tiña, era feliz e punto.

- Pero hai probas de que por aquela época mantiñades unha relación - dixo Artur.
- Se hai probas pronto me chamarán a declarar, de momento non as deben ter tan claras coma ti.
- Tamén hai probas de que ti te adicabas a rescatar bens sumerxidos despois do maremoto - Artur.
- Non, non creo que as haxa, haberá comentarios coma de tanta outra xente, e aínda que así fose, o rescate non implica delito algún.
- Non vexo que negues taxantemente as acusacións do meu compañeiro - dixo Aría - por algo será.

E aí a cousa púxose máis crua, porque me puxen nerviosa, porque eles se decataron e porque comezaron a sacar declaracións de...

- ¿Que pasou?
- Nada, xa está, desmaíouse, deixádelle coller aire, xa está.

- ¿Está morta?
- ¿Pero que dis, estás tonto?

## Capítulo 14. Tomando un respiro

Notándome en terra firme respirei e espertei do sono, Paco andaba histérico dun lado a outro, Sandra estaba ó meu carón e Salva revisando o equipo. Despois duns minutos sentíame nova, completamente despexada, coma se me erguese dunha boa siesta. Salva estaba tenso, notábaselle na cara o debate entre o alivio por me encontrares ben e as ganas de partirme a cara por non subir cando me mandara. Sandra estaba tan tranquila, coma se soubera de sobra que non ía pasar nada, agradechino porque a verdade é que estaba moi relaxada e non entendía o histerismo de Salva. O de Paco xa nin tiña nome, contoume Sandra que estaba eléctrico por ver como explicaba o andar involucrado nunha morte.

Cando os dous se tranquilizaron Sandra preguntoume que había alí abaixo, se vira a famosa caixa, se conseguira abrila.

- ¿Ti ves os feixes de cartos? - dixo Salva histérico de novo.

Sandra mirouno mal e díxolle que se tranquilizara dunha vez, que parecía "unha histérica" palabras textuais. Salva calou porque sabía que Sandra só se expresaba neses termos politicamente incorrectos chegando ó punto de comezo de cabreo.

Conteilles o que vira. E como da caixa non vira moito recreeime no da mesa e a cadeira perfectas, ata que Salva suspirou con demasiada enerxía e decidín que era hora de ir ó gran. Describínlles o mellor que puideron o que vira no último piso e descubrín a decepción nas súas caras. Paco preguntoume se estaba segura de non atopar ningún botón, Salva tiña a teoría de que se abría cunha tarxeta, que tiña que haber algún teclado por algures. Sandra, que sorprendetemente esta moi implicada na historia, dixo que unha vez estivera na Caixa Universal nunhas conferencias sobre a

televisión nos nosos días, nos de cando foran as conferencias claro, e contounos que para entrar, o persoal, arrimaba o pase a un lado da porta que non tiña nada pero a porta abríase, disque era un edificio intelixente. E pese a que as dúas históricas riron dela, eu, tal como o vira alí en baixo pensei que era a explicación máis razoable.

Paco suxeriu que podía volver baixar, que aínda quedaba unha botella de oxíxeno. Tanto Salva coma min mirámolo mal, había baixar el, estes de secano pensan que é coma meterse na bañeira un domingo pola tarde.

Leveinos á beira, a marea comezaba a baixar, despois fun poñer o material a cuberto e volvíñ nadando. Cando cheguei onda eles estaba amecendo e viñeran recibírnos Alberto e máis Ramón, traían cara de alcohol e fume; pero estaban moi serios. Ninguén falaba. Non os saudei, imaxinei que os chamara Paco en canto puxo os pés na terra e atopara cobertura. Ramón mirábame esperando que lle dixera algo, parecía molesto porque non sorprenderme de velo alí, ou igual estaba molesto por estar alí sen avisalo. De calquera xeito non me dixo nada e eu tampouco lle dixen nada; quitei o traxe de neopreno, collín as miñas cousas e díxenlles a Sandra e a Salva que marchaba. Viñeron comigo, de camiño a casa non falamos, estábamos cansas, eran preto das seis, ía sendo hora de recollese.

Serían as doce do mediodía e que conste que me erguín única e exclusivamente porque acababa de cargar o móbil e aínda lle quedaba moita batería. Era Ramón, preguntoume se podía vir pola miña casa, díxenlle que non, que quedábase na tasca das tendas centrais. Tomeino con calma, díxerlle que nos víamos en media hora, pero total a marea non baixaba ata a tarde, así que non podíamos pasar ata as dúas polo menos, igual llo debera aclarar, pero a culpa foi súa por chamarme a semellantes horas.

Cando cheguei sorprendiume atopalo aínda alí, non parecía enfadado, ou estaba disimulando para pillarme de sorpresa ou estaba disimulando porque pensaba que lle tomara o pelo e non quería que me decatase que caera na trampa, non lle preguntei porque tiña moi mala hostia cando se enfadaba e tampouco era de maior interese despertarlle. Espetoumo sen case deixarme sentar:

- ¿Que é iso de que non había porta?

Pois non, non había, respondinlle. El colliu aire como para encherse de paciencia e dou un golpe na mesa.

- ¿Daquela que carallo había?

Cando lle expliquei o que vira díxome que me enganara, que non podía ser ese o soto, que tiña que haber outra entrada, que xa estaba baixando e facéndoo ben dunha vez. A verdade é que me sorprendeu, non só o seu enérxico ánimo, senón que me estivese dando ordes. El notoumo e díxome tan ancho como el era que Paco lle contara que nós xa o sabíamos, que sabíamos todo, que para que se ía molestar en disimular daquela, que, por certo, no Venus o pasara moi ben, e que esperaba que eu tamén ¡Que dúas hostias lle daba! Tomei exemplo del e disimulei coma unha puta, ou mellor dito, coma o fillo dunha.

Non lle contei a teoría de Sandra, a que me parecía máis acertada, e seguinlle a corrente co de volver baixar; pero deixeielle caer que por moi triste que lle parecera non o podería facer ata o mes seguinte, ata que cobrara, porque estaba sen un can e non tiña para outra bombona de osíxeno. Faltoulle tempo para sacar a carteira e darme cartos. Non me facían falta, podía conseguir botellas cantas quixera e case gratis; pero por se non había tal tesouro quería ir facendo a miña propia caixa.

E mentres gardaba os cartos pensaba en se un edificio intelixente abandonado e medio asulagado seguiría sendo igual de intelixente.



## Capítulo 15. Intelixencia artificial, intelixencia natural

¿E se sigue sendo intelixente, onde poderíamos conseguir unha tarxeta? ¿E se conseguísemos unha tarxeta valería para a antiga central ou xa cambiarían os códigos?

- ¿Que se son dabondo! - dixo Ramón bastante alto.
- ¿Como? - preguntei.
- ¿Que se che chegan eses cartos? - repetiu Ramón - quedaches en trance, non sei se che pareceron moitos ou demasiado poucos.

Díxenlle que de momento chegaban, de súpeto sentínme violenta aceptando os seus cartos e a piques estiven de devolverllos; pero ós cartos cústalles moito sair da miña carteira así que me erguín cos meus remorsos e marchei. Ramón veu detrás e preguntoume se me pasaba algo, que me notaba moi distante, que se estaba ben e que sentía moito o de berrarme, pero durmira pouco e estaba algo irritable. Eu andaba dándolle voltas ó da tarxeta e non percibín o seu arrepentimento polo que non me puiden aproveitar del, non economicamente coma co do oxíxeno, senón emocionalmente. Imaxino que el marchou polo seu lado, ía demasiado entretida co da intelixencia artificial.

Chamei a Sandra para preguntarlle cando era a vindeira conferencia na Caixa Universal. Quedou pampa, nunca tal pensara que lle ía preguntar. Díxome, como xa sospeitaba, que non tiña nin a máis repajolera idea, pero que podíamos ir dar unha volta ata alí e mirábamolo.

Alicia miraba a Carlos con recelo, había días que o notaba despistado e, sobre todo, demasiado interesado nos negocios de seu pai. Ela non sabía

moito das cousas do Concello, algo que lle contaba súa nai; pero os Asuntos Sociais non eran do seu interese, non había máis que problemas, demasiado estrés. De seu pai sabía que non falaba máis que de urbanizacións, aceras e historias parecidas. Carlos fora ó primeiro un oasis, pero cada vez estaba máis convencida de que aquilo que lle dicían as malas pécoras das súas amigas sobre que andaba con ela polo interese era certo. Ela, no fondo, sabía que ben podía ser certo, sempre fora moi ambicioso, pero boa xente, ou polo menos guapo.

En realidade pensárao pola mañá, no almorzo, íalle poñer fin a aquela situación e falar abertamente co seu home, faría a pregunta:

- ¿Que nos está pasando?

E agardaría con paciencia a que el puxera cara de non saber de que lle estaba falando, que lle dixese que todo eran imaxinacións súas e que a súa vida non tería sentido sen ela. Tamén esperaba que ó día seguinte lle trouxera un ramo de rosas, das vermellas e sen espiñas, e que lle perdise perdón por descoidala, por dar por feito moitas cousas e que a mimaría coma a primeira vez. Pero non se atreviu, non foi capaz sequera de non falar doutra cousa que non fose o tempo. Pero atrevérase ou non a facer a pregunta o que non ía permitir era que a comechón lle durase nin un segundo máis. E foi alí mentres metía os platos no lavalouzas onde decidiu tomar medidas.

Cando el se despediu e lle dixo que ía ó despacho foi detrás; pero os tacóns dos seus peep toes fixeron demasiado ruído e Carlos cachouna en plena faena. Dou disimulado ben, díxolle que ía de compras e Carlos non lle puxo máis peros, era o que facía sempre. Aquelo mostroulle claramente a Alicia que o de seguir ó seu home ó traballo non era traballo para ela. Se tiña que elixir entre ir calzada á última e saber a veradade sobre o que ela sospeitaba do seu marido tiña ante si un

dilema de difícil solución; polo que decidiu que o que tiña que facer era chamar a aquel antigo noivo seu que tan bos momentos lle fixera pasar e que tantos momentos sórdidos lle dera para contar ás pécora das súas amigas. Si, estaba pensando en chamar a Andrés, en realidade non o estaba pensando, pensouno no momento en que estaba voltando á casa para cambiar os tacóns polas trainers de cando xogaba ó tenis no club.

Chamouno desde a casa, non puido disimular unha certa emoción adolescente mentres soaba o pi da espera. Tamén imaxinou unha tórrida escena sobre a mesa do despacho resultante do intento de Andrés por consolala ante infidelidade do seu marido.

- ¿Que pasa meu? ¿Andas facendo vida familiar? - dixo Andrés con confianza.

Alicia quedou paralizada, sen saber que dicir.

- ¡Oes! - di Andrés berrando - ¡Eeehhh!

O corazón de Alicia latexaba con forza, coma a primeira vez que entrara na habitación de seus pais buscando preservativos.

- ¡Bo! volviu confundir o inalambrico co mando a distancia, eu colgo, ¿oiches? - berrou de novo Andrés - anda que che dean.

Alicia non sabía se matar a seu pai ou deixalo vivir para que vise como se divorciaba do avogado que tan ben lle parecera para casar co ¿como lle chamara? "sinvergoña profesional e gigoló accidental". Se non fose tan fina e se estivese mirando no espello do vestíbulo soltaría un taco tipo "será cabrón"; pero non, non o soltou. Seu pai seguía falando con aquel malnacido que intentara desvirgar á súa filla, iso era todo o que tiña que saber seu pai; có malnacido que dixera no xuízo de divorcio que a súa muller era unha calquera. Daba igual, como dicía Escarlata, diso xa se ocuparía mañá.

Collíu de novo o teléfono e volviu marcar.

## Capítulo 16. A parte e punto

Marcou con pulso firme, as indecisi3ns de nena rica quedaran a parte.

- ¿Que? ¡A ver ho! Xa pensaches o que querías - di Andrés - como te pille a túa ex gastándolle o teléfono vaite poñer a andar.
- Si, xa pensei o que quería - dixo Alicia con voz de ultratumba.

Andrés non respondeu, Alicia puido escoitar como se movía bruscamente, como incorporándose.

- Non esperaba que deses berros de emoción ó volver escoitar a miña voz, pero tampouco este silencio - dixo Alicia con sorna.

Despois duns segundos Alicia volviu falar, nesta ocasi3n empregou un ton esixente. Pediulle que lle respondera "dunha puta vez" e para non ter práctica saiulle ben porque Andrés tartamudeou unhas palabras inintelixibles que ela non entendi; pero que lle deixaron claro que o tiña firme e á súa mercede. Por uns segundos pensou en que sería da súa vida se se puxera firme con el daquela en lugar de deixar que seu pai o arranxase todo. Pensou se seguiría sendo tan guapo como o lembraba, se aínda sentiría aquel saltar no corazón cando o vise. Pero de novo veulle o sabio consello de Escarlata á cabeza, "iso máis adiante".

Díxolle que precisaba a súa axuda para un traballíño, Andrés tratou de negarse; pero ela non lle fixo caso e ata que aceptou unha cita non parou. Tan pronto como colgou sentiu un ataque de pánico, se o concellal se enteraba de que volvíaa andar enredando ca súa filla íao ter moi fastidiado. Pero se ela se ía da lingua coa muller do concellal tampouco ía acabar moito mellor, podíao denunciar por perxurio e todos os xuízos

nos que fora falsa testemuña quedarían en cuestión e quen sabe se anulados. Sopesando as opcións que tiña tranquilizouse e decidiu que actuara correctamente ó aceptar a invitación de Alicia. Botou un pouco atrás a memoria e lembrouse retozando cunha nova e excitante Alicia, despois de todo a decisión si que fora acertada pensou mentres sorría entre dentes.

Quedaran nunha cafetería do Burgo, unha que coñecían ben dos seus tempos mozos, Andrés xa estaba na mesa cando ela chegou e iso que chegaba puntual. Alicia pensou que o tiña dominado, pero preferiu non confiarse porque sabía a onde conducía o exceso de confianza co galán de medio pelo aquel. Andrés erguiuse ó ver que se achegaba, fíxoo en sinal de respecto, en sinal de admiración, e facíao en todos os sentidos da palabra; levaba alí media hora e miraba con atención a todas as mulleres de máis de trinta que entraban pola porta, botaba contas de se envellecera mal, se engordara, se deixara de tinxir o pelo, se o cortara en plan maruja; pero cando a viu entrar con aquel desfilar de modelo, aquela presenza de diva, aquel todo, quedou pampo, de arriba a baixo, enteiro de todo. ¡Que boa está a filla de puta! pensou para os seus adentros, disimulando que babeaba todo o que podía disimular.

Alicia non se decatou do encantado que estaba Andrés ca súa presenza e iso que era bastante perceptiva nese tema, sobre todo desde que atopara a primeira cana. Pregúntabase decote se seguía conservando o seu atractivo e cando un home a miraba un mínimo analizábao para saber se o facía con admiración ou simplemente para non tropezar con ela. Na súa defensa dicía que a maioría das veces era con admiración. Pero neste caso estaba demasiado ocupada mirando a Andrés, non, non era tan guapo como o lembraba, de feito nunha primeira ollada sentiu repulsión cara si mesma por terse deitado espida ó carón de aquilo. Andrés tivera o envellecer, en realidade non pasaran máis que uns

poucos anos, dos excesos: demasiado alcohol, demasiado tabaco, demasiada festa. Pero cando sentou fronte a el e a mirou con aqueles ollos de galán atopoulle un atractivo de George Clooney que aínda era peor que o de guapo galán de medio pelo.

Foi a intervención da camareira a que fixo que as admiracións mútuas se desen un respiro e que Alicia volveuse a escoitar a Escarlata na orella dicíndolle, "iso para despois" e se puxese ó tema.

Andrés non escoitaba nin palabra do que lle estaba dicindo, pasara de lembrar as tardes de diversión e estaba no de imaxinar noites de paixón desenfreada; e ó Alicia preguntarlle cando ía comezar el respondeu que de inmediato. Díxoo sen saber a que estaba respondendo claro, e foi despois de rematar o café cando espabilou que lle preguntou exactamente o que quería. Alicia, daquela, mirouno en fite e si, por fin, se decatou da mirada de lascivia de Andrés. Sorriu por dentro, díxose para sí "vaste enterar". Con paciencia explicoulle que quería que seguise ó seu marido, Carlos, que sospeitaba que a estaba enganando e doulle unha foto, o enderezo do traballo e algún detalle máis.

Andrés colliu a foto e viu un guapito de cara con pinta de niño bien estirado e que porriba se lle facía moi coñecido. Fixo memoria, pero non o daba situado e como lle parecía máis entretido seguir repasando a Alicia preferiu pensar que igual o vira co concellal nalgunha ocasión.

Alicia despediuse del con frialdade, para jodelo, agora que sabía que aínda conservaba o seu atractivo íallo facer pagar ben caro. Andrés seguíuna ca mirada mentres saía da cafetería. ¡Está imponente! volviu pensar Andrés.

## Capítulo 17. Cara de actor con ollos azuis

“Non hai ningunha conferencia programada para este mes” dixo a resabida de uniforme. O noso gozo nun pozo. Sandra dou a volta para marchar e eu ía detrás cando vin na tenda de regalos un poster moi chulo dun cadro que pasara polas miñas mans había algún tempo, chamoume a atención e fun ver canto custaba. Cando tivera o orixinal nas miñas mans non me parecera moita cousa; pero seguro que custaba unha pasta, ía facer unha regra de tres co custo do poster, aínda que non era unha conta moi exacta a verdade.

Sandra veu detrás sen interese, o arte abstracto non era moito do seu gusto. Mentres cotilleábase os prezos fôiseme a orella a unha conversa que estaban mantendo o dependente máis unha das azafatas. Tampouco era demasiado interesante, falaban dunha cea a que deberan ir a noite anterior e estaban rindo dun dos seus compañeiros que ó parecer ligara con alguén pouco fino no karaoke, tiñano todo gravado no móbil e a canción soaba bastante penosa. O bo foi que mentres estaba mirando de reollo para intentar ver o vídeo da noite tola pousei a miña sutil atención nunha correa que levaban os dous ó pescozo e que acababa nunha tarxeta. Tarxeta, a palabra máxica, non había que agardar a que houbera unha conferencia, alí había dúas tarxetas. E aínda máis, nun momento no que tiveron que endereitar a vista para disimular porque se decataron de que había unha sombra fixa observándoos dei ca conclusión, a través da cristaleira, que todos os de uniforme a levaban.

- ¿A tarxeta era coma esas? - preguntelle a Sandra baixo.
- ¿Coma cal? - respondeu Sandra tamén en voz baixa.
- Coma a que levan todas colgadas - dixen.



Sandra dou voltas de redor mirando sen centrarse, coma se vise nada que dicían na Historia Interminable. Joder que non había máis que xente con tarxetas colgadas e a tía que non se empanaba. Tívenlle que dar un codazo e sinalarlle co dedo a un que había no corredor do outro lado da cristaleira, que ía todo engominado e que cando se decatou da xogada nos mirou con cara de actor de ollos azuis... e aí fun áxil. Si, está mal que o diga eu, pero fun axil de carallo.

Total que estiven áxil e medio me puxen tontita coma se de verdade fose un actor de ollos azuis e como se ademais estivese ben bo, que o estaba; aínda que noutras circunstancias non llo había deixar crer tan facilmente. Sandra quedou á marxe da xogada, coma deixando a tola co seu tema, porque lle acababa de dicir que tomara algo con Ramón había un anaco e que pese a todo aínda me chistaba. Ela como sendo como é, estaría pensando que a ver se me aclaraba dunha vez.

Despois dun par de miradas e unha chamada polo pinganillo o rapás marchou. Seguino ca mirada para ver onde ía, pero perdino. Xa estábamos saíndo da tenda para pensar con calma cando o garda de seguridade nos interceptou. ¿Tanto se nos notaba que andábamos a algo que non era?

- Estana chamando - dixo o garda sinalando detrás de min.

Dei a volta e era o guapo de uniforme co seu sorriso de actor de ollos azuis facéndome un aceno de que agardase por el. Agardei, e como non ía agardar, a un home así espéroo o que faga falta. Diredes que esaxero, pero se o vísedes camiñar a cámara lenta por aquel corredor de mármore encerado, comprenderíadesme. Chegou onda nós e convidounos a tomar algo na cafetería. Tan natural el, xa che digo que tiña sorte poder traballar nun sitio no que che permiten ir á cafetería de ligoteo en plena xornada laboral. Que conste que de camiño doume por pensar, igual que diante do

garda de seguridade, que me cacharan. Pero pola alegría ca que falaba ou moi ben disimulaba ou realmente cría que bicaba o chan que pisaba. Non, ata aí non chegaba a súa guapura.

Tomamos algo, Sandra estaba ausente, a verdade é que cando algo non lle interesa, pois non lle interesa e punto. Imaxino que estaría atendendo a algunha das súas dúbidas transcendentais, en todo caso, e era o bo que tiña, nunca se queixaba co de "que aburrimiento", nin suspiraba esaxerando, nin daba mostras de disgusto, só estaba ausente, ó seu. O guapo contoume o estresante que era o seu traballo e que lle roubara un tempo valisísimo ó seu xefe para tomar algo connigo porque el era así de valente e arriscado, porque a el o xefe dáballle o mesmo, iso sí, cada dous minutos miraba porriba de min con nerviosismo. Tamén me contou o supercomplicado que era organizar unha exposición e o esixentes que eran os artistas; no que coincidín con el foi en que moitos vivían do conto.

Pola brasa que me estaba dando calculaba que para quitarlle a tarxeta do pescozo o ía ter que emborrachar. Afortunadamente pasaron dúas rapazas por alí e sinaláronlle o reloxo, foi o que me salvou. Sacou a correa e deixou a tarxeta enriba da mesa. Botou un sorriso de alivio e e púxose a facerlles monerías e as outras a facelle o baile de Pulp fiction. Comecei a pensar que o do vídeo do móbil da tenda de regalos era o de cara de actor de ollos azuis; pero, tamén afortunadamente, mentres pensaba isto boteille a man á tarxeta, tan rápida fun que nin Sandra saiu do trance; e, o mellor, nin o de cara de actor de ollos azuis se decatou. El estaba concentrado no baile e pouco a pouco foron chegando máis de uniforme e uníronse ó musical. Despertei a Sandra dun codazo, que me advertiu que lle tiña o brazo cocido, e fomos escorrendo entre o corpo de baile como puidemos. Na porta botamos a correr coma se viñesen detrás de nós catro inspectores de facenda e dúas de traballo.

## Capítulo 18. Esta tarxeta non ten prezo

Non paramos de correr, a medio camiño pegueille catro berros a Sandra para dicirlle que fose buscar a Salva que o volvíamos a intentar xa, pero xa de xa. Separámonos sen parar e eu seguín correndo cara o mar, nin me decatei de que aínda era de día ata que cheguei a beira da auga; pero doume igual, mirei de redor sen moito escrúpulo e lanceime á auga, estaba fría, debín decatarme de que non levaba o traxe de neopreno cando cheguei á beira, e non, decateime cando estaba empapada e conxelada, pero o clásico "de meditos ó río" era moi acertado, se cambiábamos o río por mar, claro.

Salva chamoume histérica de todo, "nin se che ocorra comezar sen min". Si que se me ocorrera, pero unha vez lle dixera a Sandra que o avisase o máis normal era agardar, se non máis me valera estar calada. Eu agardábaos detrás dun edificio, non quería arriscarme a que pasase por alí alguen despistado e comezase a facer preguntas. Non tardaron moito, Sandra estaba emocionada, coma cando saíramos da Caixa Universal, con esa vidilla que da o facer pequenas trasnadas. Salva viña todo equipado, lembrara traerme un traxe, agradecínllo sin efusividade, estaba tesa co frío. Subiron a lancha e volvemos cara a antiga rúa San Andrés.

Todo foi máis rápido desta vez, sabíamos onde esta todo. Eles agardaron arriba e eu baixei sen dubidar, cara o fondo, rápido, rápido. Levaba a tarxeta agarrada que non ma sacaban nin diseccionándome con láser. Unha vez abaixo comecei a pasala por toda a parede, non me quedou anaco sen apalpar e aparentemente non pasaba nada.

A decepción fíxome tomar as cousas con máis calma, pensar mellor o que estaba facendo. A tarxeta, posiblemente, non era do mesmo sistema, co que tampouco a podía ir pasando tan a lixeira, a parede seguramente era moi sensible, pero tamén lle habería que dar o seu tempo, levaba moito sen

que se lle achegase unha tarxeta e igual lle custaba arrancar. Así que volvíñ retomar a idea de Sandra e imaxinei onde podería estar a porta, calculei que dalgún xeito abriría de fronte á escaleira, era como mellor quedaba, non virían os ricos a entrar por debaixo das escaleiras.

Mirei para atrás e calculei o centro da escaleira, subín ó teito, aínda que era obvio que alí non podía estar porque ou non había gravidade ou moi altos eran os ricos. Pero tampuco quería deixar milímetro sen mirar. Fun baixando ata unha altura máis razoable, pero non pasaba nada. Despois fun andando cara a esquerda e mirando de abaixo a arriba ata unha altura dun metro noventa máis ou menos, pouco a pouco, a modiño. E a calma dou o seu froito, ó primeiro non me decatei, foi unha luz azul que se confundiu cos pequenos destellos dos ollos dos peixes reflectindo a luz da lanterna. Pero volvíñ pasar, non sei igual un sexto sentido ou o que fose, pero volvíñ pasala. Da segunda vez o destello foi máis intenso, non pasou desapercibido, pero a porta non abría. Aínda que estaba claro que era alí, porque seguíñ un pouco máis adiante e non reaccionaba. Chamei a Salva e pedinlle opinión, el botou un suspiro de desesperación. Sandra por detrás dicía que nas pelis sempre hai dúas chaves, unha a que ten o banco e a outra o cliente.

- Pois estamos apañados - dixo Salva de malas.

Despois volviu suspirar e díxome que o intentase un pouco máis no sitio ese, que igual é que ía algo lento por estar tanto tempo inactivo. Fíxome gracia que pensáramos o mesmo, vaia par de lurpias que estábamos feitas.

E volvíñ intentar, pasaron uns vinte minutos e de súpeto pensei que morría. O primeiro que notei foi unha vibración moi forte, falaba por walkie con Salva e arriba non sentiran nada co que supuxen que non era un temblor. Despois volvíñ a idea cando o ruído foi tan enxordecedor que nin podía

escoitar a Salva. Na parede non se notaba nada. Pasados uns segundos o ruído foi máis enxordecedor aínda e a parede comezou a vibrar, non moito, coma un móbil ou aínda menos. E por fin abriuse o sésamo deixando ver por un intre unha cámara espectacular, coma as dos faraóns, intacta, ata que a auga comezou a enturbiar aquela paz en conserva.

Cando se abriu de todo entrei, non sen medo, porque como lle dese por pecharse sen máis de alí non me sacaba nin non sei dicir quen. Pero o tesouro chamábame e non o puiden resistir. Dentro había unha mesa coma a da salita de arriba, impecable, só movida do seu sitio pola avalancha de auga, a cadeira quedara tamén atrapada igual que a de arriba. Despois, como me dixo Salva polo walkie, "ó gran, tanta mesa e tanta silla" nas paredes había montóns de pequenas caixas con pequenas pechaduras das que non tiña as pequenas chaves que as abrían.

A un dos lados había un pequeno corredor que daba a outra estancia un pouco máis pequena e desde logo máis cutre que as outras, alí, por fin había unha cámara coma as de toda a vida, ca súa roda tipo tímón. A emoción non me deixaba falar, Salva berraba pensando que me volvera dar un vahído e eu non era quen de dicirlle que ó final o do tesouro era certo que era certo por deus. Si, era precipitarse de máis, de momento o único que podía constatar era que o sitio do tesouro existía.

Non daba feito a patear para subir, cando cheguei saquei a mascarilla do osíxeno e berraba coma tola, ¡abriuse! ¡a cámara existe! ¡abriuse! ¡abriuse!. Salva e Sandra puxéronse a dar saltos de alegría e pedírome que llo contase todo, todo e todo. A emoción embargábanos, que nos daba igual que non houbese pasta dentro, aquel era un momento máxico.

Despois dun bo anaco de rir a fartar, de dar chimos e de soñar o que íamos facer cos cartos

cambiei a bombona e Salva pasoume o paquete de explosivo, doumo moi a modo e con cara de medo.

- Terei coidado - dixen.

Sanda mirouno dicíndolle que non me agobiara, que non ía pasar nada, en realidade entendíao, non sabíamos canto podían resistir os cementos, levaran moito trote igual de máis.

## Capítulo 19. De bolsas do lixo nada

Antes de baixar Salva comprobou que houbera oxíxeno dabondo para a operación, ou como el dicía para dar subido a tempo. Volvín baixar e ó entrar na cámara non puideron evitar sentir unha forte emoción como de noite de reis, que xa nin lembraba.

A estrutura parecía sólida, o espesor das paredes de aceiro era tremendo e cheguei a pensar que o explosivo non ía chegar polo que me tomei o meu tempo a hora de ver onde tiña que colocalo. A verdade é que nunca me enfrontara a unha cámara acorazada daquelas características, xa me gustaría; pero dentro da miña inocencia imaxinei que sería igual que algunha da mesma marca que si tivera a honra de coñecer só que ó grande. Sen dúbida, e mentres o pensaba xa me ía decatando de que estaba enganada; pero por algún lado había que comezar. Decidín empregar só a metade da carga. Outro erro pola miña parte; aínda que tiña a esperanza de que se acertaba ca posición da carga e non era suficiente potencia a poidese rematar co resto. O erro do cálculo estaba na obvia posibilidade de que me enganase na colocación da carga.

Con moito coidado manipulei o explosivo e con máis coidado aínda coloquei o detonador. Saín ata as escaleiras para pulsar o botón, ata o seguinte piso, polo menos para poder fuxir, a idea de quedar alí atrapada aterábame. Pola radio avisei a Sandra e a Salva de que ía premer o botón e que se puxesen a cuberto por se pasaba algo. Collín aire e apretei. Non se escoitou a explosión, tan só, de súpeto, a auga arrastroume ou mellor dito absorbiu-me e por uns minutos perdín o control de todo, volvín sentir o medo de pesadelo daquel día que me arrolou unha ola cando estaba aprendendo a nadar na mesmiña beira da praia de San Amaro... ¿que? ¿que en San Amaro non había olas? bueno, vale, a ola non era moi grande, pero eu era moi

pequena e quedei impresionada. Choquei contra moitas cousas. O ruído metálico que escoitaba as veces aterrábame máis porque aínda que nunca vira partir unha bombona de aire, igual era máis fácil do que parecía. Dentro as burbullas subían revoloteando entre os meus brazos inseguros.

Un anaco de tempo impreciso despois as burbullas desapareceron, as turbulencias calmáronse e a auga volviu ser clara de novo e por fin vin o que había na cámara do tesouro.

- ¿Que hai? ¿Que hai? - repetía insistente Salva.

Había montóns de maletíns, destes metálicos das pelis de espías, apilados, coma as pequenas caixas de seguridade da sala de fóra; de feito se non fose porque a auga os desprazou non se darían distinguido. Collín un deles, todos tiñan unha combinación e un cerrollo pequeno, non tiñamos a fortuna de ter nin chave nin combinación así que tratei de rompela e como a auga non me deixaba coller forza agarrei un par de maletíns e subín.

Salva sacoume os maletíns das mans, non para axudarme a saír da auga, senón para ver o que tiñan dentro. Comezou a golpes cos eles ante a mirada espantada de Sandra. Eu seguía na auga e Salva parecía cada vez máis un dos gorilas de Odisea no espazo 2001. Cando Sandra se fartou de escoitar os golpes desbocados de Salva quitoulle un dos maletíns, fixo palanca cun ferro que había por alí e abriuno. E a nós abríronsenos os ollos. Podo dicir sen lugar a dúbidas que nunca vira tantos billetes de 50 euros xuntos, nin nunca os volvería ver. Salva sacoulle aquel maletín de diante e doulle o outro para que volvесе facer maxia, e así o fixo. Abriuno cunha simple maniobra, e volvemos ver outra morea de billetes.

- ¿E cantos dixeches que había? - preguntou Salva botando as mans á cabeza.



- Moitos, hai moitos - dixen desesperada.

Si, desesperada ¿como podía haber tantos cartos no mundo e nós vivir con tan poucos? Todo esto dito vendo só dous maletíns.

- ¿Que facemos? - preguntou Sandra.

- Levalos todos - dixemos Salva e máis eu a un tempo.

Foi como se nos lésemos o pensamento, non deixar nin un, esa era a nosa meta. Íamos ter serias dificultades para sacar de alí toda aquela morea de cartos, e máis dificultades aínda para sacalos de alí sen levantar sospeitas nin atraer miradas curiosas. Nese punto investimos un pouco máis de tempo para pensar a estratexia e, nese punto tamén, Sandra deixou de ser de tan gran axuda coma fora ata daquela, porque comezou a dicir cousas do tipo de:

- Podemos sacalo en helicóptero...

- ¡Sandra!

- Ou en globo...

- ¡¡Sandra!!

- Pois daquela na cousa esa que é coma un plumífero con dúas cordas - dixo referíndose ó parapente.

Seguiu un bo anaco dándonos ideas de similar utilidade, mentres Salva e máis eu pensábamos nunha extratexia animal mixta, xa sabedes, entre a estratexia do caracol e a do cabalo de Troia. Pensando ca axilidade que me caracteriza e sabendo que para algo estaban alí volvíñ retomar a idea das dúas mesas de carballo que había nas respectivas salitas. O maior problema era o tratamento contra a humidade, non flotaban, eso vino claramente e sorprendeume. Nos pros tiñamos

que eran moi monas. A Salva non o convencín, púxome cara de que se non había outra cousa tería que conformarse; si que había outra cousa, había mobiliario de oficina a fartar, pero a parte de ter bronca cos da chatarra íanos resultar bastante complexo xustificarlle a Ramón que volvéramos para coller uns arquivadores.

¡Ah! ¿que non volo contara?, quedamos en non dicirlles nada, nada de nada. Se volvía saír o tema diríalle que volvera baixar e que non fora capaz de abrir a cámara no suposto de que alí houbera algo que xa lle dixera que non, que era todo unha trola para turistas.

## Capítulo 20. Pista familiar

Carme miraba a súa filla mentres almorzaban. Notábaa rara; pero a cousa tampouco parecía importante, as veces dábanlle eses puntos místicos. Pensaba que igual a presionara de máis para ser unha muller de ben e acabara soterrando algunha vocación intelectual da rapaza. Non era o caso. Alicia andáballe dando voltas á idea de contarlle a súa nai o de Andrés; obviamente non se decatara de que Carlos estaba á mesma mesa ca elas e menos mal que se fixo notar porque Alicia xa atopara as palabras exactas para expresalo sen que a súa nai lle dese un ataque.

Carlos tamén notara a distancia que mantiña Alicia desde había uns días, pero non lle prestou demasiada atención porque andaba con Sandra na cabeza. Nunca se plantexara o poñerlle os cornos á súa muller, máis por medo ó seu sogro que por amor. El quería non podía dicir que non, ninguén podía; pero non era unha paixón arrebatada desas que disque se sente cando se ama de verdade. Tamén hai que dicir que nunca sentira ese tipo de paixón por ninguén na súa vida, por ninguén ata que atopou a Sandra.

Alicia quedou soa na cociña e disfrutou da paz que había no pequeno intervalo en que marchaban todos e viña a señora da limpeza. Pensou. Volviu pensar. Non, mellor non. Estaba pensando en chamar a Andrés, pero ó final decidiu que non era o mellor, tería que chamar el, si, iso si era o mellor. Sempre se precipitaba e se Andrés o notaba volvería ter o control da situación e o seu plan de facelo sofrer fracasaría.

Andrés non a ía chamar, polo menos nun tempo. Non tiña nada que contarlle, cando se decatou de que Carlos era o avogado de Salva preferiu deixar o tema ata que pasase o xuízo, era intelixente dabondo para non forzar a situación. Conseguira cargarlle o marrón a Salva, se Carlos era bo

conseguiría sacalo del sen moito esforzo e ó final todos quedarían libres, sans e salvos. Pero se se achegaba moito e o tal Carlos se decataba igual podía alegar escuros motivos e devolverlle o marrón a el.

E así pasaron unhas dúas ou tres semanas que para Alicia foron longas, a incertidume polo estraño comportamento de Carlos, a emoción de ter un motivo para deixalo e vivir unha emocionante vida xunta Andrés, por uns meses, e despois outro e despois... e despois recibiu a chamada de Andrés, o corazón latexáballe rápido.

- ¿Cando podes quedar? - preguntou Andrés con voz cansa.

Alicia quería dicir "mañá non podo" e saiulle un "cando queiras" , pasou todo o día repasando a frase para convencerse de que non soara demasiado ansiosa. A verdade é que o conseguiu, o de convencerse, porque para dicir máis verdade si que souu ansiosa; e, o que era peor aínda para ela, Andrés notouno; aínda que por sorte o animalíño estaba pensando noutra cousa e supuxo que a ansia era por saber do seu home non por el. Quedaron no mesmo café da outra vez. A el pareciulle o máis práctico. A ela pareciulle moi romántico, coma o seu lugar segredo, que non era segredo nin nada, pero a imaxinación ten esas cousas.

Andrés xuntou as fotos que lle sacara a Carlos, non tiñan ningunha importancia, eran do máis inocente; pero tomou moitas molestias para que unha confidencia ó oído de Salva parecese un morreo a Sandra, eu diría que seguindo a gran escola do tomate. Alicia chegou tarde, tranquila, divina para ser máis exacta. Andrés estaba inqueda, tiña medo de que Alicia non lle seguise pagando, que a montaxe fose demasiado boa e xa se conformase; era raro, normalmente con ese cebo todas querían saber máis ¿por que? ¿que ten ela? ¿que lle da? todas esas tonterías que Andrés escoitaba unha e outra vez. Era o que lle daba de

comer. A el se lle puxeran os cornos con dúas hostias ben dadas xa o solucionaba, pero as mulleres e as nosas dúbidas transcendentais eran ben máis rendables.

Alicia colliu as fotos cas dúas mans, mirounas, púxoselle aquela mirada que Andrés recoñecía como o síndrome da muller abandonada; calculáballes uns cinco minutos antes de botar a chorar coma unha magdalena. Enganouse, coma con case todo desta nova Alicia.

- ¿Só me traes isto? - preguntou Alicia con esixencia.

- ¿Só? - di Andrés buscando unha excusa rápida.

Non lle valiu de moito, nótase que Alicia tamén seguía, igual ca min, a escola do tomate e recoñecía unha montaxe en canto a vía. Andrés comezou a poñerse nervioso e iso fíxolle alterarse e como consecuencia poñerse máis nervioso aínda. Alicia botouse para atrás no respaldo e observouno con distancia, buscaba aquel encanto de George Clooney que lle vira na cita anterior máis non o atopou.

- Algo hai - dixo Andrés por fin.

- Si, pode haber calquera cousa, polas sombras da mesa había outras dúas persoas - dixo Alicia con seguridade.

Con tanta seguridade que ata a ela lle pareciu que sabía de que estaba falando, aínda nunca se parara a contar a sombra de nada... E naquel mesmo momento chegou a tres determinacións que marcarían o resto da súa vida:

1ª. Carlos non lle valía nin para divorciarse.

2ª. Andrés non lle valía nin para divorciarse.

3<sup>a</sup>. Ela valía moito.

## Capítulo 21. Cara adiante

Andrés quedou desencantado, desconcertado máis ben, ela colliu as fotos e marchou, non lle dixo máis nada e saiu pola porta tan divina como entrara. El non sabía como tomalo, se deixaba de traballar para ela, se tiña que seguir ca vixiancia do seu home, tampouco lle dou máis voltas, Alicia marchara tan airada que nin lle pagara así que ata ver un feixe de cartos metido nun sobre ou un cheque metido nun sobre, é que lle tiña moita fe ó do sobre... así cando nos xuízos lle preguntaban se lle deran cartos por algo podía dicir que non tranquilamente. A el déranlle un sobre o que viñese dentro era a maiores.

Alicia convencérase de que gastar máis cartos con aquela historia era unha tontería, de calquera xeito estaba farta de vivir unha vida aburrida a carón de Carlos, ía facer coma Elena e comunicar un cese temporal da convivencia. Despois xa vería por onde tiraba. Ó mesmo tempo pensou en averiguar quen era aquela xente ca que parecía que o seu home tiña tanta confianza. Non porque lle importase que tivese unha aventura, ben vía que a moza era guapa pero se aquilo era o que estaba buscando o seu home ela non estaba disposta a darllo, teríase que meter en quirófano de arriba a baixo e para ser prácticas acababa antes cambiando de home.

O primeiro que fixo foi chamar a súa nai para dicirlle que ía deixar a Carlos, Carme non se tirou pola fiestra nin dos pelos nin nada; díxolle un "xa es grandíña e ben sabes o que che convén" que Alicia non esperaba pero que agradeceu. Pensou que lle ía ser igual de fácil contarllo ó seu pai, ou incluso que sería mellor porque, a el, Carlos non lle caía demasiado ben. Aí enganouse, o concellal era máis ben conservador neses aspectos familiares, montoulle un número de primeira, un número que á antiga Alicia lle custaría un desgusto; pero que á nova Alicia non lle causou

máis trastorno que afastar o móbil da orella e darlle a tecla de colgar.

Agora quedaba o máis difícil, dicirllo a Carlos. Tivo clase, non llo dixo por móbil, nin sequera o tan de moda sms. Non, agardou á cea, el debiu sospeitar algo cando Alicia lle pediu a súa nai que os deixase a soas un momento; máis non o fixo, nin lle pasou pola cabeza cousa semellante. El pensou máis ben que era algunha daquelas tonterías que facía a súa muller para reavivar a chama da paixón, daquelas cousas que lía no Cosmopolitan e que ela cría que funcionaban, aínda que a el nin lle ían nin lle viñan, dependía de como o pillase o día. E a verdade é que cando escoitou o de "darnos un tempo" a piques estivo de partirse de risa ¿pero de que trataba este número do cosmo? pensou sen darlle máis importancia ó tema. Claro que despois a cousa fóselle aclarando máis e conforme se lle aclaraban as cousas tamén as foi tomando máis en serio, díxolle que ela ía marchar vivir soa, que el fixese como vise, pero que dubidaba que súa nai o quixese na casa non estando ela. El tiña case claro aínda que a súa relación ca sogra era moi boa non pensaba que tan boa. Cando rematou de dicir todo o que tiña que dicir, que non é que fose moito, preguntoulle se tiña algunha dúbida. Ter tiña un montón de preguntas, pero non tiña ganas de facelas, claro que se preguntaba porque o estaba facendo, se alguén lle contara algo, tiña ganas de dicirlle que non había outra, pero tamén tiña moitas ganas de tomar ese tempo que dicía Alicia que ían tomar e tiña medo que ó poñerse a falar á outra lle dese a morriña e lle dixese que todo era unha coña e que seguían coma sempre.

Ela ergiuse e foi para a habitación, el quedou no salón pensando a onde ir, tampouco é que tivese moita necesidade, tiña un bo soldo no bufete e aquel piso e solteiro que lle dera o Concello cando o da expropiación polo maremoto. Non o pensou máis, erguiuse da mesa, foi ó trasteiro,



colliu unha das maletas e foi á habitación coller o máis indispensable.

Alicia non esperaba un número de desesperación por parte de Carlos, tampouco que marchase tan tranquilo e con tanta normalidade coma quen colle un avión para ir a unha reunión de rutina a Madrid. Ela non o vía, estaba facendo que durmía, comezaba a sentir que se enganara e lle puxera en bandexa marchar ca lurpia da foto, despois de todo fora ela a que o botara fóra, no divorcio diría que ela o botou e que o da lurpia fora despois, para curar o seu corazón maltratado. Non lle faltou moito para dar a volta e pedirlle que quedase, pero decidiu, por unha vez, ser unha muller e afrontar as consecuencias da decisión que tomara, se se enganara pois enganárase. Cando rematou de remexer, pechou a porta e marchou; ós poucos minutos entrou súa nai na habitación para preguntarlle que tal estaba. Había tempo que non sentía a necesidade do cariño da súa nai, ata lle estorbara de nova, pero nalquel momento foi importante tela alí. Díxolle que todo ía saír ben.

Ó día seguinte, ben cedo, chamou a Andrés; el, en canto viu o número díxo para si un "xa o sabía eu" e colliu confiado, esperaba que lle pedise cita para pagarlle o que lle debía e encargarlle que seguise ca investigación.

- ¿Onde vive a lurpia esa? - dixo Alicia sen un cortés bos días nin nada.

- ¿Como? - preguntou Andrés, que lle gustaba ir ó gran pero non tanto.

Ela aclaroulle que se refería á da foto e Andrés, disimulando mal, díxolle que non o sabía, ela notoulle que a estaba enganando así que o ameazou con dicirlle ó seu pai que a andaba rondando outra vez. Fíxoo inocentemente, foi a única ameaza que lle veu á cabeza, tampouco sabía ata que punto chegaba o pánico de seu pai pola relación con Andrés; pero el si que o sabía, e non quixo tentar

a sorte. Tampouco llo quixo poñer tan fácil como para que non lle pagase, así que tirou polo medio e doulle o meu enderezo. Non, se por unhas ou por outras todos acababan dicindo o meu nome.

Ela non o dubidou, erguiuse, púxose máis que divina e veu á miña casa. Con decisión, ata que comezou a ver as casas abandonadas e os escaparates baldeiros con portas oxidadas. Aínda con medo, seguiu.

## Capítulo 22. A flote

Unhas vinte suxerencias surrealistas de Sandra despois ocorréusenos empregar as bombonas de osíxeno de reposto para reflotar as mesas. Levoume un mundo cargar todos os maletíns nas mesas, mesmo pensei que non ía dar feito. Os maletíns sobrepasaban o límite das mesas, tiveron que despegar algúns anacos da moqueta da planta baixa para recubrir todo o petate e atalo cas correas das persianas. E aínda así o peor veu cando tiñamos as dúas mesas cas súas respectivas cadeiras fóra da auga e houbo que levalas ata a lancha, e peor aínda sería levalas ata as nosas casas.

Salva non imaxinaba nin de lonxe o tamaño das mesas, pensaba nunhas modestas mesas de escritorio non naquelas que parecían máis ben de comedor; e tampouco podía entender a necesidade de levar as cadeiras, aínda que fose por disimular. Eran dúas cadeiras tampouco é que supuxeran un esforzo engadido demasiado grande, pero Salva tiña que poñerse dos nervios por algo e púxose. Sandra quedou alucinada cas cadeiras así que me dou a razón e Salva por non aguantarnos chamou a un dos seus contactos para que trouxera un camión, despois xa faríamos números para subilo todo á miña casa.

Era o bo da miña casa, que a tiña toda para min, aínda que non funcionaba nada de nada e non era boa idea deixalo no baixo, as veces viña xente durmir, no mellor dos casos. Cando o colega de Salva deixou a mercancía na rúa mirámonos e a piques estivemos de deixalo alí, e subir os maletíns pouco a pouco; pero de calquera xeito as mesas eu queríaas, quen sabe se algún día conseguía restaurar o edificio e convertilo na miña gran mansión. Agora tiña pasta para facelo, igual me poñía, claro que igual non era boa idea darme tanto a notar. Sandra colliu as cadeiras decidida e comezou a subir. O colega de Salva

mirou para arriba e suxeriunos que buscásemos unha polea a motor e o subísemos pola fiestra; entre nós, nin se nos pasara pola cabeza, eu aínda tiña escusa estivera moito tempo debaixo da auga e non lucía moito; pero a Salva debiulle caer a cara de vergoña.

Non era para comentarllo alí ó camioneiro, hai cousas que canto menos se saiban mellor; pero eu tiña algo que nos podía servir. Non era unha polea a motor, era un motor de arrastre, facía un ruído infernal e tivera que deixar de empregalo porque lle sentaba moi mal a humidade, e xa me diredes de que me servía se non lle podía tocar a auga. Veunos ós dous a cabeza, deixei a Salva pagándolle o camioneiro e vixiando a mercancía, que non facía falta dicirllo, era obvio que a había que vixiar. Subín escaleiras arriba toda emocionada e de súpeto no descanso antes da miña porta estaba Sandra, as dúas cadeiras e un silencio estrano. Antes de que abrise a boca ela díxome moi baixiño que había alguén arriba, que tiña medo. Non, se as veces razoa o xusto, se tes medo baixa correndo hostia, non quedas a ver se te matan. Pero estou case segura de que nin se lle pasou pola cabeza así que tratei de non poñerlle mala cara. Había ser Ramón ou alguén da súa camariña, tanto esforzo para que agora viñesen estes a levar toda a pasta, pois íao negar ata o final, por snoopi que si.

Tratei de mirar polo oco da escaleira a ver se vía quen era pero nin se escoitaba nada nin se vía nada. Estaba case segura de que foran imaxinacións de Sandra así que subín confiada.

Efectivamente había alguén, unha señorita da Coruña con todas as letras, non a coñecía daquela pero ser era Alicia. A verdade é que non sei cal das dúas colliu máis medo, para min que ela, aínda que para a pinta que tiña non foi moito; tiña eu a inocente idea que estas en canto se cruzaban con alguén coma min naquelas circunstancias botaban a correr, claro que tampouco habían estar nunha casa coma aquela.

- ¿Ti vives aquí? - preguntou Alicia.

Eu díxenlle que si, e pregunteille se quería algo; pregunteillo moi educada e con voz moi doce, non fose unha clienta e a espantase. Que ter, tiña pinta de moita pasta.

- Non es a da foto - dixo dándome a foto que Andrés lle sacara a Sandra e a Carlos.

- Pois non, ser non son - dixen esperando que Sandra non subise, porque a foto era ben enganosa.

- O cabrón enganoume - dixo enfadada.

Pensei que se refería a Carlos, e tratei de calmala, díxenlle que eu estaba nesa mesa e que non era o que parecía. Ela semellaba non escoitarme. Díxenlle que Carlos era o avogado dun amigo meu e que ela era outra amiga do meu amigo.

- Non, o cabrón de Andrés - dixo por fin - díxome que a da foto vivía aquí.

¿Andrés? non fixo falta dicirlle que me caía mal, xa mo notou na maneira na que pronunciei o seu nome. Díxenlle que obviamente a enganara pero que era de esperar. Ela parecía ter ganas de falar así que abrín a porta e convideina a entrar. Tamén chamei a Sandra para que subise, porque a pobre levaba un bo anaco agardando sen saber que pasaba.

Cando Alicia viu a Sandra acendiuse unha mirada de despeito que ben pensei que acababa en discusión e cando Sandra soubo que Alicia era a muller de Carlos tamén arrancou agresiva pero, aínda que non se sabe moi ben como, comezaron a conversar tan tranquilas. Púxenlles a televisión e baixei ó terceiro a arrancar o motor de arrastre.

Encendi, sen problema, facendo o ruído que lembraba que facía, pero acendi. Saquei as

fiestras do quicio e lanceille o cable a Salva. De  
súpeto escoitei detrás de min:

- ¿Qué demo é ese escándalo?

## Capítulo 23. Disimulando

Preguntou Alicia a berros desde a porta.

- É a máquina esta, imos subir un par de mesas - dixen aparentando naturalidade.
- ¡Contratade a unha empresa de mudanzas por deus! As paredes retumban - dixo Alicia.

Mireina alucinada porque para presentarse na miña casa sen convidala, poñerse de malas con Sandra e entremeterse no meu bisnes estaba aportando demasiadas opinións.

- Vai vela televisión ou desaparece - dixen sen dar máis opcións.

Ó primeiro miroume acojonada e mesmo pensei que baixaba as escaleiras pero nuns escasos segundos volvía a estar na porta.

- Non vou marchar - dixo - non teño onde ir.

Espetouno coma se eu lle tivese culpa, aínda máis, coma se eu llo tivese que solucionar. Con vender medio pendente de pérolas podía alugar un hotel bo por varios días, e non tiña pinta de saber vivir soa por moito tempo. Se se enfadara con Carlos xa se amigaría, no meu parecer eran o un para a outra, sen dúbida.

- Pois volve mirar a tele - dixen - xa tes onde ir.
- ¿E despois? - dixo.
- ¿Despois que? - preguntei.
- ¿Déixasme quedar? - dixo.
- No meu piso non, pero xa che buscarei algo - díxenlle alterada.

- Ti es desas ¿verdade? - dixo ela.
- ¿De cales? - dixeran.
- Das que andades pola Coruña vella - dixo ela.
- Mira nena, non te poñas moi esquisita que de paso que subo a mesa tírote a ti - dixeran.

Desta vez pensou que o dicía en serio, e de veras que non o dixeran, é o típico que lle digo a Salva ou a calquera en lugar de vai tomar polo cú, que me parece menos fino. Pero ela tomouno en serio. Non dixo máis nada e subiu onda Sandra. Era o que me faltaba, outra persoa polo medio. Alo menos aínda no fixeran presenza ningún do clan de Ramón.

Salva pegoume un berro desde abaixo, díxome que aquilo non había quen o subise, o motor non botaba fume, por iso pensei que todo ía ben. Por iso e porque lle andaba dando voltas ó de Alicia. Apaguei o motor e baixei. Efectivamente a mesa non se movera nin un milímetro, nada de nada. A xente mirábanos coma se estivésemos tolos. Non pensei que houbese tanta xente pola rúa, o caso e que esta circunstancia limitaba as nosas opcións, non podíamos subir o material ós poucos, que era a o que nos quedaba.

Chegados a este punto... si, é certo, sempre estamos chegando a puntos destes, pero a vida é así e punto. Como ía dicindo, chegados a este punto había que aplicar a teoría dos grans de despois dunha enchenta de chocolate, se non os podes eliminar tápaos como poidas e co que faga falta.

Montaríamos vixiancia, disimulada, claro está. A maneira e disimular aqueles dous bultos plantados no medio da rúa foi simular un posto de filloas recheas; igual vos soa moi cutre, pero en París



hainos a moreas, iso sí como lle chaman crepes parecen máis finos. De calquera xeito era o que podíamos facer contando co tempo que contábamos e cos medios que tiñamos. Baixei o fornello que tiñamos para quentar o café cando pasábamos noites enteriras na Coruña vella que decía a pija. Pode parecer que o lóxico fora un termo, pero é que a Salva gustáballe o café de pota acabado de facer, évos moi señorito o rapás. Eu facía sandwichs de sartén, que saían menos aplastados que os da sandwichera. Seino, ó gran.

As mesas fixeron de mostrador, colocámolas en L, movémolas como puidemos, poñendóas ó borde da beirarrúa, para facer unha U baixamos unha das mesas plegables, deixando a saída cara o portal. Aquelas cortinas que tiña gardadas para regalarllas a Sandra cando casase fixeron de mantel, cubriron de glamour o posto, e tanto, coma que as collera no Hotel Finisterre, nunha habitación de super luxo. Queda moi cutre de regalo de bodas, pero era para facer o vestido, se escarlata puido, nós tamén podíamos. Eran granate con dourados, espectaculares. Baixamos un dos bidóns de auga, fariña (da de cociñar, que da outra nos non traballábamos), ovos, nocilla, queixo de untar e xamón cocido. Era o que había.

A xente mirábanos con curiosidade, coma con noxo, os comentarios eran de desconfianza; pero en canto a sartén quenciu e as primeiras filloas foron saíndo e a brisa e a fame do medio día fixeron o seu traballo, aquel posto improvisado convertiuse nun éxito. E o éxito trouxo a Ramón, a Paco, a Alberto, a Andrés e non trouxo a Carlos porque tiña medo de atoparse con Alicia e aínda que nin tolo se imaxinaría que estaba na miña casa non apareciu por alí.

Ramón mirou con desconfianza o meu novo negocio, Paco mercou unha filloa, Alberto mantiña a distancia pero tiña un sorriso malicioso e Andrés tiña a cara da desconfianza de Ramón.

- ¿Que pasa?¿Cambias de gremio? - dixo Ramón -  
¿terás licencia?

## Capítulo 24. Filloas recheas

“Claro que teño licencia” dixeran con seguridade, Salva atendía a xente poñendo a orella na conversa e os ollos nos maletíns. Estaba enfadado porque o negocio tivera tanto éxito que non podíamos facer turnos e vese que el quedara. Ramón quedou plantado diante do mostrador sen falar moito, vixiando á clientela. Os outros comezaban a impacientarse e a mirar o reloxo, a resoplar, a mirar de redor, pero Ramón non lles facía caso. Paco foise separando do grupo así coma quen non quere a cousa, pasiño a pasiño, vamos que se lle notaba ben, pero que ninguén lle prestou atención, ata que por fin se metiu no portal. Notábase que non lle dixera ós colegas que lle gustaba Sandra. Non me preocupeis, Sandra é ben capaz de coidarse soa, ademais estaba Alicia con ela e igual agradecía unha cara un pouco máis amiga, ou que coñecese duns días antes.

Andrés e Alberto decatáronse da falta de Paco cando apareceron unhas turistas loiras destas que disque quitan o sentido e tiraban de Ramón para ir detrás delas. As mozas animáronse ó das filloas e estiveron un anaco no posto, falando con nós. Ramón non parecía moi interesado nelas, os outros, todos os outros que había de redor si, Ramón estaba concentrado en non sei que mirando ó infinito, ou iso pensaba eu.

Cando as rapazas marcharon, cousa que lamentei porque as vendas aumentaron de maneira espectacular, con decirvos que o lume non daba feito a cocer filloas, tamén daba igual porque non apuraban moito, se non hai como ter ben entretida á clientela. Canda as rapazas marcharon Alberto e Andrés, Ramón dixolles que xa ía pero nin sequera cambiou de postura.

- ¿E isto de montar un negocio?;non che chegaron os cartos que che dei? - preguntou Ramón, aparentemente sen dobre intención.

- Si, si que me chegan, o que pasa é que estabamos todas tiradas vendo a tele e de súpeto ocorréusenos facer isto para pasar o tempo - dixen.

Igual non lle soou moi convincente, pero non dixo nada, só quedou alí de pé. Salva estaba todo metido en faena e incluso lle pasara o mal xenio de perder as citas que tiña para o día, cancanos varios, que tampouco había ser moi importante a cousa.

Ca noite veu a escuridade e a xente marchou. Non. Toda a xente non. Ramón seguía alí plantado e Salva xa se poñía dos nervios, menos mal que lle soou o móbil e parecía ser algo tan supermega importante que ata lle dou igual deixarme alí soa con todo o fregado. Si, sen escrúpulo ningún, tirou o mandil enriba da mesa e marchou. Na mirada noteille un "é amigo teu, apáñate ti" eu lanceille outra mirada do tipo de "despois quererás que repartamos os cartos a partes iguais" el respondiume con outra mirada do tipo de "raíña, que levo máis de seis horas facendo filloas e un ten as súas necesidades" e eu "xa te entendo, pero vaia papeleta me deixas" e el despediuse cunha mirada do tipo de "que che sexa leve, igual aínda veño antes de que marche" con certa sorna, mellor dito, con moita sorna.

E alí me vin a soas, a escuras e con sabas de veludo granate, que si, que non eran sabas que eran cortinas, pero visto que non tiña escapatoria e que non era plan de deixar toda aquela pasta no medio da rúa pois aproveitaba, total por alí nunca pasaba ninguén. Nunca pasaba ninguén, pois igual si era para deixar todo alí plantado, pero non era capaz, e xa me diredes que máis tería se total ata había unhas horas non tiña nin un can, así que tanto me había ter seguir así, pois non, que non era capaz.

- ¿Subimos? - dixo Ramón.

Pero esta vez díxoo con intención, ou polo menos eu noteilla, con moita intención desa que había tempo que eu necesitaba que tivese, e vou eu e digo:

- Non, é que non me apetece.

Pouco me faltou para dicirlle que me doía a cabeza e porque me veu antes o de que non me apetecía que así mesmo llo espetaba. Jo, pero sí que me apetecía. E a el tamén. Si, puxo unha cara de decepción cando lle dixen que non ía subir...

- ¿E iso? - preguntou.

Conteille que tiña na casa a unha pesada que deixara ó marido e levaba non sei canto tempo raiándome a cabeza cos defectos do elemento e que como o estaba pasando mal non me facía xeito mandala a paseo pero tampouco tiña ganas de aguantala; acabei dicíndolle que subise se quería.

- Non, quedo contigo - dixo - ¿e daquela que facemos?

## Capítulo 25. Carlos rei

Carlos miraba no seu interior, non sabía moi ben porque llo fixera, comezou a darlle voltas a aquela distancia que lle notara nos últimos días da súa convivencia e a escuridade da noite e o baleiro do seu piso de solteiro fixéronlle chegar á conclusión de que Alicia tiña un lío. Nunca lle dera por pensalo, sempre a notara tan entregada e falta de imaxinación que nin se poñía celoso cando a miraban nos restaurantes. Era moi conservadora, pero conservadora de muller non de home, non deses que levan alianza e despois persiguen a todo o que se move... coma el, razoou. Nunca o fixera, aínda que se lle pasara pola cabeza moitas veces, pero facer non o fixera, xustificábase.

Tentou durmir, pero o chan era moi duro, así que colliu o móbil e chamou o seu sogro. Tardou en collelo, pero como insistiu e o concellal non debía saber apagar o móbil coilliullo.

- ¿Que pasa? - preguntou enfadado.

Carlos contoulle que tiña que falar con el, que lle preocupaba Alicia. Non estaba moi ben plantexarlle a un pai que súa filla andaba por aí con outro coma unha calquera, aínda que o concellal era como era non era tan así como para soltarllo directamente. Díxolle que fose á súa casa que se era tan urxente como para chamalo a aquelas horas ben o podía atender. O concellal calculoulle unha media hora, claro que fixera o cálculo da casa da súa ex á súa, non sabía que Carlos vivía no piso de solteiro, é dicir a uns dous centos metros da súa casa; é dicir, cinco minutos. El estaba no Venus, onde ía estar a esas horas nun día tranquilo, na casa non facía nada e os do concello íanse da lingua ca muller, que daba igual no sentimental, pero no profesional non daba tanto, que ser era moi puta, iso dicía el, ser era lixeiramente vengativa, que diría eu.

Carlos chegou neses cinco minutos que calculáramos nos, e chamou ó timbre, e esperou, e chamou o timbre, e esperou; e volviu chamar, e outra vez, e seguiu chamando ata que lle saíu unha veciña e lle botou catro berros que lle quitaron as ganas de tocar botóns. Non de todo, porque colliu o móbil e chamou outra vez ó seu sogro, por se quedara durmido, por se lle dera unha volta e porque si, que se el non durmía o resto tampouco. O concellal colliu con resignación, pensando en que Carlos lle ía dicir que fora un momento de desesperación e que non pasaba nada, que xa se tranquilizara e que non ía ir a cita. Despois tivo que estar áxil buscando unha excusa para non estar na casa a esas horas, empregaría o da reunión de traballo, que era un eufemismo que todo o mundo entendía.

Carlos alegrouse tanto de ver ó seu sogro que nin se percatou da peste a alcohol e mala vida que despren día, tampouco dos abaneos do pobre, pobre non, podre de cartos, home. O concellal tamén se alegrou de que o seu xenro estivese alí, senón habíao ter complicado para entrar no portal. E o que pasou a partir de aí foi todo un cúmulo de circunstancias. Carlos precisaba un amigo, aínda que non fose de verdade, un que lle aguantase o rolo. O concellal necesitaba, nada, non precisaba nada, pero estaba borracho coma unha cuba e non sabía o que facía; perdón, mellor dito, non controlaba o que facía, saber ben que o sabía.

Unha vez o concellal estaba tirado no sofá e Carlos empoltronado na butaca de relax último modelo comezaron a falar, cada un do seu sen decatarse de que o outro estaba falando. Carlos contoulle o do cese temporal de convivencia con Alicia. O concellal contoulle que estivera de celebración porque tiña un negocio entre mans. Carlos contoulle que estaba vivindo no seu trise e solitario piso de solteiro. O conellal díxolle que en nada ía ter tanta pasta que ía poñer unha piscina no faiado, con auga quente e mozas guapas. E case simultaneamente os dous dixeron algo que ía cambiar a súas vidas, Carlos dixo que Alicia tiña

un amante; o concellal dixo que se ía facer co famoso tesouro da famosa lenda. Coma se de súpeto se decatase da presenza do outro. Ó concellal evaporáronselle automaticamente os graos que levaba enriba, a Carlos púxoselle un sorriso pérfido. Carlos pensou no que escoitara naquela reunión con nós; ó concellal apareciúselle a imaxe de Andrés, por iso o cabronazo andaba tan contento, se ata chegara a sospeitar que lle agachaba algo da historia do tesouro, íao coller polos mesmísimos e arrastralo ata Betanzos, "será cabrón" repetía en voz baixa unha e outra vez. Iso doulle tempo a Carlos para assimilar o do tesouro e planexar a estratexia de extraerlle información e non pensesdes que nese momento se lle estaba pasando Sandra pola cabeza, non, no que estaba pensando o avogado, coma tal, era no seu propio beneficio, coma todos agás nós pensaba en como sacarlle a pasta ó vello unha vez el nola sacase a nós. Tan enfascado estaba facendo a conta da leiteira que nin escoitara as veces que o seu sogro mencionara o nome de "Andrés", pensaba na mellor estratexia para volver ó tema da piscina e polo tanto ó do tesouro. O concellal seguía co de "será cabrón".

A verdade é que non lle deixou moita máis alternativa, Carlos erguiuse do sofá, foi cara o moble que había enfronte e comezou a abrir portas buscando o bar, tiña que haber un, coñecendo como coñecía ó seu sogro. Por fin, cando xa estaba abrindo a última porta da parte de abaixo atopou o whisky de malta, ron de 12 anos e todo o repertorio.

Non fixo falta moito, un par de pedras de xeo, un vaso non moi limpo, e algo indeterminado procedente de varias botellas, todas moi caras iso si; e o concellal cantou todo o que sabía, que para nós non era moito, pero a Carlos iluminóuselle o camiño.



## Capítulo 26. No fondo. Segundo intento (Primeira parte)

- Nada, podemos quedar aquí, a noite está estupenda e con estas estrelas da gusto estar ó fresco - dixen toda natural.

Ramón mirábame coma se notase que o estaba vacilando, ou se non crese nin palabra vamos.

- Podemos ir tomar algo - dixo.
- Non, que se a outra me chama - dixen.
- Xa están os outros arriba - dixo.

Con iso non contaba, non lembraba que Paco e o peor era que non imaxinaba que el si, de todos os xeitos tentando a sorte dixen:

- ¿Que outros?
- Sandra e Paco polo menos - dixo con seguridade.

Aínda perdida seguíu intentándoo.

- ¿Siiii? ¿Nooooon? - dixen
- Si, ou polo menos na fiestra están, a separada debe ser a que non coñezo - dixo con seguridade, sinalando con seguridade cara arriba e mirándome con seguridade.
- Ai si, non o lembraba - dixen disimulando.

Pois estaba lista, agora a ver que lle inventaba.

- ¿Imos? Xa estou comezando a pensar que me estás evitando - dixo
- Non ho - dixen disimulando - é que...

E como viu que tardaba moito en responder dixo:

- Se queres axúdoche a recoller isto, dígoo porque parece que che custa deixar o tenderete.
- Nooon, non para nada - dixen - non te preocupes, se son catro táboas.
- Veña, que parece que lle tes moita perda, imos - dixo mentres lle botaba a man á tea de veludo granate das cortinas.

Debíuseme poñer un ollar de pánico demasiado descarado porque a el púxoselle unha cara de malicia moi mala e apertou a man para tirar con forza da tea. Case me da.

- Non, veña, déixao, que por aquí non ven ninguén ¿a onde querías ir? - preguntei, agarrándoo do outro brazo e poñéndome medio tontorróna a ver se soltaba a cortina dunha vez.

El sorriu e soltou a tea, sen moito apuro, non vaiades pensar, exprimiu a miña angustia ata o final. Na fiestra estaban as tres marujas mirando, a Sandra xa lle valía, que ben podía baixar e quedar de garda. Non sei que facían alí plantados mirando ó horizonte, ou para baixo, que para o caso era o mesmo. Contaba con que metras miraba as estrelas lle botase un ollo os maletíns, tería o detalle polo menos. Claro que se facía o razoamento de que como Salva marchou de farra, Xiana marchou de farra e eu quedei aguantando a estes dous plastas igual pasaba de todo e non vixiaba o tesouro. Menos

o meu obxectivo era descubrir cal. O que me preguntaba era cal sería o seu.

Fomos a un bar de copas para solteiróns que abriran había pouco e que tiña moita sona. O de solteiróns pónoo eu porque había moita xente de taitantos moi cariñosos, si, é unha maneira sutil de dicir moi desesperados, pero eu formaba parte dese clan así que o vou dicir así, cariñosos. Nunca fora por alí, non estaba ó alcance do meu bolsillo nin da miña paciencia, en canto me sorrían dábanme ganas de botar a correr, e normalmente estaba moi cansa, así que aforraba o traballo. Desta vez era distinto, como xa levaba o mozo da casa non tiña de que preocuparme. Sentamos. E o problema que se me presentaba era de que falar. Despois de pedir e acomodarnos pouco máis tiña que dicir, así que puxen cara de interesante, de ter moito misterio dentro e unha vida fascinante para que fose el o que fixese as preguntas. A verdade é que non sei como se pon esa cara, pero a intención era esa.

El tampouco tiña moito que dicir ou polo menos tardou en falar e cando o fixo contoume dos anos que botara fóra, da súa vida, de todo, que me deixou a cabeza coma un bombo que volo digo eu. Cheguei a pensar que o estaba facendo a posta para que confesase que lle estaba roubando, entre comiñas o de roubar, porque os cartos del non eran; ímolo deixar en enganar. Pero el seguía falando, é que nin como tortura era normal. Seguro que mo notou na cara, porque comezou a facerme preguntas, non relevantes, só para manter unha conversa inocua ¿e ti que tal?¿e ti que pensas?¿non che parece? e así. Despois puxeron música máis tranquila e a xente comezou a bailar, Ramón convidoume a saír á pista, que non era tal pista, era alí a carón das mesas no anaco que había ata a barra. E bailamos. Que romántico, que romántico e que paz, deus por fin parara de falar, a cabeza deixou de dar voltas por fin e disfrutei do home, por fin. Bailar bailaba ben.

Non sei se cheguei a pechar os ollos nalgún momento, penso que si, é a explicación que lle atopo. O único que sei é que despertei sentada nun banco, tan tranquila, aínda era de noite así que non debera pasar moito tempo, ou iso cría eu.

## Capítulo 27. No fondo. Segundo intento (Segunda parte)

Incorporeime e mirei de redor para ver onde estaba, notei un ruído enxordecador que se achegaba, coma para non notalo, da hora que debía ser notábase ata unha mosca. Admito que incluso me chegou a asustar, parecía que viña cara min, pero non se vía nada e non entendía porque, as estrelas dabanme visibilidade abondo coma para velo se estivese alí, e non o vía, non vía nada, só ese ruído. Cando xa a cousa non podía ir a máis apareciu unha luz no horizonte, unha bombilla enfronte de min, que en segundos se convertiu nun foco que me miraba fixamente, interrogándome, estaba acojonada quería ir cara atrás pero como estaba sentada e non daba feito a poñerme de pé e botar a correr o único que conseguía era empurrarme, mellor dito empotrarme no respaldo do banco, tanto que non sei como non o partín polo medio ou como non quedei alí tipo tapete de ganchillo.

Cando pensaba que se ía abrir unha comporta e se ía deslizar unha pasarela e baixar un cabezón baixiño cos dedos longos e mirada morriñenta sinalando có índice iluminado cara o ceu dicindo "mi cazaaa" o ruído parou, a luz apagouse, acendiuse unha luz azul debaixo do que fose que estaba alí mirándome e vin con claridade unha especie de helicóptero que estaba dobrando a hélice cara abaixo e empaquetándose ata quedar nun cubo e despois baixou cara abaixo, vale, vale, cara arriba non ía baixar... apagouse a luz e todo quedou en calma de novo.

Foi automático, erguinme e fun mirar, non había nada, só un acantilado e auga, auga da de toda a vida, salada imaxino, estaba a marea alta, pero non dabondo coma para probala, o caso é que sendo de mar estaría salada. Dei voltas de redor mirando para todas partes, era Oza e todo estaba tan tranquilo como debía estar. Botei a andar ata a

taberna dos pescadores que había preto da antiga vía, quería tomar algo para despexarme, para centrarme, aínda que tiña medo de contarlle semellante cousa a alguén. Mentres camiñaba botei man do bolso, tiña que chamar a Salva para que viñese e me axudase a baixar para ver o que había alí. Apalpei e apalpei pero non tiña o bolso, debérame caer no banco, estaba deitada cando espertei igual o usara de almofada. Dei volta cara o banco, todo seguía en silencio, seguía todo escuro agás polas estrelas, no banco non había nada, sentei desesperada, non só tiña unha lagoa de sabediós cantas horas, perdera o móbil, non tiña cartos nin memoria suficiente para lembrar ningún número de teléfono. Non adiantaba nada indo a taberna así que fun cara a casa, estaba cansa pero alí non facía nada.

Cando cheguei a casa esperaba atopar a Alicia e Sandra tiradas no sofá ca tele posta nos anuncios e todo cheo de papeis e paquetes de galletiñas saladas tirados polo chan. Pero non. Todo estaba en silencio, xa comezaba a pensar que o ruído do suposto helicóptero-nave espacial-nave extraterrestre me deixara xorda, porque só escoitaba silencio. Non tiña chave, cousa que lembrei cando estaba diante do portal, desexei que estivesen arriba, pero chamei e chamei e ninguén me abriu. Nese caso só quedaba coller unha pedra, romper o cristal que tanto me custara conservar enteiro e abrir desde dentro.

Na porta do piso foi mais complicado, collín un alambre e metino polo fecho, dei voltas e máis voltas coma nas películas pero non abriu. Baixei ó primeiro, collín a palanca e desmontei a porta de castaño. Era obvio que non estaban na casa, dentro había, si, silencio. Tiña fame, así que prendín a tele mentres ceaba algo, na teletenda había o de sempre, comezaba a pensar que pasara unha eternidade, que estivera metida nun buraco espazo-tempo deses e que cando atopase ás miñas amigas xa terían corenta anos, catro fillos e un chalé na zona boa. Deille ó teletexto e respirei con alivio

e con certa tristeza, me afixera á idea de ser dez anos máis nova co resto e ter algo emocionante que contar. Non, só pasara un día, só un día, aló se esfumou a miña emocionante vida para converterse no mesmo de sempre. ¡Que decepción!

E alí estaba eu, vendo unha aspiradora que era a hostia, comendo uns fiambres fríos, o de atopar o fiambre que tiña na neveira case no mesmo estado de conservación que cando os deixara xa me debera dar unha pista, pero ata que mirei a data na pantalla da televisión non caín da burra. Si, alí estaba eu toda decepcionada, decepcionada de todo, de todo de todo, cando rematei fun mirar pola fiestra, si a fiestra, esa fiestra na que estaban Sandra, Alicia e Paco cando marchei; a fiestra na que as deixei vixiando o tenderete das filloas recheas, as mesas cubertas cas cortinas de veludo, as cortinas de veludo que agochaban os maletíns cheos de pasta que rescatáramos do subterráneo da Caixa Universal. E estaba mirando ó horizonte e mirando para a estrada, ese horizonte escuro e silencioso cunhas poucas estrelas, esa rúa baldeira, silenciosa.

¿Baldeira e silenciosa? Silenciosa si, pero ¿baldeira? ¿baldeira! ¿baldeira? ¿como que baldeira? ¿os cartos? ¿onde estaban os cartos? O corazón comezou a latexar forte, moi forte e eu a andar coma unha histérica dun lado a outro, ata que me fun sentar diante da tele e lembrei que xa pasara un día desde que eu deixara todo o petate alí na rúa, seguramente os colocaran, Salva había atopar unha solución de transporte. Tiña que falar con el, non eran horas, pero tiña que saber que fixera.

Salva tardou en abrir, estábame dando por pensar que se me fugaran todos para o Caribe, de feito Salva era o que dicía que o quería facer. Abriu a fiestra e mirou coma unha maruja das de antes, das que berraban "llósua como te coja te mato", extrañoume, el abría sen máis, pero claro, non eran horas.

## Capítulo 28. No fondo. Segundo intento (Terceira parte)

Abriu a porta, agarroume do brazo e metiume dentro. Falaba a berros pero reprimindo a voz coma se quixese falar baixo, non entendía porque, vivía só, a quen estorbábamos.

- Joder tía, por fin apareces, ¿onte te meteches? - dixo Salva alterado - chameite mil veces.
  
- Roubáronme o móbil, o bolso, todo - dixen.

Conteille a Salva o que vin, teño que dicir que polo menos quitóuselle a cara de sospeita que tiña ó principio; pero a verdade é que se lle puxo cara de nai en día de resaca, da filla quero dicir. Non criou nin unha palabra do que lle contei, sobre todo o do helicóptero plegable, aí non é que puxese os ollos coma pratos coma no de antes, aí tratou de aguantar a risa, fixo un esforzo grande, pero nada efectivo.

Cando rematou de rir, mellor dito, cando logrou manter a risa máis ou menos á raia, pregunteille polas mesas e os maletíns. Miroume con sorpresa, non era o que necesitaba nese momento. Díxome que pensaba que as agachara eu, que me deixara a cargo delas e que cando volvíu ó día seguinte non estaban co que supuxo que eu me encargara do tema; e aínda que tratou de disimular, noteille que no fondo había un lixeiro recelo, como desconfianza, que case chega a pensar que me fugara cos cartos. Tamén teño que dicir que lle notei algún remorsos. Díxome que Sandra me vira marchar con Ramón e que cando Paco, Alicia e máis ela marcharan alí xa non quedaba nada co que supuxeran que eu volvera para levar todo.

- ¿Pero estaban na fiestra?¿Non viron nada? - eu



- Non sei, non me dixeron nada diso, de todos os xeitos Sandra non sabía que os cartos estaban alí debaixo, ela pensaba que os sacaramos ca polea - dixo Salva

Vaia desastre, todo tiña lóxica e ó final a culpa era miña, non debera marchar, todos cumpriran co seu cometido, Paco entretivera a Sandra, Ramón a min e Salva xa se entretivo por si mesmo.

- Non pasa nada, da igual, poidemos coller algún maletín; pero fomos demasiado avarentos - dixo Salva sen enfado.

Preparou café e puxémonos a razonar, a facer a conta da leiteira, e acabamos ríndonos. Ben pensamos en pasar de todo, tomáranos o pelo, fixemos todo o traballo e volvemos a pringar. E facendo razoamentos deste tipo púxosenos a mala hostia e arrancamos, non tiñamos moi claro que facer. A última pista que tiñamos era o baile con Ramón, así que fomos falar con Ramón.

Salva abriu o portal cunha chave mestra que tiña, dicía que se chamábamos ó timbre non nos ía abrir; eu esperaba que non marcharan xa para o Caribe, que era xusto o que debéramos facer nós. Andrés tiña cara de mal despertar, viña en calzoncillos e apoiouse no quicio da porta como o home seductor que era, todo natural, atrancando a porta.

- Queremos falar con Ramón - dixeran.

- Moi ben - dixo el.

Díxonos que nin era a súa secretaria nin súa nai para que lle fôsemos pedir permiso. Ramón había uns días que collera unha habitación no Hotel Áncora, que precisaría intimidade.

- ¿E Paco? - preguntei.
- Paco está durmindo, se non o despertastes, claro - dixo el cortante.

Mentres el falaba eu escoitaba ruidos dentro e facía esforzos por ver entre os ocos que deixaba, non vin máis ca unhas pernas de muller que saían ó corredor e se volvían meter dentro de súpeto. Mirei a Salva e díxenlle que marchábamos, aínda que a curiosidade me poidese tampouco era para tanto que preferise saber quen era a dona das pernas antes que onde metera os cartos o desgraciado de Ramón.

Fomos ó Hotel Áncora, non nos deixaron entrar, non podían molestar ós clientes; non foi tempo perdido, polo menos sabíamos que aínda era cliente do hotel, que aínda estaba alí. Cousa que me comezou a preocupar porque se non marchara non fora el quen levara os cartos, daquela o da habitación do hotel si que era para o da intimidade, polo que estaba con outra, manda narices co tío.

Como non tiñamos nada que facer alí e Salva xa se desvelara deixouse convencer para ir a Oza, onde lle dixera que vira o helicóptero plegable. Aceptou non porque me crese, senón porque de camiño partíase a miña conta e porque tiña gana de escoitar de novo a historia. O que non esperaba era que cando chegáramos vise a luz azul que eu lle describira que se vía saíndo a auga e ese ruído enxordecedor que era bastante máis forte do que lembraba dando voltas sobre as nosas cabezas.

Sentamos no banco, Salva sentou porque estaba alucinando e non se tiña de pé. Había uns catro helicópteros dando voltas e non parecía molestarlles a nosa presenza. Non parecían facer nada útil, non levaban carga nin saían da entrada do antigo porto. Salva experimentou a sensación de empotrarse no respaldo do banco que eu experimentara unhas horas antes, o foco viña cara nós ata cegarnos, apagouse de súpeto e a luz azul deixounos ver como se plegaba. Salva tiña os ollos fora do sitio e eu escoitei unha voz "non pensarías que che ía deixar quedar con todo", era

Ramón, era o que me dixeran o día antes, bailando,  
xusto antes de pechar os ollos, de súpeto  
lembreino.

## Capítulo 29. No fondo. Segundo intento (Cuarta parte)

Cando Salva conseguiu pechar a boca mirámonos e lémonos o pensamento, mentres as outras luces revoloteaban no horizonte camiñamos cara o acantilado, non tiñamos medo, tiñamos esa emoción do descubrimento, da investigación, do rescate. A auga estaba máis abaixo do que parecía, a luz viña dunha plataforma metálica que debía ir sobre raíles cara a montaña, iso xa era máis imaxinación que vista porque o acantilado era demasiado recto para ver máis aló, había que asomar máis, eu non tiña intención de facelo e Salva díxome que nin de coña, que aínda estaba durmido, que se estaba tola, que non era asunto noso e que eu pesaba menos ca el e que me aguantaba mellor.

A piques estiven de dicirlle que si, non por convencemento senón por curiosidade; é que me podía, menos mal que mo notou e pensou que igual era mellor idea ir bordeando a costa a ver se atopábamnos por onde baixar. Non o atopamos; atopamos un saínte onde supoñía que estaba o portalón polo que se agochaban os helicópteros.

Era simplemente fascinante, ó fondo víanse as luces de Santa Cruz, Santa Cristina e do Burgo, comezaba a amencer, as luces do horizonte viñan cara nós, as dos helicópteros claro, para recollerse claro. Por orde foron desaparecendo baixo a nosa atenta mirada e baixo os nosos cansos pés. Por uns intres o misterio dos helicópteros plegables fixéranme esquecer a frase que lembrara había uns intres máis "non pensaría que che ía deixar quedar con todo" volví oír e doume un baixón espantoso e contaxioso co que acabamos sentados de novo no banco ca mirada perdida sen ver solución.

- Non vos cortedes, se queredes baixamos e védelo de preto - dixo unha voz autoritaria detrás de nós.

Salva mirábame de reollo para ver que ía facer eu, eu miraba de reollo a Salva para ver que ía facer el. Demos a volta a un tempo e moi a modo, por se nos disparaban que nos pillase de perfil, sempre habería menos probabilidades de que nos acertasen en todo caso no nariz, pero igual nos facían un favor.

Era un home de uniforme, perdón, era un adonis que quitaba o sentido dentro dun uniforme que nin feito a medida; despois da consabida dilatación de pupilas sentín alivio porque non fose a policía, e viñese en son de guerra. Para nada, traía un sorriso que case igualaba ó de actor de ollos azuis de aquel da Caixa Universal. Eu relaxeime, Salva seguía babeando e o de uniforme pareceu non decatarse da miña presenza pese a que o berro o fixera en plural. E sen ánimo de exercer a miña covardía natural, nin de deixar tirado a un amigo fronte o perigo, nin de fuxir a fume de carozo coma se houbese rebaixas no China Máxica. Fíxeno, vamos ho, que ía desaproveitar a oportunidade. Salva habíao entender, no suposto caso de que me enganase co das miradiñas, que xa se me facía raro.

Ó primeiro andei a modiño, pero despois peguei unha carreira que se vía a estela desde o faro de Mera. Fun á casa, quería poñerme espectacular para volver ó hotel de Ramón, a ver se se atrevía a dicirme a recepcionista, o director e mariasantísima que non estaba Ramón. Tiña gardado un traxe de antes do maremoto, que non pensaba volver poñer, pero que gardei por se chegaba o día, e chegara. Quedábame un pouco frouxo, sinal de que antes levaba mellor vida, non mellor dito, que facía menos exercicio, que ser era unha seta no sofá. Unha última visual no espello, bah, non estaba mal, rara, pero mal non.

- Vaia, seica me enganei de porta - di Ramón.

Joder, o día comezara forte e ía a peor, non ganaba para sustos, foi abrir a porta e dar con Ramón apoiado no quicio todo ancho, todo natural. A ver se me enganara con el.

- ¿A onde vas tan "posta"? - preguntou.

E non me miraba con desgusto por moito que me criticase, non, para min que o sorprendera. Díxome que tiñamos que falar, que o deixase pasar; pero aínda estando na entrada da miña casa, ca porta aberta díxenlle que moi ben, que fósemos a un bar que unha non se pon de punta en branco para quedar na casa. El díxome que non estaba para historias e que se non o deixaba pasar que falaba alí na porta que tanto lle tiña, total pouca cousa quería dicir. Non me gustou nada o ton que empregou e como para chula eu díxelle que se tan pouca cousa era que o soltase dunha vez, e fíxoo.

- Tes que baixar polo resto - soltou.

- ¿Que resto?¿De que vas? - preguntei alterada.

- O resto da pasta, só sacaches a metade, porque non a terás agachada na casa ¿non? - dixo medio en coña.

Deixeiille ben claro que subíramos todo o que atopara e que se había algo máis non estaba na caixa e sobre todo e máis importante, que non tiña nin a máis mínima intención de volver facerlle de criada. El sorriu con malicia e díxome que lle parecía moi ben que fose tan inocente coma para pensar que podía enganar ó resto, pero que el me coñecía moi ben e que ía tres pasos por diante. Deixoume ben claro que ía por libre e que non tiña intención de repartir cos seus colegas pero que o concellal non era tan bo de conformar, que non lle colara o de que non sabía nada e que eu lla xogara, así que tiña que baixar polo resto para darllo ó concellal, que el xa colocara os maletíns e non podía volver a operación atrás.

Deixoume descolocada de todo, non era a primeira vez que ma xogaba, e si, fora demasiado inocente pensando que o daba enganado, pero non lle vía sentido a que trouxese ós seus colegas e despois os deixase colgados aínda que cadraba co que nos dixerá Andrés. Claro que tamén me dou por pensar que era todo unha comedia para aproveitarse máis de min, que era ben capaz. Fose como fose díxenlle que o amañase como poidese pero sen min. El marchou e mentres baixaba polas escaleiras soltou.

- Iso xa o veremos.

E igual foi polo eco e pola mala hostia que levaba o rapaz que soou demasiado tético. Tiña que falar con alguén, ía chamar a Sandra, pero lembrei que me roubaran o móbil, mellor dito, que mo roubara el. Botei a correr escaleiras a baixo, xa era hora de que me contase todo quixese ou non.

## Capítulo 30. Estou na lavadora

Agarreino polo brazo e obrigueille a dar volta para mirarme.

- ¿Pero ti de que vas? - preguntei.

Díxenlle que non era a súa criada e que se esperaba que me pasase por vez o de quedar sen nada ía listo, que non sabía con quen se estaba metendo.

- Seino perfectamente - dixo con voz fría e distante.

E seguro que o sabía, pero tampouco era para darlle a razón así como así. Tamén seguía sen cadrarme que traicionara ós compañeiros, non porque non fose capaz, que ben era, senón porque os outros non o ían deixar marchar así como así, sobre todo Andrés. Vamos que non me cadraban as contas.

Seguía agarrándolle o brazo e para ter a cara de mala hostia que tiña e estar enfadado como estaba notábo tranquilamente, non intentara soltarse, nin lle molestaba o interrogatorio; pero aínda había algo máis raro, cando lle facía comentarios do tipo "¿ti de que vas?", cando me alteraba, el desviaba a mirada. Si, algo raro pasaba. Normalmente cando me facía unha putada, e niso tiña experiencia, mirábame fixamente, á cara, ós ollos, para que lle crese o que me contaba.

- Pero Xiana como me ían ver cunha loira se estiven toda a tarde na biblioteca...

Si, mirándome ós ollos, cun sorriso doce e o pulso que nin se lle alteraba ó moi cabrón, coma os da CIA que superaban o polígrafo asumindo dúas personalidades, pois este igual pero menos elaborado, porque eu pilleino sen polígrafo nin nada, iso sí, el intentouno.



Agora era distinto, non se molestou en disimular, como se quixese que descubrise a mentira.

- Tes que volver alí en baixo e sacar todo - dixo.

- Nin de coña - dixer sorrindo.

Sorrín porque me saíu, que me fixo gracia a súa insistencia, a súa necesidade, a el non lle fixo tanta e púxose máis serio aínda, que xa era difícil.

- Faino - ordeou.

- Non - dixer.

- Faino ou vas perder máis do que pensas - dixo en ton ameazante.

Aínda que polo mirar non parecía esa a súa intención, igual estaba xogando ó despiste, coma o das dúas personalidades non lle funcionara agora intentaba o de dar sempre respostas falsas.

- ¿Máis que?¿Tempo?¿Paciencia? non te preocupes, teño de sobra, podo permitirme o luxo - dixer.

Miroume en fite, mirou o brazo que lle estaba agarrando, mirou a miña man e apartouna coma se de súpeto lle molestara, dou media volta e colliu escaleiras abaixo, no descansión volviuse cara min e insistiu:

- Faino... ou vas perder máis do que te podes permitir...

E marchou, mellor dito intentou marchar, fun detrás del, non lle ía consentir que me ameazase e nin moito menos que dixese a última palabra sen darme opción de réplica. Deino agarrado polo ombreiro, detívose pero aínda tardou en dar a

volta, a piques estiven de botar a correr e pecharme no meu piso porque aquela demora tiña pinta de tratar de calmarse, de conter as ganas de mallarme a paus, era ben capaz, non de mallarme a paus... esperaba... pero si de botarme un berro que me deixase sen sentido. Pero non o fixen, co medo que me entrou só fun capaz de quitarlle a man do ombreiro. El, ó notar que retirara a man, dou a volta a modo, collendo aire, e non sei se era eu co medo ou el ca emoción pero doume a impresión de que tiña os ollos empañados, aínda que só foi iso, unha impresión porque nunca o vira emocionado, si bueno, cando o seu equipo ganaba e tal pero non emocionado de sentimentalmente emocionado. Miroume, agarroume polos brazos, como para inmovilizarme, xa estaba temendo o peor. Baixou a mirada, soltoume os brazos e agarroume polo pescozo, achegouse e bicoume, despois soltoume o pescozo cunha caricia e dixo cunha voz moi doce:

- Faino.

O de mallarme a paus sen dúbida había doer máis, pero o efecto non sei se había ser tan demoledor, quedei mirando como marchaba aínda que sen ver en realidade.

Cando volví en min subín para chamar a Sandra e contarlle que Ramón me bicara, estaba toda acelerada buscando o móbil cando lembrei de novo que me roubaran o bolso, o móbil e todo, e que, seguramente foi o James Bond que me acababa de engaiolar cun bico. Non o pensei, botei a correr escaleiras a baixo e fun á casa de Sandra.

A dicir verdade estrañábame que tardase tanto en abrir, non era a máis rápida do mundo pero levaba un cuarto de hora dándolle a chapa na porta e ata a súa infinita paciencia estaba fóra dese límite. Volvino intentar unha última vez e como vin que non había maneira decidín entrar á brava. Non sería a primeira vez que quedaba durmida no sofá cos cascos e despois ía dicindo que a deixábamos

abandoadada, que non lle facíamos caso, que non a íamos visitar... Collín impulso e deille unha patada á porta e abrina. Non é que tivese tanta forza e que se lle dabas un golpe seco a media altura desfechábala... algún defecto de fabricación.

O piso non estaba revolto nin había indicios de violencia, todo estaba no seu sitio, a tele apagada, a cociña recollida e a manta do sofá dobrada no respaldo. Sentei e púxenme a pensar, con Paco non podía estar, non era normal que tendo ela un piso para eles sós estivesen noutro con dous homes e unha muller máis. Despois dei un paso atrás e centreime na muller do piso de Andrés ¿e se era Sandra? Iso explicaría porque se agachou tan rápido, igual lle dou vergoña que a vise naquelas circunstancias e... Sandra non era, ela é demasiado inocente como para sentir vergoña por liarse con ninguén facíao e punto, que explicacións lle tiña que dar a ninguén. ¿E Alicia? A ver se o numerío de muller enganada era un truco para achegarse a nós, ou peor, a ver se lle dou un ataque de celos e a despachara.

Erguinme, recorrín o piso de novo a ver se atopaba algo. De súpeto escoitei un zumbido que viña de algures, soaba choco, coma cando metes unha zapatilla na lavadora, choco e metálico. Fun á cociña ver se deixara a lavadora posta, polo menos iso indicaría que non andaba moi lonxe, que eu era unha histérica e que xa lle estaba inventando unha boa para que non me fixese pagarlle o arranxo da porta. A lavadora tiña a porta aberta e o ruído parara, aproveitei que estaba alí para comer algo. De súpeto o zumbido volviu a aparecer. Viña da lavadora sen dúbida. Mirei, era un móbil. Botei a man dentro e collino, seguía zumbando. Era o meu móbil. ¡Era o meu móbil!

¿Pero que demo facía o meu móbil na lavadora de Sandra? O primeiriño que me pasou pola cabeza foi pensar que collera unha chea impresionante e que, como me dixera Salva, non tiña nin idea de onde

deixara nada e inventara o do roubo do bolso. Vale, en realidade o primeiro que me pasou pola cabeza foi "a moi puta rouboume o bolso" e seguiríao pensando de non atopalo na lavadora. O móbil seguía zumbando. Se Sandra me roubase o bolso, collería o que precisase e devolveríamo sen que me decatase; era obvio. Podíao facer en calquera momento e non precisaba meter o móbil na lavadora encendido. Vale, non fora ela.

Quen me roubou o bolso secuestrou a Sandra. Esta explicación era máis factible, máis lóxica, non explicaba o do móbil na lavadora pero era máis lóxica. O móbil seguía zumbando. ¿O móbil seguía zumbando? Por fin me decatei, deixei de darlle voltas á cabeza e descolguei.

- ¿Si?

## Capítulo 31. Maxia

- ¿Si? - repetín.
- ¿Quen es? - dixo unha voz de muller do outro lado.
- ¿Como que quen son?¿Quen es ti? - inquirín.

¿Que era iso de chamarme e preguntarme quen era?¿A quen chamou?¿Pois sería esa?¿Como que quen era?¿Era eu!

Despois dun longo silencio e un pouco antes de colgar a muller dixo con acidez:

- A ver se nos deixamos de tonterías, levo catro días sen saber da miña filla e estoume poñendo nerviosa.

Díxenlle que igual era mellor que a chamase a ela, que o departamento de fillas perdidas non era eu e que igual a policía lle podía axudar xa que cobraba para iso. Ela dixo, con moita sorna, que agradecía a miña inestimable axuda, que nin se lle pasara pola cabeza falar ca policía, que mil gracias e que gracias de novo e que se era capaz de deixar a miña estupidez a un lado igual sacábamos algo en limpo. E tanto. Colguei. Si, colguei, que si, colgueille a unha nai desesperada que non sabía da súa filla desde había catro días. Bueno ¿e que? eu rescatar xoias ou xarróns si, pero fillas non. Non era cousa miña, non era a miña responsabilidade, non me incumbía. Bueno, vale, que si, que me puideron os remorsos, que me dou por pensar en Sandra, que tamén estaba desaparecida e chameina de volta.

Case nin soou o primeiro pi.

- Chámase Alicia e atopei este número ó lado do teléfono. É o único que deixou na casa - dixo a muller.

¿Alicia? Se era a mesma Alicia que eu coñecía a cousa non era para tanto, tiña pinta de saber desenvolverse ben e de ter mala hostia dabondo para que non a aguantasen moito secuestrada, esto último decidín non dicírllo porque tal como son as nais igual entendía que a despachaban en lugar de que pagaban por que lla levasen, que era o que pretendía dicir.

Díxenlle que coñecía a unha Alicia que estivera na miña casa porque sospeitaba que o seu home andaba ca miña amiga e que parecía saber desenvolverse, pero que non a volvera ver. Ela dixo que tiña razón pero que non a chamou des que marchou e que non lle collía o teléfono e que como tiña esa inconsciencia de nena consentida igual atopara algún desalmado que lle viu a visa platino e...

Conteille cal fora a última vez que a vira e que non me tiña pinta de ser fácil de enganar, e que tamén desaparecera a miña amiga, a que ela pensaba que andaba co seu home. Ó mellor debín calar.

- Oh deus ¿non pensarás...?

Creo que lle pasou pola cabeza que súa filla matara a Sandra, pero non lle deixei rematar, por se fose certo, que non o cría... A muller desesperouse e comezou a contarme a súa vida, toda enteira, des que casou ata ó momento en que Alicia puxo o pé fóra da casa. Sorprendíume que a batería do móbil aguantase tanto. Cando a muller comezou a chorar díxenlle que prometía facer todo o posible por atoparlle a filla e que a chamaría e todo iso.

A parte da situación incómoda do principio e do final da chamada saquei moita información interesante. O nome de Andrés, que saise ese nome foi o máis interesante de todo, tiña que volver ó seu piso.

Chamei varias veces pero non abriu ninguén. Puxen a orella e escoitei a tele e pasos de xente.

Arrimeime todo o que puiden, xa case parecía Spiderman do incrustada que estaba na porta. Escoitábase con claridade, era "Corazón de Glamour". Peguei o dedo ó timbre e apertei ata que adormeceu, o dedo non o timbre. Normalmente na miña casa funciona, pero na de Andrés vese que non. Cansei de estar alí de pé e chamei a Salva. Foi claro e conciso:

- Liguei, non molestes, que lle dean polo cú ós cartos.

Iso dicíao no frenesí do momento, pero unha vez lle pasase a quentura verías o que lle ía dar a el e por onde. Eu fixen o que me dixo, mandadiña que son, deixo en paz, claro que lle tiña que dar a paliza a alguén así que fun buscar a Ramón, ó final todo era culpa del, así que era el quen tiña que arranxalo. Non estaba no hotel, pero como ía tan emperiquetada que diría unha gran muller foron moi amables e dixéronme que lle pasaran unha nota para unha cita nas tendas centrais ás cinco da tarde. Tiña que ir afacéndome a usar blusa, iso de non abrochar todos os botóns daba bastante mellor resultado que pegar catro berros, onde vai parar; o da saia tamén axudaba, para obter información, para o das tendas centrais igual non tanto.

As cinco era unha hora estraña, cadraba aínda ca marea alta, e calculaba que ata as sete non comezaba a baixar o que significaba que ata as oito non comezaban a abrir as tendas. Si, era a hora máis bonita porque as iluminaban con velas e aliviaban o ulido a marea con incienso, o que lle daba un aspecto máxico. Que a cita fose ás cinco en lugar de ás oito significaba que quedara con alguén de fóra ou alguén que non ía moito por alí o que non tiña sentido salvo que non quixera que os visen xuntos. ¡O moi cabrón ía quedar cunha casada! Cunha casada sen experiencia no tema porque a hora era dunha primeiriza... ¡ía quedar con Alicia!

Se Ramón quedara con Alicia a que estaba na casa de Andrés había ser ¿Sandra? cadraba co de "Corazón de Glamour" pero non co de non abrir a porta. Lembrei que recuperara o meu teléfono. Chameina.

- O teléfono ó que chama está apagado ou fóra de cobertura.

Se a da casa de Andrés quedara durmida vendo a tele... Sandra sempre apaga o teléfono para ver a tele. Case me aliviou, polo menos estaba en sitio coñecido e de estar secuestrada tratábana ben, ca tele xa tiña todo o que precisaba.

Agardei emocionada a que chegara a hora da cita, emocionada e agachada. Ramón chegou primeiro, sorprendiuse de ver que o mar o enchía todo, seguía sorprendéndose de que a auga estivese alí, era como o tío aquel de "Sei quen es" que se namoraba cada vez que vía a súa doutora, claro que el tiña a escusa da enfermidade mental aquela.

A muller chegou unha media hora despois, tarde, efectivamente tiña que ser casada, alianza levaba. Esperaba outro tipo de muller pero igual era que nunca o chegara a comprender, por iso non chegaríamos a nada. Saudáronse cun apretón de mans, polo que igual a que non comprendera a situación era eu. A muller sacou un sobre do bolso e doullo con ademán clandestino a Ramón, el mirou de redor e metiu o sobre no peto de dentro da chaqueta. Despois botaron a andar, o que dificultou o seguimento, pero unha é unha experta e non conseguiron despistarme. Ela camiñaba mirando ó fronte e Ramón xesticulaba enérxicamente. Non puideron escoitar nada do que dicían e iso que cada vez me ía achegando máis. Pararon. Chegou un coche oficial cos cristais tintados e un chófer cun pin do concello na solapa da chaqueta. Non é que tivese vista de raios X é que o tipo saiu para abrialle a porta á muller. Ela entrou e desapareceron polas rúas abandonadas da zona cero.



Ramón camiñou cara o punto de partida, eu fun detrás del. A marea baixara e xa se encenderan as primeiras velas no edificio, aínda había que mollar os pés para entrar pero non lle importou. A min tampouco, que remedio, en realidade importar si que me importaba pero quería saber o que facía Ramón. Sabía ben o que tiña que facer pero debino pensar de máis e, unha vez dentro, perdino; non estaba por ningures. Bueno, seguro que estaba porque aínda non se podía saír por detrás. Subín ó último piso e mirei polo balcón como se comezaba a iluminar todo, como se ía enchendo de xente e os barullos dos regateos apagaban o eco de edificio baleiro.

Cando erguín a vista e mirei ó fronte. Ramón estábame mirando e sorría, sorría con aquel sorriso que paralizaba e restaba neuronas porque me facía esquecer todo o malo e envolvíao nunha aura de maxia, bondade e atractivo que non era normal ¿é que non había maneira de inmunizarse?

- Ca marea baixa calquera pode - escoitei ó oído.

Tratei de mirar quen era, pero un par de brazos enormes acurralábanme contra a varandilla e unha cabeza impediame mover a miña. De calquera xeito sabía de sobra quen era.

- ¿Quen era a muller ca que falabas?

"Esa non é unha información que precisen" volviu dicirme ó oído. Pero si que precisaba esa información, de feito quería esa información e así llo fixen saber. Quedou calado respirándome no pescozo. Sería pola maxia do lugar ou polo malísima que me poñía pero nin a risa frouxa me saiu que non quería estropear aquela sensación de paraíso.

- Imos tomar algo - dixo por fin.

Diríalle que non, que había tempo que non estivera tan preto da felicidade; pero el apartara a cabeza do meu pescozo e os brazos da varandilla, a máxia esvaeceráse, así que o mellor era botarlle algo de comer ó estómago, xa había non sei canto que non comía e ademais ía pagar el... esperaba.

Comín coma unha prea, a cocifeira mirábame mal, case lle acababa cas tapas que tiña para toda a tarde.

- ¿A onde se vai por aí? - preguntou.

- Ó bosque - respondín.

- ¿Como que ó bosque?¿Como vai haber un bosque aí? - dixo excéptico.

Pois claro que había un bosque, erguémonos e saímos das tendas centrais pola parte de atrás. O camiño non era moi cómodo, pero polo menos non había escombros. Comezaba a escurecer e Ramón estaba poñendo a cara de pánico que poñían todos a primeira vez.

Supoño que para tranquilizarse comezou a contarme toda a historia.

## Capítulo 32. A historia (Primeira parte)

"O día que recibín a chamada de Andrés - comezou a dicir Ramón - quedei pensando en como sería a miña vida de non marchar cando marchei e a verdade é que me dou a morriña. Despois estaba o da pasta, tampouco me viña mal, claro que estaba farto de escoitar historias da cantidade de riqueza que quedou enterrada e a verdade é que non pensei que a cousa fose en serio; pero Paco e Alberto tiñan gana de vir, non coñecían a cidade e podíamolo pasar ben."

Camiñábamos a modo saltando de pedra en pedra, a marea aínda non baixara de todo e facíamos o que nos deixaba o mar, nunca ía por esa zona, non había moito que ver.

"Cando vin o fácil que foi liarte pensei que me ía retirar sen moita complicación e ata me convencín de que realmente había pasta. Admito que me impresionou ver a zona cero, será a cara que poñemos todos a primeira vez, imaxino ¿que bosque dis que hai por aquí? - e seguiu falando sen preocuparse da miña resposta - os problemas viñeron despois, ás veces dábanme ganas de matar a Andrés, pero os amigos son así.

Recibín unha chamada da central, da de aquí para que me presentara a servizo, estrañoume porque nin Paco nin Alberto a recibiran e tampouco se oíra nada que merecese tanta urxencia. Fun, claro que fun, como non ía ir, jodíume, estaba de vacacións, é que non hai maneira de desconectar con esta xente. En realidade o que máis me jodía era que ós outros non os chamaran ¿que pasa?¿que teño cara de tonto?"

Non mirou para min porque estaba poñendo xesto de que si, pero el seguiu ó seu.

"O comisario preguntome porque viñera, estrañoume, ben sabía que era de aquí, non lle dixen a

verdade, díxenlle que había que non vía a familia e toda a gaita esa. Puxo cara de bueno e díxome que había alguén que quería falar comigo, alguén do concello. Pregunteille quen era pero non mo dixo, tan só me dixo que tivese o teléfono operativo e que o collese cando me chamasen sen falta e sen excusa de ningún tipo.

Non creas que lle teño medo, cobro por dispoñibilidade e aínda que ás veces me fago o sueco, tampouco quero que me sancionen, un ten que comer."

Si, claro, este é dos que falan moito e despois se acojonan en canto o xefe sube o ton de voz, que si, un revolucionario de cafetería, estaba claro.

"Ó pouco chamáronme, era unha muller. Aí pensei que igual a cousa se poñía interesante, e tiña razón, aínda que non do xeito que esperaba, na primeira chamada só me dixo que se chamaba María e que tiñamos que quedar nun sitio discreto. Xa me dirás se non é para facerse ilusións. Cando a vin baixei da parra, non é que estea mal, pero está un pouco pasada para o meu gusto, xa me entendes."

E tanto que o entendía, porco, máis que porco, había ser unha top model para darlle gusto ó rapaz.

"O primeiro que me plantou era que sabía que estaba metido no do tesouro. Como cho conto, dixo "no do tesouro" coma se soubese todo o que faláramos con Andrés. Negueino todo, probas non había ter, todo o máis sería que Andrés se fose da lingua, cousa que entraba nas miñas previsións, a discrección non é unha das súas virtudes para que imos dicir o contrario. ¿E que, que Andrés se fose da lingua? No tema do tesouro con dicir que era por seguirlle a corrente, que non cría que fose certo e, como dis ti, que é un conto para turistas, pois xa está. Pero a tía non ía por aí, sabía todo, o que se di todo, que faláramos contigo, que ti coñecías a Salva, todo o teu

historial, todo o meu historial, o noso historial - dixo sinalándonos, referíndose á nosa relación - co que a comecei a tomar en serio.

Si, tomeina en serio pero con precaución, sobre todo cando comezou a contarme unha película distinta da que me contara Andrés, e aínda máis cando a historia da tal María tiña máis sentido que a que me contara Andrés."

Xa non sabía onde pisaba, a auga chegábame ó xeonllo, estaba tan intrigada, por fin ía saber toda a verdade e nada máis que a verdade... ou iso ou era outro conto de Ramón para liarme e que volveuse a baixar, pero estaba tan interesante...

"Andrés contárame que o concellal ese colega seu quería a pasta e pouco máis, que tiña información certa de que alí había pasta e que aínda que a repartíramos había para parar un carro. A min chegoume, quedaban sen responder unhas preguntas como a de ¿porque agora? e algunha máis, pero quen se pon con esas tonterías neses momentos.

A tal María era concellala de cultura e díxome con total franqueza que o único que lle interesaba era vingarse do Concellal de Urbanismo por deixar a súa concellalía sen presuposto; que me conseguiría toda a información que precisase e que quería que, do xeito que fose, a pasta non chegase ó concellal; que, se había pasta, tiña que seguir alí abaixo e que se me tiña que pagar o mesmo que a cantidade que atopase estaba disposta a facelo.

Non tiña nin idea da pasta que podía haber na caixa forte da Caixa Universal pero dubidaba que unha concellala de cultura poidese igualar a cifra, ela notou a miña desconfianza e asinoume un cheque bastante cuantioso, cheque que xa cobrei e que compensa con creces a pasta que sacaches do fondo".

Case o mato ¿para que me roubou a pasta que tiña o cheque? é que era para matalo.

### Capítulo 33. A historia (Segunda parte)

- ¿Daquela a que ven o de roubarme os cartos?
  - dixen enfadada cando xa non aguantei máis.
  
- ¿Os cartos que ti roubaches e que pretendías que fosen para ti soa, e non repartir con nós? - preguntou Ramón con sorna.
  
- Claro, nós facíamos todo o traballo...

Interrompíume aspirando paciencia e seguiu ca historia.

“Como ti ben sabes, os cartos non dan a felicidade e a María o que lle da a felicidade é que o concellal non teña os cartos da Caixa Universal, e sobre todo que o soto da Caixa Universal non quede libre. Digo eu que o entendes - díxomo coma se fose evidente, que ía entender eu - vexo que non, eu tamén tardei, que importancia vai ter un soto no medio da zona cero entre outros moitos e que leva aí abandonado tanto tempo. Pois a importancia está moi clara, sobre todo cando anda por medio o concellal de urbanismo ¿non? E deberías sabelo ti mellor ca min, ós da zona cero expropiáronvos, pola declaración de zona catastrófica e toda esa gaita. A maioría quedou contenta e satisfeita e nin lle acorda o piso do centro nin o ruído do tráfico nin o camión do lixo as cinco da mañá nas rúas estreitas. Despois, claro está, hai outra xente, coma ti, que por levar a contraria andades todo o día zona cero para arriba e zona cero para abaixo.

A verdade é que tampouco tedes tanta importancia nesta historia, que non aceptádes a indemnización e sigades vivindo nas vosas casas, aínda ca auga e a luz cortadas e aínda que o mar rezume polo alcantarillado; pois xa ves, cousa vosa. Antes había aqueles poboados marxinais e agora estades vós, aínda dades menos a lata porque non saídes do gueto e valedes de atracción

turística. Cando se cansan de vós buscan algo polo que metervos na cadea, que o hai, e punto.”

- ¿O dos cartos era unha excusa para menternos na cadea? - preguntei.

“¿Estás na cadea? Acabo de dicirche que tampouco sodes tan importantes, era un paso de tantos, un beneficio engadido, coma se tomas unha aspirina para a dor de cabeza e che cura a postura do dedo gordo, xa me entendes. Ou moi mal informada andas ou xa sabes que o prazo para devolver as indemnizacións e reclamar as antigas pertenzas está a piques de vencer. Igual non, ti non tes nada que devolver. Como é obvio ninguén fixo uso de semellante privilexio, quen se vai querer meter en semellante pozo de escombros. Como tamén deberías saber, unha vez remate ese prazo o concello pasa a ser o lexítimo e oficial dono de todo ese terreo. Pasa a mans públicas por así dicilo.”

- Little Venice - interrompín.
- Vexo que si estabas informada - dixo.
- Algo escoitei pero pensei que era unha das excentricidades do alcalde ou un bulo deses para rirse del que circulan por aí, como ser é ben posible.

“Pero aínda así iso non é o máis importante da historia porque a obra vaise facer de todas todas, o proxecto foi aprobado no Pleno ó pouco de completar o pago das expropiacións, e non só por ocorrencia do alcalde, senón por esixencia dos que puxeron os fondos como aval, vese que non foron a fondo perdido.

Preguntaraste que ten que ver a caixa forte en todo isto - pois si, iso me estaba preguntando - cando a Caixa Universal aceptou a indemnización multimillonaria, como poderás imaxinar, renunciou a todo o que quedou alí, e como tamén ben sabes,

non todo o que renuncia está disposto a facelo realmente. Non lles urxiu, ou mellor dito non o puideron facer antes porque tiñan que esperar o prazo legal para non ter que dar explicacións. Non contaban con que che levase tan pouco tempo, a verdade; ou digo eu que non contarían, eu desde logo que non e María tampouco; por iso tivemos que devolvelo ó fondo, por dicilo dalgún xeito - mírame entre paternalista e chamándome gilipollas - para que non se enterase ninguén.

Afortunadamente para min non lle contaches o dos cartos por aí. Así non se enterou ninguén que os cartos existen de verdade, que conseguiches sacalos e que estiveron na rúa ó alcance de calquera."

- ¿De verdade que a vinganza dunha concellala de cultura pode ser tan retorcida? Nin sequera vai recuperar o que che dou no cheque, según ti - dixer.

"A cousa non é tan sinxela coma roubar cartos, parte do contido da caixa era a comisión do concelleiro pola concesión da obra á constructora da Caixa Universal. E o máis importante de todo, coma sempre, é un maletín que estaba entre todos aqueles e que ti non sacaches. O maletín contén determinada información, que ó parecer pode cambiar o rumbo das COUSAS." - dixo con misterio.

- Ha, ha, ha - rin despreocupada, pensando que me vacilaba.
- Non rías, tes que volver baixar e sacar todos os maletíns que deixaches da outra vez - dixo moi serio.
- Non deixei ningún, non nos custou nin nada sacalos todos - dixer.
- Estou falando en serio - dixo.



- ¡Ei! para xa cas ameazas, por certo ¿onde está Sandra? Como lle fagas algo entéraste ¿escoitas? - dixen, tamén moi seria.
- ¿Sandra? Non sei, andaré por aí con Paco, a última vez que a vin foi na fiestra da túa casa, e agora que o mencionas tampouco volví ver a Paco. Paco é moi amoroso igual a convenciou para ir de lúa de mel - dixo moi suxerente.
- Que raro - dixen - daquela ¿a que viña iso de que "ía perder máis do que me podía permitir"?.
- Era un falar muller, parece mentira que non me coñezas - respondeu restándolle importancia.
- Si que te coñezo, si ¿por que me deixaches tirada nun banco alí diante do zulo ese dos helicópteros plegables? - preguntei.
- Non te deixei tirada en ningures, cando bailábamos desmaiácheste, digo o do desmaio por ser fino, porque o que tiñas era unha chea de coidado. Leveite a túa casa, deixeite no teu piso, na túa cama, soa... ata onde eu sei.
- Xa - dixen mirándoo en fite para descubrir se mentía.

O primeiro instinto foi crelo, pero estrañoume a tranquilidade ca que escoitou "helicópteros plegables", sen inmutarse, coma se fose do máis normal. Ademais eu non bebera nin pinga e non me desmaiei, ou si, pero contra a miña vontade.

- ¿Onde está o bosque ese que dicías? - preguntou cambiando de tema, tratando de restarlle importancia a historia do meu abandoo.

- Estamos chegando - dixeran.
- ¿Como pode haber un bosque aquí? - preguntou.
- Pois haino ¿lembras os xardíns de Méndez Núñez? - preguntei.
- Non me jodas, iso non é un bosque - dixo con desprezo.
- Non claro, iso non; pero por non se sabe moi ben que, unha especie de Nova Zelanda, unha árbore moi alta e chea de raíces que había nos xardíns, doulle por reproducirse, multiplicarse e extenderse. Toda a zona portuaria agora é un bosque, case unha selva.
- Porque ti o digas ¿e non se ve desde Santa Cristina?
- Si que se ve, pero ca marea chea parece un xardín - dixeran con misterio.
- Xa me tarda velo - dixo incrédulo.

A verdade é que o tomamos con calma, das tendas centrais ó bosque non había máis que uns quince minutos con bo paso e sen moitas pozas; pero Ramón non era capaz de andar e falar a un tempo, se eran frases pequenas si, pero cando collía ritmo no relato paraba e explicábase todo, coma se non fose capaz de facer dúas cousas a un tempo ou coma se ca súa énfase quixese convencerme de que a historia que me contaba era certa.

## Capítulo 34. Conspiración

- ¿E agora que facemos? - dixo María.
- O que haxa que facer - dixo Carme.

María sabía que Carme falaba en serio, que chegaría a onde fose preciso, aínda que non estaba segura de que fose oportuno que involucrarse de máis na situación, ó final tiña motivos persoais que podían aumentar a crueldade da vinganza.

Josefa mirábaas en silencio, estaba dacordo cas súas colegas pero non quería implicarse demasiado nunha historia que lle tiña pinta de absorber moito tempo. Ó final era unha conspiración e por anos de funcionaria sabía que pese a todo o tempo libre que poidesen ter, esas cousas facíanse de noite, e tamén pola súa ampla experiencia sabía que ela, de noite, tiña mellores cousas que facer.

- Non o tomes como algo persoal - dixo María.

Carme nin lle prestou atención, dou un golpe ca man na fiestra, deixando claro que por suposto que o tomaba como algo persoal, era algo persoal. O seu ex tomáaraa con ela, disfrutaba cada xogada que lle facía e ata aquel momento ganara sempre; pero chegara o momento de pararlle os pés, e se non o facía a lei faríao ela. Non sabía moi ben como, pero xa atoparía a maneira e quedou pensando ca mirada perdida na balconada de enfrente.

María camiñaba nerviosa dun lado a outro.

- Igual é unha tontería, pero... - dixo Josefa.
- ¿Pero? - dixo María emocionada.
- Pero igual non hai maremoto nin nada - dixo Josefa.

- Claro, e igual si que o hai - dixo Carme saíndo do trance.
- Xa - dixo Josefa.

Carme ben sabía que era unha posibilidade pero todo parecía indicar que si, e tiñan que estar preparadas, en canto se firmasen as expropiacións sería demasiado tarde para actuar.

- Ten que haber algo que non estamos vendo - dixo María.
- Eu paso, que queden con todo, dame igual, vou dedicarme a vivir a vida e deixar de preocuparme, cando a xente proteste polas malas condicións dos colexios xa me darán o presuposto que me corresponde - dixo con resignación.
- Si, ou xa che botarán a culpa de todo, pedirán a túa dimisión e adeus a túa carreira política - dixo Carme.

Josefa viu, por primeira vez en toda a mañá, a necesidade de implicarse no negocio.

- Vale, está ben, pois se esas temos, vanse enterar - dixo Josefa - o primeiro que temos que averiguar é quen vai dar o aval para as indemnizacións, aí é onde vai estar o negocio.
- ¿Aval? - preguntou María - ¿pero fai falta?
- Claro que fai falta - confirmou Carme, aínda que non tiña nin idea do que estaba dicindo.

Antes de baixar ó café xuntáronse fronte a fiestra e miraron para a Praza cun sentimento de morriña, cun botar de menos, cun foi bonito mentres durou; e trataron de imaxinala chea de auga ou destruída polas olas e saíulles un suspiro desencantado. No café urdiron o plan de espionaxe, falarían con

Noelia a de Administración, ela podía falar con Arguimiro dos bedeles, que coñecía a... e así teceron a rede que máis parecía encaixe de Camariñas do fino que palillaron. O obxectivo da rede era ter acceso a todo o que se firmase, a todo o que firmase o concellal de urbanismo, dentro e fóra do concello, dentro e fóra da legalidade, dentro e fóra de onde quixese deus que se firmase o que quixesen firmar.

Coma boa obra de arte o valor da rede aumentou co paso do tempo, xuntaron tanta información, que tiveron que alugar un piso como centro de operacións porque o volume de papeis dos despachos comezaba a levantar sospeitas. E como boa obra de arte, co tempo, doulles unha alegría. Por fin saltou a lebre. A Caixa Universal puxo o aval para as indemnizacións e cruzando datas e nomes e claves, atoparon unha serie de fax, correos electrónicos e notas que establecían unha relación directa entre o concellal de urbanismo e o director da Caixa Universal. Había tres vías de actuación, a oficial, que era a do aval, a oficiosa que era a da concesión das obras de Little Venice á construtora do director da Caixa e a ilegal, directamente a esta vía ímolle chamar así. A concesión das obras tiña un dobre sentido, do concello á Caixa para agradecer o aval e do Director ó concellal para agradecer o da obra. En definitiva, quedaban todos moi agradecidos. Decidiran que a mellor forma de canalizar toda esa cantidade de cartos en negro era deixándoos abandonados no fondo, na caixa de seguridade, era practicamente infranqueable, o seguro cubriría a perda polo que para a Caixa non tiña custo, e o concellal só tería que esperar un par de anos, cousa que lle viña ben porque lle daba tempo a crear as empresas pantasma que precisaba para canalizar os millóns que ía cobrar.

E despois estaba a vía de escape, a que Carme, María e Josefa necesitaban. As escrituras que entregaran todas aquelas persoas que aceptaran as indemnizacións e as permutas para os traslados de

evacuación da zona cero. Aquelas que lle daban ó concello a propiedade de toda a zona cero, as que tiñan que protexer ca súa vida, aquelas que a cambio duns excasos 5 millóns de euros o cómplice das tres concellas e traidor do concellal de urbanismo agachara entre os maletíns dos millóns de euros que ían quedar selados pola auga salada do maremoto.

- ¿Como que están na caixa de seguridade da Caixa Universal? - preguntou Carme histórica.
- Este tío é tonto, pero tonto de remate - dixo Josefa.
- Estaba contando os cartos, e todos os maletíns son iguais, cando os viu todos fechados xa non soubo onde estaban os papeis e non se ía poñer a abrilos, non quería despertar sospeitas - dixo María con comprensión.
- Non quería, non quería ¡inútil! ¡é que neste putito concello son todos unha banda de inútiles! ¡é que non se pode contar con ninguén? ¿non hai quen faga unha cousa a dereitas? - rosmaba Carme.

Era certo, elas pagáranlle para que lles trouxera os papeis, con discreción, pero que llos trouxera a elas, fixéranse incluso cunha pequena caixa destas que teñen os grandes empresarios nalgunhas entidades de dudosa ética, non é que lles gustase, pero desde logo era o máis seguro. Sería raro que alguén botase en falta as escrituras, todos os contratos estaban asinados e tan só lles farían falta en caso de reclamación, cousa que non era probable porque a pesar de que ninguén pensaba no maremoto como nun feito con probabilidade real de ocorrer, todo o mundo se apurara a marchar, sobre todo desde que corriu o ruxe ruxe de que os grandes potentados xa o fixeran. Total, que non era probable que os de urbanismo se decatasen da

falta dos documentos e no momento en que Little Venecia comezase a andar elas sacarían as escrituras reclamando todo o terreo e obtendo unha cantidade indecente de pasta.

Este era o punto no que o debate se recruía, María dicía que era mellor sacar as escrituras ó comezo, para que lles tivesen que pagar se querían comezar con todo o fregado. Carme dicía que non o vía claro, se as sacaban ó principio igual pasaban de facer a obra (teño que dicir que elas non empregaron, por moi ardente que fose o debate, palabras como "fregado", "pasaban", "pasta"... só as emprego eu para resumir todo o rolo), polo que sería mellor sacalas no medio, cando as obras estivesen avanzadas co que a única maneira de sacarlles rendemento ó que xa investiran sería darlles pasta polas escrituras. Josefa, que non se alteraba con facilidade, dicía que se esperaban a que as obras estivesen na metade, e pedían máis pasta da que lles custara facer esa metade non llela ían pagar, polo que aparecer no medio das obras limitaría a cantidade de cartos que podían pedir. O mellor, según Josefa, era agardar a que todo estivese rematado, a piques de inaugurarse, así se non lles daban a pasta serían as propietarias legais de Little Venice e polo tanto estarían máis que podres de cartos, cun futuro asegurado e sendo a envexa da Jet Set. A isto María díxolle que moi ben, pero que igual se eternizaban nos tribunais e incluso corrían o risco de que a xustiza mirase por debaixo da vendaxe e lles saise mal a xogada.

- Da igual, ese zoupón metiu a pata e agora non temos nada - dixo Carme decepcionada.
- Aínda... - ía dicir María.
- Aínda nada - cortou Carme.
- Aínda nada, non - entrevistou Josefa - se as escrituras están cos cartos, e só nos e máis o zoupón sabemos onde están, só temos que

agardar a que saquen todos os maletíns e roubar o que teña as escrituras. Eles non saben que as escrituras están alí, non as buscan, nós si.

- ¿E como imos facer para rescatar ese maletín en concreto? - preguntou Carme con certo alivio.
- Xa o veremos, se todo sae según o previsto imos ter tempo para pensalo con calma - respondeu Josefa - o zoupón estará calado ¿non?
- Si, non lle leva idea o tema, quería os cartos e vai pedir unha excedencia para facer un curso de cine que disque sempre quixo ser artista ou algo así, non imos ter problema con el - dixo María.
- Ben - dixo Carme.



## Capítulo 35. Perdid@s

Se a cara dos que se enfrontaban por primeira vez á zona cero era de asombro, a da xente que vía o bosque por primeira vez era indescribable. Imaxino que a sensación é coma cando acabas de morrer e descubres que podes atravesar paredes ou coma cando Neo xogaba co espello de metal líquido; esa sensación de cambiar de mundo, ou dito con máis propiedade, de ter un pé noutro mundo.

- ¿Pero que demo? - dixo Ramón sen forzas para rematar a frase

O sol da tarde case non podía pasar entre as pólas daquelas inmensas árbores. El tiña a escusa de ser novato na materia eu non, e aínda así cometín o mesmo erro que comete todo o mundo diante de aquel espectáculo, porque ese é o único nome que lle pode facer xustiza, espectáculo, de espectacular.

- ¿Imos? - preguntei desafiante.

- ¿A onde? - preguntou escandalizado.

Cando lle dixen que a dentro do bosque miroume con cara de neno asustado, unha cara adorable, demasiada tentación para non caer nela. Sen deixarlle moita alternativa comecei a adentrarme na espesura. El mirou cara atrás, estudiando as alternativas, ata me pareceu ver como daba a volta, pero non. Volviu mirarme e camiñou indeciso cara min. Eu estaba segura, non sei moi ben porque, nunca me metera soa no bosque, nin lembraba a última vez que camiñara entre os xigantes verdes, desde logo nin eran tan xigantes nin tantos coma os que tiña diante naquel momento; pero a debilidade de Ramón fíxome máis forte, coma un parásito que se alimenta do seu anfitrión.

Imaxino que a miña idea era acojonalo para que confesase todo o que tivese que confesar, ó final era o que facían eles, só que en lugar de pechalo

nunha habitación con espello metino no bosque animado. E funcionou. A conversación era trivial, "isto é impresionante" "o chan non parece moi firme" "que puro parece o aire" "que bonita se ve a luz do sol entre as follas" e sin que poida determinar en que momento confesou que me enganara, que Sandra estaba con Paco, retida aínda que ela non era moi consciente porque como estaban os dous ca tontería do namoro fora moi fácil enganala. De Salva non me dixo nada, nin falta que facía o moi desvergoñado andaría co cahcimán aquel dos helicópteros. Contoume o do maletín que buscaban e o que fixera cos que me roubara.

- Pensei que dixeras que os devolveras ó fondo - dixeran.
- Oficialmente si, iso é o que cre a concellala, pero comprenderás que é unha perda tirar tanta pasta aló en baixo, sobre todo podéndoa ter a o recaudo para desfrutar dunha vellez tranquila.

Debiumo notar na cara, na miña a que tiña el, claro que o comprendía, esa era a vellez que tiña planexada para min, non che fastidia.

- Non me mires así - dixo en serio - non pretendía utilizarte.
- ¡Ha! - saíume sen pensar.
- En serio, repartimos a pasta entre os catro e nin toquei a miña parte - dixo como con afectación.
- É que moito tempo non tiveches, aínda non sei como vos dou tempo a contalo para repartilo - dixeran.

El sorriu, sincero, díxome entre risas que non o contaran, que o repartiran a ollo. Díxenlle que non ía volver baixar, que alí non quedaba nada, e que non me apetecía que me pillasen alí e pensasen

que toda a pasta que se supoñía que non había a roubara eu. O que me faltaba, facer todo o traballo, quedar sen un can e levar todas as culpas. El díxo que o comprendía, que Andrés tamén andaba preocupado pola reacción do concellal ó enterarse de que faltaban os maletíns, pero tamén díxo que se ocuparía de que fose o máis tarde posible.

Cambiou o ton do seu discurso, comezou a lembrarme ó primeiro Ramón que coñecín, aquel tío divertido, espontáneo e sincero que che facía sentir que atoparas o que andabas buscando. Si, vale, volvinme a colgar por el. Sería a clorofila. Caín. Xa está. Unha non é perfecta. O ensoñamento do amor fíxome desorientarme máis no bosque e calquera posibilidade de saír que remotamente poidera existir na miña cabeciña dissipouse automaticamente. Non o souben, o de que estaba perdida, seguí camiónando na nube de maxia que me envolvía desde que entrei nas tendas centrais aquela tarde.

- ¿Sabes? - díxo agarrándome do brazo para que o mirase - creo que tes razón.

Mireino sorprendido, non porque me dese a razón, que tamén, senón porque non sabía a que se refería.

- Pensándoo ben, creo que tes razón, que non quedou nada alí embaixo - díxo mirando de redor - ¿oes, sabes cara onde imos, non?

- Si, claro que o sei - dixen finxindo seguridade, non tiña nin idea, pero interesábame o de que tiña razón.

- Ela pensa que o seu cómplice metiu os planos nun dos maletíns, que se confundiu, e agora mesmo, se teño que elixir entre que ti te enganases e que el se confundiu, creo que elixo que el se confundise pero non do xeito que cree a concellala.

## Capítulo 36. ¿Que dis que dixeches?

“Pois a min non me parece ben” dixo Alberto ó escoitar o plan de Ramón, os outros miráronse entre sí, díxoo serio, coma se non o vise claro. Ramón erguiu a vista e mirouno tratando de averiguar os motivos polos que non lle parecía ben, pero Alberto desviou a mirada. Non lle dou importancia, tanto a Paco como a Andrés parecíalles ben o plan así que decidiron seguir a diante. Paco, lonxe de ter algunha obxección estaba dando saltos de alegría, non lle prestaba mentirlle a Sandra pero era un mal menor comparado con un número indefinido de días ó seu carón. Para Andrés ter entretida a Alicia non ía supoñer moito esforzo, pensaba que perdera o seu encanto, que xa non había chispa entre eles, algo se lle ocorrería, se había que explotar o dos cornos pois faríao pero Alicia volvía a caer ou el deixaba de ser quen era.

Alberto erguiuse e marchou, foi dar unha volta, con amigos coma aqueles quen quería inimigos. Si, moi ben, Paco con Sandra, Andrés con Alicia e Ramón marchaba para o hotel para que tiveran máis sitio no piso de Andrés, así quedaba el de carabina co detective salido e a alegre divorciada e ca parelliña de osos amorosos. Pois non estaba disposto a consentilo. E o que máis rabia lle daba era que Ramón nin se decatase, que non pensase nel nin un segundo e o que aínda o poñía peor era que pensase primeiro en Paco.

- ¿Pódese saber que che pasa? - dixo Ramón detrás del.

“¿Que que me pasa?” dixo Alberto enfurruñado, Ramón mirouno ca cara que lle poñía os ligues cando se lle poñían de lúa.

- Non me mires así que ben sabes de que che falo - dixo Alberto indignado.

Ramón abriu os ollos coma pratos, centrouse un momento porque de verdade lle estaba parecendo unha escena de celos da querida da noite anterior.

- ¿Pero é que non o sabes? Pois non esperes que cho conte eu, vaino pensando - e botou a andar lixeiro deixando atrás a Ramón.

Atrás e ca boca aberta.

- Pois vai listo, non teño eu máis que pensar que nas paranoias deste - e volviu para a casa.

Alberto seguiu camiñando un bo anaco, por suposto nin se fixou por onde, perdiuse, estaba claro que se ía perder. Afortunadamente tiña móbil para chamar para que o fosen buscar, porque o nome da rúa da casa de Andrés tampouco se lle ocorrera aprendelo. Mentres agardaba a que Ramón chegase, e sería pola vergoña de verse nesa situación, pensou no plan desde outro punto de vista. Viuno coma un plan, dos de sempre, dos que tantas veces puxeran en marcha. Esqueciu o tema de Paco, ó final el xogara o papel máis importante, conseguira infiltrarse con éxito dentro do noso grupo sen que sospeitábase del, cousa que non lle estrañaba, porque era tan pardillo que ninguén podía poñerlle mala fe ó que facía. Sorriu, ó final sorriu. Pensouno desde o punto de vista dos cartos e viuno claro, non tiña muller pero tampouco tiña traballo que facer, só cartos que cobrar.

Ramón dou un frenazo cando o viu, estaba sentado nun portal e desde a rúa case nin se lle vía a cabeza, pensou que marchara e nin ía parar.

- Oes, que adiante co plan - dixo Alberto nada máis entrar no coche.
- Pois alégrome de que penses así, porque o temos que poñer en marcha hoxe - dixo Ramón.
- ¿Hoxe? - preguntou Alberto sorprendido.

- Si, Paco chamou a Sandra para baixar tomar algo e ela díxolle que Xiana e Salvador estaban facendo filloas na rúa - dixo Ramón.
- Ah - dixo Alberto sen comprender.

Ramón puxo a radio e seguiu conducindo coma se nada.

- ¿Pero é que non me vas dicir que é iso de "facer filloas na rúa"? ¿Que é, a contraseña do plan? ¿De que carallo me estás falando? ¿É que xa non conto para nada? - preguntou Alberto histérico.

Ramón apagou a radio e mirouno co ollar ese de xear o sangue para que calase dunha vez antes de que lle volvease a sensación aquela de amante da noite anterior que lle fixera sentir había unhas horas. Alberto entendiuno, non lle fixo falta explicación nin aclaración algunha. Quedou caladiño e mirando ó fronte coma un neno bo.

- Polo que dixo Paco Sandra e Alicia están no piso de Xiana, Andrés non está moi convencido de entrarlle a Alicia co que de momento das alondras ocuparase Paco. E ti e máis eu temos que encargarnos de Xiana e de Salva, bueno eu de Xiana - dixo Ramón.
- ¿Como que ti de Xiana? ¿Que me estás contando, que me teño que enrollar co gai? - dixo Alberto volvendo ó ton histérico - ¿e Andrés que? ¿de rosiñas, colle a pasta e punto?

Ramón respirou fondamente.

- Efectivamente Alberto, Andrés colle a pasta, digo eu que se montamos isto para collerlles a pasta, alguén a terá que coller - dixo serio.

- ¿Pero xa a teñen? - dixo Alberto emocionado  
- ¿xa a sacaron?¿cando?
- Pois non o sei, sospeitamos que si, xa sabes o rara que é a tipa esa - dixo Ramón.
- ¿Quen, Xiana? - dixo Alberto despistado.
- ¿Pero ti que tes? ¿hai pouxo osíxeno para ti na Coruña ou que? - dixo Ramón de mala hostia - Sandra, a que falou con Paco, a que lle contou que os outros dous estaban facendo filloas na rúa.
- Volta co das filloas na rúa ¿pero que clase de metáfora é esa? - dixo Alberto.

Ramón volviu respirar fondamente.

- ¿Que metáfora nin que gaita do carallo! que montaron un chiringuito na rúa porque non daban subido ó piso as mesas que sacaron do fondo e non as querían deixar soas na rúa, iso foi o que lle dixo Sandra a Paco, literalmente, ¿píllalo? - di Ramón berrando.
- ¿E para que coño quere Xiana dúas mesas, na casa non lle caben? - dixo Alberto.

Ramón mirouno, parou en dobre fila, apagou o coche, respirou fondamente e dixo moi tranquilo:

- Ti vas vir con nós e vas facer o que che digamos e punto.

Alberto mirouno sen comprender, pero moi consciente, "si ho, que me vou enrollar eu co tal Salva, á mínima que poida escaquéome e que este monte un trío se quere" dicía para si, mirando de reollo a Ramón, mentres arrancaba o coche.

## Capítulo 37. ¿Que dixeches que dixen?

Foi todo o camiño aparentando unha tranquilidade que non tiña porque sabía que debía ser así; Ramón faláralle moi serio e non conviña facelo enfadar, a última vez que lle falara a modo acabou facendo todas as redadas dos puticlubs poligoneiros da Comunidade. Tranquilo, tranquilo en pensou como desaparecer sen máis; pero non puido, Ramón levouno agarrado ata a miña rúa e non o deixou baixar ata que Andrés e Paco estiveron ó pé do coche.

- Xa me contaredes a que ven este numeriño - dixo Alberto.
- Este di que te queres escaquear - dixo Andrés sinalando a Ramón.
- Non me vou enrollar co gai poñades como vos poñades, metede os cartos no cú - berrou Alberto, fixo unha pausa - mellor dádeme os cartos que a miña parte xa a fixen.
- ¿Que fixeches que? - dixo Andrés alterado - non fixeches nada...
- Baixade o volume que aínda nos van escoitar - dixo Ramón.

Despois camiñaron tan anchos cara o posto de filloas, Paco mantivérase alleo á discusión, el estaba pensando en Sandra, en que se o miraba ós ollos descubriría que a estaba enganando e en como ordear os pensamentos para que non o descubrixe. E suspiraba cada vez que escoitaba mentalmente o seu nome en boca de Sandra.

No momento en que Ramón se achegou a falar comigo Alberto dou un paso atrás para perder de vista a Salva, ata pensou que Paco era un bo candidato cando o viu tan implicado probando as filloas. E cando Andrés pasou de todo e o liou para marchar



cas guapas aquelas por fin respirou tranquilo. O que lle durou. Non foi moito. Unha chamada no móbil aclaroulle por fin todas as súas dúbidas, a parte do que llas aclarou ver por fin que unha filloa era unha filloa e punto. Ramón díxolles que a galiña, ou sexa eu, xa estaba no galiñeiro, e que as polas, ou sexa Sandra e Alicia xa estaban na poleira. Así mesmo llo dixo. Alberto mirou de reollo a Andrés.

- A este aínda lle pesa non ter participado na Operación Nécora - dixo con retranca.

Andrés estaba apático, unha vez conseguira con quen pasar a noite tanto lle tiña que fose Alicia ou outra, neste caso era outra e tampouco vía a necesidade de cambiar de parella. Pero habíaa. Nese momento Andrés despachou as guapas turistas e mirou moi serio a Alberto para que se centrase no tema.

"Agora tócanos a nós" dixo con voz solemne. Marcou un número de teléfono e dicía cousas do tipo de "hélice oblícu" "media tonelada" "potencia máxima" "pregado en vertical" e cando colgou dixo un "a ver se non tardan" e tirou de Alberto para fóra do bar, arrastrándoo de novo cara onde estaban as mesas, as miñas mesas. Esa foi toda a explicación que recibiu Alberto.

Cando chegaron a rúa estaba completamente escura, completamente en silencio, os faros do coche avisáronos co tempo xusto de frear. Alberto alterouse polo freazo, pola escuridade e polo silencio. Andrés nin caso lle fixo. Alberto ía prender a radio e unha hostia na man fíxolle decatarse de que Andrés non estaba pola labor, saiu do coche, puido ulir o mar. Mirou de redor nervioso, de súpeto pensou que o mar estaba ós seus pés coma un baldeiro traidor que o ía devorar en canto baixase a garda; só vía, na liña das luces do coche, as mesas e escuridade.

De súpeto escoitou un ruído intermitente, constante e monótono ó lonxe, pensou que era o seu reloxo, mirou o pulso, non, o seu era dixital. Achegouno á orella o mesmo facía ruído igual, o ruído fíxose máis intenso, volviu mirar o pulso escandalizado, alarmado, ca rapidez que puido desabrochou o peche e tirou o reloxo ó chan. Andrés miraba á escuridade sen entusiasmo, sen inmutarse.

O ruído, agora, xa era notorio, Alberto seguía mirando ó chan, espantado, agardando que dun momento a outro aquel reloxo que mercara de segunda man a alguén desesperado estoupara segándolle a vida. Pechou os ollos e erguiu a cabeza para ulir o aire por última vez, ulía a mar. Volviu respirar, sentiu paz no interior e abriu os ollos, viu unha luz cegadora, tal como a describían nos programas de misterio que escoitaban seus pais cando era pequeno, non falaban do ruído repunante que a acompañaba, pero iso debía ser a interferencia daquel reloxo que lonxe de ser roubado como sempre sospeitara era de imitación. Sentiuse enganado, non polo do ruído, senón polos 30 euros que lle pagou, que ben podía dar grazias o desgraciado que llo vendera de que aqueles fosen os seus últimos momentos que se non xa lle estaba partindo a queixada dunha hostia moi merecida.

A luz foi baixando ata o chan, deixando de ser tan cegadora, deixando de estar enriba del, deixando a Alberto sen unha experiencia mística da Galicia profunda que contarlle a seus pais.

Andrés saiu do coche sen ganas, igual que en todo o día, apático.

- Nin que cobrárades por hora, sodes máis lentos co cabalo do malo - vomitou.
- Tranquilo meu - dixo unha figura saíndo da luz, que diría Alberto, do helicóptero, que nós xa sabíamos que era un helicóptero - ¿os

bultos son estes? Pois non era para tanto. Chegaba con un máis pequeno ¿levámoslos ó almacén á espera de novas instrucións?

- Si - ordeou Andrés.

## Capítulo 38. O bosque animado

- ¿Daquela de que xeito? - preguntei.
- ¿Ti que cres? - respondeu Ramón mirándome fixamente.
- Home, cos antecedentes de todos vós seguramente que se enganou o pobre e os metiu, non sei que dicirche, no seu propio maletín - dixeron con retranca.
- ¡Exacto! - dixo el, coma se descubriuse a pólvora.
- A verdade é que era de esperar, elas non pensarían en serio que o outro lles ía facer o traballo así como así - dixeron.

Ramón parecu sorprenderse pola miña desconfianza do tal cómplice e ata chegou a dicirme que era moi mal pensada, é que hai que escoitar cada cousa. A verdade é que para ser todos medio delincuentes eran unha banda de aficionados.

- Haberá que buscar ó funcionario - dixo Ramón.
- Haberá si - dixeron.
- Se saímos de aquí - dixo con moita sorna mirando de redor.

A verade é que, aínda que o dixera sen sorna; levaría razón; non tiña nin idea de por onde andábamos, só que a marea estaba subindo, e que nos estaba conducindo cada vez máis cara o interior do bosque, por lóxica tería que botarnos cara terra firme, pero o único que víamos eran árbores e máis árbores; ata me dou por pensar que a cidade medrara. Cada vez a escuridade era maior, e a auga chegaba máis ó calcañar.

- ¿Canto máis vai subir? - preguntou Ramón mirando ó chan - non teño gana de morrer afogado - dixo serio.
- Se puidera ver a hora diríache canto falta para que baixe, pero a verdade é que non teño nin idea, que non sei onde estamos nin por onde saír - dixer sen intención.

Sen intención de dicilo, porque o que tiña na cabeza para dicir era algunha broma sobre o covardicas que eran os homes en canto os sacaban do seu hábitat natural e xa vedes o que me saíu. Por sorte a escuridade tampouco me deixaba verlle a cara, pero con eses suspiros fondos que daba, notábaselle que estaba cabreado de carallo, que por sorte tamén el tampouco me vía o pescozo senón xa me tiña esganado, que volo digo eu.

- Pois eu xa me fartei de andar - dixo - así que vai buscando onde pasar a noite, que non ando máis hostia.

Isto último dixoo elevando o volume, sen disimulos, para que me fose caendo que estaba moi cabreado. Pouco podía buscar, non se vía nada, case non sentía os pés, porque no ambiente facía calor, pero a auga estaba moi fría e levábamos un tempo andando en mollado, nin distinguía cando andaba en seco. El parou, coma os nenos cando din que non andan máis para que os leves nos brazos. Non sei se era iso o que pretendía, a miña intención desde logo non era, en todo caso ó revés.

- ¿Cando atopas ó funcionario que vas facer? - dixer para distraelo, para cortar aquel silencio tenso.

El non dixo nada.

Vin un claro, a luz da lúa deixaba ver unha especie de peñasco, e fun cara alí, non lle dixer nada, ía en plan exploradora, quería ver onde

estábamos para soltarllo con naturalidade e non dar tanto a impresión de non ter nin idea como efectivamente non tiña. El veu detrás, sen respirar fondamente, nin ruído, de feito pensei que quedara abaixo.

- Coño ¿esto non é o dique de abrigo? - dixo Ramón detrás de min.

Si que era, si, estábamos nos peñascos do remate do dique de abrigo, fóramos andando polos pantaláns e o tecido das raíces das árbores, imaxinaba. Ramón sentouse caladiño, sen ningún reproche. Eu sentei ó seu carón.

- Non sei - dixo.

Mireino sen saber de que falaba.

- Que non sei que farei cando atope ó funcionario - dixo mirándome.
- Fastidiarte, porque non creo que che dea as escrituras - dixen.
- O que non creo é que o atope, tamén me estraña que María confiase nun calquera, é raro - dixo sen ganas.
- O que é raro é que non o pensásedes antes, bueno, polo menos quedades ca pasta, os que quededes - dixen resentida.

El pasoume brazo por enriba dos ombreiros e achegouse a min.

- Aínda estás enfadada - dixo sorrindo entre dentes.

Nin lle respondín ¿que se estaba enfadada dicía o tío? se o cabreo non mo impedise planexaría alí mesmo como roubarlle os cartos de novo a ver que tan ben lle sentaba a el.

- Neste mundo hai máis ca cartos - dixo.

Non lle dei dúas hostias porque tiña un brazo inmovilizado e co outro non lle chegaba a onde pretendía. Eu mirábao de reollo, cabreada. El mirábame de fronte. Achegouse un pouco máis.

- Está bonita a noite ¿non? - dixo.

Achegouse un pouco máis, a súa cara rozaba a miña. Eu mirábao de reollo.

## Capítulo 39. Tecendo a tea

Tiña que facerse inseparable do seu sogro, e localizar ó tal Andrés; iso por unha parte, pola outra tiña que chamar a Salva. Tiña que conseguir chegar ós cartos antes que o concellal, porque unha vez o concellal tocase a pasta xa non habería posibilidade de recuperala. Parecéralle que o seu sogro non se fiaba moito de Andrés, e non lle estrañaba, iso si, tiña a escusa perfecta para contactar con el, o caso de Salva, aquel que collera de oficio sen ningún ánimo estáballe reportando o beneficio da oportunidade. Por un lado Sandra, por outro Salva e por outro Andrés.

Salva descolgou o teléfono á primeira, estaba pendente da sentenza e non se podía permitir o luxo de non contestarlle. Respondiulle con ansiedade, ó primeiro Carlos non se decatou da natureza do nerviosismo de Salva e sospeitou que el sospeitaba que o sabía, menos mal que uns "que tal, ben" fíxeron caer da burra, porque ningún daba soltado prenda. Salva porque non quería gafar a cousa, estaba convencido de que ía ir á cadea, e Carlos non quería dicir nada porque ben sabía que as aclaracións non pedidas eran culpas admitidas e quería que o tema saíse ca naturalidade daquel día na cafetería. Conseguiu que Salva quedase con el aquela noite, non lle parecía unha hora moi axeitada, pero Salva puxerase histérico e quería quedar xa.

O de Andrés tiña que planexalo máis, tiña que ir ó despacho e buscar o teléfono do seu avogado e cunha escusa legal calquera lialo. Si, tíñao todo ben estudiado. Aventaxaba ó seu sogro en que el coñecía a parte actora sen necesidade de intermediarios, e aínda así podía recorrer a eles para marear a perdiz. Neste punto do razoamento pensou que igual era mellor manter as distancias co tal Andrés, non se fose da lingua co seu sogro e descubriuse o pastel antes de tempo.



Salva aproveitou a chamada de Carlos para escaquearse das filloas, que levaba toda a tarde dándolle e xa non podía máis ca dor de pés, íanlle sair callos e eran moi difíciles de quitar, e negábase a renunciar ós seus pés perfectos. Nun primeiro momento doulle un ataque de pánico, nin se decatou de que non eran horas de comunicacións oficiais, pero o medo non lle deixou pensar con claridade. Tampouco lle deixou pensar con claridade no estraño da chamada, asumiu que tiña que falar de algo e punto, non lle dou máis voltas.

Carlos xa estaba no bar, Salva case nin o recoñeceu, ía sen o traxe de marca de sempre e sin a gomina que lle fixaba aquel tupé algo pasado de moda, deixándolle unha perrera moi indi que lle quitaba o aire de pijo estirado e deixábao só no de pijo. Tiña o seu aquel, pensou perdendo as preocupacións de súpeto, sentouse á mesa e comezou unha cordial conversa, baseada no cambio de look. Carlos recibiu ben o tema, vendo que o histerismo desaparecera, tamén se metiu na cordialidade e na broma. E entre broma e broma e, aproveitando que Salva ulía a filloas e que dixo que estaba ata o gorro dos turistas, sacou o tema do tesouro. Entre risa e risa e trivialidade e trivialidade Salva acabou soltándolle todo o rolo, completamente todo. Na súa defensa poñeremos que estaba eufórico e canso, dúas condicións que merman a atención, xa o din nos anuncios de tráfico; tampouco tiña moita relevancia porque Carlos pensou que o de que os cartos quedaran alí tirados na rúa era unha coña, sobre todo despois de que tamén lle contara que a súa muller estaba durmindo nunha casa da zona cero e iso si que era increíble, co que tomou a declaración da súa vítima ca debida precaución. Despois baixaron á zona de marcha, Salva porque xa collera o ritmo, Carlos por disimular.

De metidos en faena levoulle exactamente un par de minutos despistarse e perder de vista a Salva, en realidade Salva foi quen se desfixo del, sen intención é que a noite o absorbe. Carlos

aproveitou para ir á miña casa, con toda a discreción da que puido botar man, non porque lle importase que o visen por alí, senón porque non quería atoparse con Alicia, no improbable caso de que fose certo que estivese alí. Sentiuse enganado cando chegou e viu que non había nada na rúa, non había a festa que lle contara Salva, nin mesas, nin maletíns, nin pinta de que os houbese nunca. Por intentalo, porque non cría que Salva o enganase dese xeito, máis que nada porque mentía moi mal e non lle notara tic ningún, subiu ó meu piso, todo estaba en silencio. Puxo a orella, non petou para ver se había alguén, seguía temendo a idea dun desagradable encontro con Alicia. Conforme baixou foi entrando en todos os pisos porque se subíramos a mercancía, sentiu certa desilusión ó ver que non, pero tamén un pouco de confianza ó ver que o motor de tracción estaba alí, onde lle contara Salva.

Con sentimentos encontrados volviu á soidade da súa casa, é o que ten a soidade mezclada ca noite, que deixa voar á cabeza con demasiada liberdade. Botou man do seu maletín de traballo, sacou de axenda e chamou ó avogado de Andrés. Loxicamente o avogado doulle o teléfono, tiña mellores cousas que facer que discutir a esas horas por semellante tontería e por semellante cliente, que lle daba moito a ganar, pero metíao en cada fregado...

Andrés colliu o teléfono porque pensou que era un cliente e o dos helicópteros estaba medio solucionado, o maior problema que tiña era aguantar a Alicia e tampouco lle supoñía moito sacrificio. Carlos non planexou a estratexia antes de chamar, esta é outra das cousas que ten a nocturnidade sen alevosía, se é que sempre deberían ir xuntas coma bo agravante. Tatexou ó comezo, mal. Citou algúns puntos barra seis do Código Penal e, e Andrés cansou de aguantalo e colgoulle. Nese momento alegrouse de que non lle ter dito o seu nome, nin quen era, aló foi pola liña telefónica todo o seu prestixio profesional. O que sacou en limpo da chamada, o único e máis

importante foi esa voz feminina que se escoitaba de fondo tan familiar.

## Capítulo 40. Fiando fino

O concellal non sabía o que dixera nin o que non, pero ben sabía que se fora da lingua, tiña aquela sensación de cando llos poñía a súa muller, aquel delatarse antes de que a muller se decatase; en realidade a Carme chegáballe con miralo de reollo unha milésima de segundo para saber o número de tinte da que acabara con el a noite antes, pero a inocente prepotencia do pobre home entendíao daquel xeito. O caso é que tiña aquela sensación de desacougo. Tiña que falar con Andrés para ver como ía a cousa, aínda que non lle apetecía moito porque de velo ía poñerse en plan pai protector. Colliu alento e chamou, sentiu certo alivio cando viu que non lle contestaba e despois de tres cafés ben cargados chamou para quedar cos amigos.

Interrompeuno Andrés, díxolle que non facía falta que o controlase que ben sabía o que tiña que facer, e que xa que se molestara debía saber que estaba a punto de caramelo, que en canto fixesen o relato chamaríanlo. El, se tiña idea de rematar no Venus, de escoitado aquela noticia ía rematar alí máis que seguro. Andrés colgoulle ca rabia de quen lle colga a un xefe pesado que non da tregua, e seguiu o maniobrar dos helicópteros no hangar. Seguían con impaciencia. As máquinas pararon e o silencio foi tranquilizador.

- ¿Abristes os maletíns? - preguntou Ramón entrando pola porta ca mirada triste.
- Xa te desfíxeches de Xiana, seica - dixo Andrés sen quitarlle ollo ós maletíns.

Ramón non respondeu. Achegouse o montón de maletíns e comezou a abrilos, Alberto foi polo outro lado, Andrés non se movía.

- ¿Hai tantos como...? - preguntou.

- Ven botar unha man e xa o contas -  
respondiu Ramón con frialdade.

Andrés fíxolle caso porque non era unha resposta inxeñosa era unha orde e, si, había tanto, como lle contaran. Non era capaz de entender a decepción na cara de Ramón nin a ansia por abrir todos os maletíns. Cando remataron Andrés dixo que ía chamar ó concellal e Ramón impediullo, preguntoulle por que o fixera e xusto cando ía responder e solucionar todas as súas dúbidas souo o teléfono, non o del senón o meu. Non quero nin imaxinar como chegou ó seu bolsillo, pero a verdade é que non hai que facer moito esforzo para adiviñalo, un dos dous tivo as mans demasiado longa durante o período de semi inconsciencia do baile.

Ramón mirou quen era, na pantalla saía Sandra, colgou a chamada para que parecese que estaba ocupada e que por iso non lle collía, despois borrou os arquivos e volvouno gardar.

- Parece que Paco non está facendo moi ben a súa parte, ídelle botar unha man - dixo Ramón.

Andrés e Alberto miráronse con complicidade.

- ¿E ti que vas facer? - preguntou Alberto con desconfianza.

Ramón díxolles que nada, que ía dar unha volta, desconfiaban, tiñan medo que lles fixese o mesmo que eles me fixeron a min. Estálles ben, cre o ladrón que todos son da súa condición. El notouno, e non había; tiñan unha mala cara que para que, así que lles dixo que quedasen eles ca clave, que el era mellor ca eles e que confiaba nos seus amigos aínda que non o merecesen. A eles valiulles, ó comezo, porque pensaron que se non tiña a clave de acceso ó recinto só eles poderían entrar, así que se Ramón se fiaba deles era de fiar. Claro que despois de camiño a casa para

axudarlle a Paco a entreter a Sandra e a Alicia, pensaron que cedera demasiado rápido para ser peseteiro como era e que igual o da clave non valía para nada e que igual... total que acabaron chamándoo para ver que facía, pillárono na cociña, na cociña de Sandra e case o matan dun infarto. Estaba dando voltas quería ver cal era o mellor sitio para deixar o móbil para que non sospeitase que mo collera el, nin que estivera no seu piso despois tratando de agachalo e aí soou o seu teléfono e o meu caiu ó chan. Non soubo reaccionar, primeiro quixo responder ó teléfono, despois coller o meu teléfono que estaba tirado no chan diante da lavadora. A voz de Andrés dando berros polo móbil apuroulle os reflexos, abaixouse tirou o meu teléfono dentro da lavadora e contestoulle a Andrés.

- ¿Que fas? - preguntou con retranca.
- Nada, nada - dixo ca respiración entrecortada.
- ¿Onde estás? - dixo Andrés sen dar tregua.
- ¿Eu? Estou... - dixo sen poder respirar case...
- ¿Si? - insisitu Andrés.
- E a ti que che importa - dixo xa recuperado de todo - Ti estarás facendo a parte que che toca ¿non?.
- E ti non estarás no hangar... - deixou caer Andrés.
- Que hangar home, pero que dis... non teño máis que facer, ademais a clave tédela vós, estades paranoicos, dades pena - dixo Ramón serio.

Andrés conformou, non parecían escusas, parecían broncas, esperaba que a noite lle fose ben antes de que volvese á casa.

- Vale, vale... - desculpouse Andrés - xa nos vemos despois.
- Non, eu vou para un hotel, se vos teño que aguantar a vós e máis as dúas esas toleo, acabades comigo - dixo con cansanzo.

## Capítulo 41. Amencer

O sol da mañá abriume os ollos, doíanme todos os ósos, estaba deitada enriba de Ramón, ca miña cara no seu ombreiro e aínda así notaba coma se durmira enriba dunha rocha, erguinme máis cansa do que me deitara. O pescozo todo retorcido e xa non sei que máis porque non sentía, nada, nin as pernas nin o resto. El durmía, parecía tranquilo e feliz, demasiado tranquilo, por uns segundos naquela plácida mañá entroume o pánico ¿e se durmira enriba dun morto? Si, serei egoísta, pero polo menos sincera, que iso foi o primeiro que pensei. Xa sei que debín pensar ¿por deus que non estea morto! que tamén o pensei, aínda que despois, o primeiro foi o noxo de estar sobre un anaco de touciño pasado. Pero na miña defensa direi que só foron unhas minimilésimas de segundo, moi minis. Cando reaccionei, pasadas esas minimilésimas de segundo apoiei a miña orella enriba do seu peito e latía, cun pequeno sopro, parecíume apreciar, pero aquilo facía bumbum-bum-bumbum coma un reloxo, e respiraba, o peito inflábase e desinflábase harmónicamente, e a barriga, aquela barriga cerveceira, tamén, máis escandalosa que harmónicamente, pero si.

E mirando para aquela balea que asomaba sobre a liña azul do horizonte estaba eu toda concentrada cando el despertou. A placidez da súa cara esfumouse cando despertou e deixou paso a queixumes varios, cousa que me consolou, non só eu ía vella. Arquexou un pouco, incorporouse e mirou de redor.

- ¿E o bosque? - preguntou estrañado.

Nin reparara nel, mirei tamén de redor e a espesura desaparecera, quedaban algunhas árbores, máis ou menos as que había no antigo xardín. Nin tratei de aparentar que o sabía, encollínme de ombreiros e aceptei a desaparición do bosque coma unha verdade universal e xa.



- Serán coma esas flores que só se abren de noite - dixeran.

Miroume sen convencemento, parecía que non lle chegara a miña explicación, pero non dixo máis nada, esperou uns minutos e erguiuse, baixou ata a auga e lavou a cara, eu preferín esperar a meterme enteira, a marea estaba chea e non había maneira de chegar á península sen mollarse e cando el se decatou tomou a cousa con máis calma. Sentamos un anaco agardando a que collese azos para nadar os dous metros que nos separaban da beira, case ata foron menos porque a marea foi baixando.

En terra pregunteille que íamos facer, non lle sorprendiu que me incluíse na expresión, imaxinei que el imaxinou que non estaba disposta a ceder máis que aqueles millóns de euros que xa me roubaran.

- ¿Imos falar có cómplice da túa funcionaria?  
- preguntei.
- Si - dixo taxante.

Mentres andábamos chamou á concellala falando medio en clave, semellaba precisar permiso para dar o seguinte paso. Cando colgou parecía tranquilo e seguro.

- A ver Xiana, en serio, ¿confiamos un no outro? - preguntábo en serio.

Dubidei, el falaba en serio e eu dubidaba en serio.

- A ver, non quería dicir iso, o que realmente quería dicir é ¿podo confiar en ti? - preguntou tamén en serio.

Tan en serio o dicía que me dou a risa.

- Bueno é igual - dixo apurando o paso e falando só - es o único que teño así que terei que apandar contigo. De todos os xeitos es a única que sabe toda a historia, polo menos toda a que eu sei.

Mireino condescendente ¿que eu sabía toda a historia? ¿toda a que el sabía? igual si pero aquelas alturas era complicado de crer. Fixo un par de chamadas máis e despois fomos almorzar, estivemos na cafetería ata que lle chegou unha mensaxe e arrancamós.

Fomos a un descampado, non para desafogar, non, ó pouco chegou outro coche e parou a carón do noso, del saiu un home entrado en canas, con pinta de miñaxoia e mirada de dar pena. Ramón saiu e díxome que saise con el se quería, por suposto que quixen, quería enterarme do asunto.

- ¿Que? - díxolle Ramón ó descoñecido.
- Nada - dixo o outro.
- Nada non - dixo Ramón.
- Pois, ti dirás - dixo o outro.

A piques estiven de volver para o coche porque os meus nervios non daban para tanto, que, nada, nada non, pois ti dirás, que clase de conversa era esa.

- A ver Arguimiro ¿onde están os planos? - preguntou por fin Ramón.
- Cos outros maletíns, xa o sabes - respondeu Arguimiro.

Aí, Ramón púxose serio, pegoulle catro berros dos que pegaba el cando se enfadaba e ó outro púxosolle máis cara de miñaxoia. Case me dou pena, pero a Ramón non, e dou un golpe no capó do coche, do coche do tal Arguimiro non do seu por suposto.

O pobre home botouse para atrás temendo que despois da chapa lle tocase a el.

- Xúrocho polo que máis queiras, a boas horas ía estar eu aquí - dixo finxindo sinceridade.

Diso entendía moito Ramón, calouno de seguido. Díxolle que estaba alí porque tiña que estar alí para facer a xogada e que non lle quentase máis a moral. O home mirou ó chan, e cando erguiu a vista de novo, volviu dicirlle que non sabía dos planos máis que foran nun dos maletíns dos cartos, que se enganou, que era un pobre despistado, que vaia cabeciña tiña e seguiu cunha retahíla de argumentos autocompasivos que Ramón escoitou aspirando paciencia. Eu atendía con curiosidade. A min dábame pena, non cría que se enganase pero era unha posibilidade. Ramón volviu erguer a man, para darlle ó capó esperaba, porque non me apetecía recoñecer un Ramón violento; pero ou o Arguimiro o coñecía mellor ca min ou tiña algo que agachar e tiña medo.

- Non, tes razón, non, téñoos eu, téñoos eu - dixo poñendo as mans sobre a cara en actitude defensiva, que dirían en CSI.

## Capítulo 42. Argimiro conection

- Pois andando - dixo Ramón, sinalándolle o coche para que subise.

Argumiro baixou as mans moi amodo, desconfiando de que fose unha maniobra de despiste para pillalo desprevido e arrearlle unha boa hostia e non se convenciou ata que Ramón botou a andar e lle abriu a porta. Supoño que pensaría que o descampado non era o último que quería ver naquel amencer soleado. No coche non falou, estaba quieto coma se estivese sentenciado e o cinto de seguridade fose a cadea. Ramón, que o sabía todo, foi cara a súa casa, aparcou e mirou a Argumiro.

- ¿É aquí, non? - dixo Ramón con chulería.

Argumiro asentiu ca cabeza, era un chalé adosado de cor salmón estandar, cun tendal deses de encoller no porche. Tamén tardou ó saír do coche, estaba claro que non lle apetecía soltar a galiña, pero non lle quedaba outra, Ramón tiña aquela determinación na mirada que lle devolvía o encanto doutros tempos.

Argumiro era un funcionario dos funcionarios grises de toda a vida, que entrara no corpo por enchufe, como debía ser. Tampouco tiña demasiadas aspiracións, nunca se presentara en ningunha lista do partido por moito que lle insistiron, nin participou en ningunha intriga por moi grande que fora a cantidade que lle escribieran no cheque. Era unha formiguiña aforradora que se conformaba con traballar pouco, pasar moito tempo ca familia e ter un hobby, non demasiado caro, que lle permitira desconectar da familia e do traballo. Estaba curado de espanto e víaos vir en canto lle preguntaban pola neta, que era o seu orgullo e a causa principal de que lle escapasen á hora do café; e tamén o indicador de cando lle querían algo.

E claro, naqueles momentos turbulentos de maletíns e escrituras era del do único que se fiaban, leváralle anos ganar a fama de home íntegro e, aínda que non o fixera con esa intención, íalle saír máis rendable que todas as pequenas limosnas que ousaban chamar subornos que lle ofreceran nos seus anos de servicio. Tiña diante del nun mesmo día un camión cheo de euros e unhas escrituras que ían valer tanto ou máis que os euros. Ben sabía que os billetes levaban a marca de auga, que tampouco era fe cega o que tiñan nel; pero tamén sabía que apertarlle as caravillas a el sería admitir demasiado. No das escrituras dubidou máis, non lle viu a rentabilidade tan axina, de feito foi a súa muller por teléfono quen lle dixo que as collera que nunca se sabía e que tampouco ocupaban sitio. Pensou que, coma sempre, tiña razón así que colliu unha daquelas carpetas que sobraran dalgunha subvención europea e gardou as escrituras, os cartos metiunos nunha caixa de papel para reciclar, uns centos de feixes. Comezou pola súa parte e despois púxose cos maletíns que ían enterrar e a cada pouco ía á súa caixa de cartón, despegaba a cinta de embalar gastada e ulía o aroma dos euros e sorría con malicia.

Ninguén desconfiou del, cando as concellalas lle preguntaron pola escritura puxo aquela cara dos luns de non enterarse de nada e coloulles todo o que quixo. Cando viñeron polos maletíns dos cartos nin se molestaron en contalos, nin en abrilos por se ían baldeiros, nese momento pensou que roubara pouco, pero tamén que había que ser prudente e volviu poñer a cara de malicia.

Durante moito tempo estivo indo ó traballo coma todos os días sen alterar en nada a súa rutina, nin caer en luxos excesivos, nin darse a notar. Despois xubilouse e perdeu o contacto ca xente do Concello e nese momento aproveitou para ir forxando o que sería o seu retiro nunha illa que mercara no Caribe, só quedaban uns poucos meses para que comezasen as obras e as escrituras

valesen o futuro dos seus fillos, da súa neta, e deles mesmos aínda que vivisen mil anos.

Nin se puxo nervioso cando a Concellala o chamou para dicirlle que non atoparan o maletín aló en baixo, aínda que lle sorprendeu que o localizasen e que se molestasen en buscalas, pensaba el que non lles duraría o interese tanto tempo, que xa estarían entretidos con outras cousas. Simplemente dixo que tiñan que estar, que se non levaríaas outro. Pero de novo a súa muller estivo á que saltaba e díxolle que fixese unhas copias por se chegaba o momento de confesar. As escrituras orixinais gardáraas na carpeta onde gardaban a escritura do chalé, os papeis da illa, o libro de familia e algunha postal das amélicas dalgún tío díscolo. E alí seguirían mezcladas ca insignificancia familiar. As outras estaban na caixa forte que tiña de obra o chalé, xunto co reloxo de ouro de cando o xubilaron, o colar de pérolas e algunha que outra xoia da familia da muller.

Arguimiro adiantóusenos, arrimou a un lado o tendal e abriu a porta con aquela parsimonia de funcionario e con aquel ánimo de miñaxoia que me facía sentir algo de pena por el. Ó abrir a porta asomou a súa muller en zapatillas, mandil e cunha cara de miñaxoia coma a de Arguimiro; mirounos coma se fósemos de Facenda e agarrou ó seu home polo brazo para darlle azos. El acariñoulle a man e foi cara o salón, coma o de só ante o perigo. A muller quedou arrimada ó quicio da porta da cociña con aire aflixido véndonos ir detrás do seu home.

No salón díxonos que sentasemos e, mentres baixaba un cadro cun ramo de flores rosas, vermellas e azuis, a súa muller ofreciunos un café que rexeitamos. Ramón porque estaba entretido observando ó seu home, eu porque estaba entretida observando a Ramón. Sen dúbida, ós meus ollos, recobrara o encanto doutro tempo. O cadro deixou á vista a caixa forte, Arguimiro púxose diante para que non vísemos que números facían clic cando daba

voltas a rodiña. Por fin abriuse e sacou unha carpeta atada cun lazo granate. Púxoas enriba da mesa de centro, abriu o lazo e doulla a Ramón.

Ramón abriuna, non porque desconfiase de Arguimiro, tiña tanta fe na súa actitude de tipo duro de película que nin se lle pasara pola cabeza que o miñaxoia nos estivese enganando. Pero abriuna, tocou o papel, revisou os cuños e os timbres das escrituras e púxoas ó trasluz non sei moi ben para que, porque non tiñan marca de auga, nin serigrafía. Miroume con satisfacción e atou o lazo granate de novo. Fíxolle un aceno a Arguimiro para darlle a conformidade e marchamos da casa. Arguimiro seguía mantendo aquela mirada de gatiño asustado que me conmovía.

## Capítulo 43. Argimiro disconnection

Íamos calados, eu non falaba porque non tiña nada que dicir e Ramón non falaba porque ía tan cheo que non daba feito. Nos semáforos botaba un ollo ó asiento de atrás para asegurarse de que a carpeta estaba alí e sorría con satisfacción. Fomos ó seu hotel, aparcou no garaxe e subimos polo montacargas, que para ser un hotel tan fino xa podía ter algo máis ó xeito.

- Non, é que o ascensor chega ó vestíbulo e non quero que nos vexan - dixo Ramón.

Non sei a que viña tanto segredo, a carpeta non levaba un letreiro grande e luminoso que puxera "escrituras roubadas", pero cada quen ten as súas paranoias. A miña era que non me fiaba del, pero como tamén dixo, con iso xa contaba, el e máis eu.

Tan pronto como entramos no cuarto, tirou as chaves na cama, pechou as persianas, prendiu as luces, si debiu facelo ó revés, pero era o seu cuarto e el decidía. Cando xa non entraba a luz do día sentou na cama e abriu a carpeta, era unha desas carpetas de acordeón que debía pesar moito porque era gorda coma un deses dicionarios enciclopédicos de páxinas ultrafinas. Estendiulle parte das escrituras enriba da cama, buscaba unhas en concreto. Eu sentei nunha cadeira que había preto da porta, non sabía se achegarme, e dado que el non me convidou e que, en certos asuntos canto menos se saiba mellor, decidín que era mellor non facelo.

Levoulle tempo elixir as que buscaba, eran poucas, unhas vinte, revisounas de novo e deixounas na mesiña de noite. Despois colliu a carpeta, atou o lazo vermello que a pechaba, erguiuse, doume as escrituras que tiña enriba da mesiña e dixome que llas gardara, que non as podía deixar no hotel. Daquela amablemente convidoume a marchar ó tempo que el marchaba levando consigo a carpeta gorda.



Fíxome volver baixar polo montacargas e saír do garaxe a pé, apestaba a pechado, a gasolina sen plomo e a roda queimada, e si, tiven que saír polo meu propio pé.

Cando cheguei á casa botei unha siesta, doíame todo, porque durmir á luz das estrelas pode ser moi romántico pero malísimo para os cadrís. Era de noite cando despertei, e todo estaba en silencio, non tiña chamadas perdidas no teléfono e nada que facer na axenda, nada que facer, que axenda non levaba. Daquela, por pasar o tempo mentres escoitaba as últimas novidades do corazón, collín as escrituras que me dera Ramón, non me pareceron interesantes, eran locais do centro, uns da antiga San Andrés, outros de preto das tendas centrais e algún da Marina. Pero nin eran grandes superficies nin os antigos propietarios tiñan nome recoñecido. Mireinas ben, con calma por lle ver que tiña de interesante o tema, as follas estaban resecas, tiña que ir mollando o dedo a cada pouco para dar pasado as páxinas, doume un pouco de noxo, porque sempre lembraba dúas cousas cando automaticamente facía ese xesto, unha "o nome da rosa" e a outra "sabediós onde andiveran aqueles papeis".

No papel ía quedando a marca húmida do meu índice, e curiosamente o meu dedo ía collendo unha cor negra moi sospeitosa, "veleno" pensei, "non, iso sería azul" imaxinaba, porque nas pelis sempre aparecía azul. Mirei o papel, non sen certo pánico, e vin, con máis tranquilidade que as letras estaban emborronadas, cousa boa desde o punto da saúde, pero xa non me pareceu tan boa desde o punto de vista das escrituras. ¿Como era posible que nunhas escrituras feitas con máquina de escribir, daquelas que había antes que deixaban marca aínda sen tinta, daquelas que tiñan unha mesiña metálica de rodas espantosas e que pesaban un quintal, se borrarían as letras? ¿Cómo era posible? Volvín mirar todas as páxinas, naquel momento estaba máis preocupada por descubrir o misterio das letras borrosas que polas consecuencias de medio destruír as escrituras que

Ramón tanto ansiaba. O papel parecía normal, non ulía a nada fóra do normal, e a letra, efectivamente parecía de máquina de escribir, non había raias negras preto do borde que delatasen unha fotocopia e pouco máis podía facer, unha vía CSI, pero tiña carencia de medios.

Tan entretida estaba que nin escoitei o que deberan ser os primeiros golpes de Ramón na porta, dígoo porque os que si escoitei eran moi violentos e a cara que tiña era de levar alí bastante tempo e de estar pensando que me fugara ó Caribe cas famosas escrituras.

- ¿Que coño pasa? - dixeran empregando o ataque como defensa.

- Nada - dixo seco - nada.

Apartoume da porta para entrar, eu non lle deixei, que no hotel fixérame entrar polo montacargas e íao facer sudar. Pouco porque de seco pasou a serio e de aí a unha expresión que non me gustou, arredei a man e pasou todo eléctrico buscando as escrituras, non mo dixo, levábao escrito na cara. Cando as viu alí estradas miroume censurándome, e cando se decatou de que ademais de estar estradas estaban esborrachadas o primeiro que fixo foi vir onda min e mirarme as mans, en min iso sería unha conducta moi deductiva, nel era defecto profesional e falta de confianza. Comezou a berrar histérico, a pasear dun lado a outro coma se estivera de parto, fixo aquela respiración relaxante que facía el para encherse de paciencia e volviu mirar as escrituras.

- Bueno, lense ben igual - dixo por fin.

- Si, lense - dixeran con retranca.

El non se decatou da intención das miñas dúas palabras, pero insistín, que se non é moi raro que se esborranchen as letras, que se serán auténticas, que se o miñaxoia do Arguimiro

empregara a táctica de dar pena dos vendedores ambulantes, que se tal e que se o outro. Tardou en facerme caso, coma se as miñas palabras lle retumbaran dentro da cabeza e o eco tardase en chegar. Cando chegou, erguiu a vista e miroume coma se lle acabase de descubrir a cousa máis grande do mundo. Deixou as escrituras estradas como estaban, agarroume do brazo e corremos escaleiras a baixo.

## Capítulo 44. Argimiro reload

Ramón conducía coma un psicópata rosmando polo baixo cousas do tipo "como se entere a concellala" "a nai que o pariu" "voulle partir as pernas" "caghono fillo de puta" e así sucesivamente e sen interrupción ata que chegamos á casa de Arguimiro. Eu descojonábame por dentro, pero que ben nola xogara o Arguimiro. Dou un frenazo tan seco que case salta o airbag, saíu correndo do coche sen esperar por min e lanzouse sobre a porta sen contemplacións. Dou mil golpes na porta e cando se cansou, é dicir, dúas milésimas de segundo despois de saír do choce, sacou de pistola e pergou dous tiros que me deixaron máis seca que o frenazo.

Non, non é que os tiros mos pegase a min, pegoullos á fechadura. A porta abriuse tímida e Arguimiro e a muller asomaron pola fiestra, abrazados un ó outro ca mesma cara de miñaxoias que tiñan na anterior visita e sen aparentar pánico polo que acababa de ocorrer, como se non escoitaran os disparos ou fose o máis natural do mundo. Ramón entrou e eu saín do coche, sen présa, debín saír a correr en canto lle vin sacar a pistola, para dicirlle que tivese algo de sentido, que non fixese tal, vamos, para facelo entrar en razón; pero no fondo estaba disfrutando co espectáculo e ó final se Argumiro tivera o sangue frío de enganalo que apandase cas consecuencias e ese Ramón o mataba tiña licencia de armas así que era grande para asumir as culpas.

Cando cheguei dentro o matrimonio choraba coma no enterro da sardiña, moi alto pero sen sentimento. Ramón tiña os ollos encendidos, apuntábaos ca pistola con pulso firme, parecía outra persoa, parecía unha película. Díxome que rexistrase todo ata atopar as escrituras. A min non me gustou que me mandase así que lle dixen que o fixese el, que eu non era a súa criada, que estaba moi subido o rapaz. Miroume cos seus ollos encendidos e apuntoume ca pistola, a min, Arguimiro mirou de

esguello á porta pero decatouse de que o estaba vendo e arrepenhiuse. Ramón tomou a mal que non me desmaiasse ante a súa autoridade e encendiuse máis, pero como viu que seguía sen facerme andar púxolle o seguro á pistola e mirou á parelliña.

- ¿Onde coño están? - berrou.

Arguimiro mirou á súa muller e a súa muller a el, pero soltar non solataron prenda, nin as súas miradas delataron o agocho. Pero pese a falta de colaboración xeral que había naquel salón Ramón non desistiu; achegouse a unha figura que había no moble con paso firme, colliuna con decisión e tirouna ó chan facéndoa anacos. Eles miráronse de novo, sen ceder. Daquela Ramón colliu outra que tiña pinta de ser máis cara que a anterior e doulle o mesmo fin. E así fixo con toda a decoración do moble de salón de clase media sen que o matrimonio se inmutase, ata que abriu a porta acristalada e agarrou un prato cos bordes dourados e unhas finas flores azuis con follas verdes que formaba parte dunha vaixela que ocupaba varios estantes. Non lle fixo falta nin acabar de poñer os dedos sobre a fina porcelana, a muller tiróuselle ós pes, en sentido figurado, e suplicoulle que non o tirase. Ramón fixo como que pasaba dela e sacou o prato do seu sitio, erguiuno facendo que collía forza e mirou a Arguimiro. Arguimiro mirou á súa muller que agora choraba en serio, en serio de verdade con desesperación desesperada, e nun segundo Ramón tiña as escrituras na man no sitio do prato de porcelana.

Ramón soltou o prato porque quería coller o feixe de escrituras cas dúas mans para asegurarse que non o puteaban. Sentou no sofá e abriu a carpeta, mirou unha a unha todas as escrituras, esta vez fixo unha análise máis pormenorizada, non para verificar a autenticidade que diso tiña tanta idea coma min, é dicir, ningunha; senón para analizar as reaccións da parelliña. A muller seguía chorando desesperada mirando os pratos da estantería, e o home estábaa consolando, nin unha

simple mirada a Ramón, nin unha agardando pola bendición, nin unha de está colando. Nada, o único que lles preocupaba era volver a poñer o prato na mesma posición na que estivera uns minutos antes de aquel desafortunado suceso que lles custaría esquecer.

Ramón quedou conforme e marchou, sen dicirme o clásico "veña" nin nada, el saíu e eu detrás porque alí non facía nada. Entrou no coche e acendiuno aínda sen esperar a terme dentro.

## Capítulo 45. Poder

Dei aberto a porta antes de que o coche botase a andar e tireime enriba do asiento, mellor dito, enriba da carpeta das escrituras. E ese foi o gran erro de Ramón. Mellor dito, eses foron os dous grandes erros de Ramón. O de pasar de min e o de deixar as escrituras ó meu alcance. A verdade é que non tiña pensado facer nada con elas, des que deixei o traballo tiña un certo nivel de alerxia ós papeis, contratos, escrituras e calquera cousa que deixase claro e manifesto unha vontade de compromiso. Pero cabreoume, non escordei un pé ó entrar no coche de milagre, e iso había que pagalo ¿quen pensaba el que era?

Puxen o cinto a toda présa e despois fun tirando del a modo para poder erguerme dabondo para coller a carpeta e unha vez a tiveren sobre os xeonllos sentín que o Poder me chamaba, que me cegaba. Ramón estaba demasiado concentrado pisando o acelerador para decatarse do que estaba facendo. Abrín a carpeta con moito coidado, non quería facer ningún movemento brusco que delatase a miña traición. Sen chegar a abrir de todo a carpeta fun mirando nomes e enderezos, so collín tres, non estaba segura de cales collera Ramón da outra vez, só sabía que non era ningunha de aquelas tres. Quería ganar tempo, se collía algunha das que lle interesaban descubriríame antes, e ó final, con tres ben situadas podía facer un bo negocio. Saqueinas con moito coidado e aí atopei o primeiro inconvinte. Sabía eu que o dos papeis era un rolo, se fose un cd ou unha memoria usb tiña ben onde agochala, pero as escrituras foron un pouco máis difíciles. Nun primeiro momento agacheinas debaixo da carpeta a espera de que me viñese unha idea luminosa que tardou.

Cando o coche parou estábamos diante da casa de Andrés, sorprendíame porque pensaba que o das escrituras era un negocio particular e independente do dos maletíns. Ramón parou, apagou

o coche, puxo o freo de man e a marcha e todo o repertorio, saiu do coche e marchou, ignorándose de novo. Nesa ocasión non me enfadei, incluso me fixen a sueca para ganar tempo e agachar o meu pequeno tesouro durante a súa ausencia. De súpeto volviu e case me pilla nas patacas.

- Veño agora, non te preocupes - dixo con urxencia.

Díxenlle que non ca cabeza poñendo unha cara de inocente que se non tivera tanta prèsa ben vería que era falsa, pero a súa visita inesperada servíume para andar con máis coidado, agardei a que entrara no edificio e sen apartar a vista do portal e busquei onde agachar as miñas escrituras, que xa eran miñas e moi miñas. Revolvín na guanteira, nos petos das portas por todas partes e non había nada que me poidese servir, así que botei man da chaqueta que había no asiento de atrás, era de Ramón, ulía a unha mezcla de tabaco, alcohol e colonia de marca. Púxena e iso que facía calor. Descosín o forro á altura do sobrazo, só un pouco, o suficiente para que entrasen as escrituras enrolladas, entraron e despois estireinas, a verdade é que a chaqueta quedaba algo ríxida pero non se notaba demasiado, agás que alguén me abrazase, claro. Volvín a atar a carpeta e ensaiei a postura máis natural para cando chegase Ramón, a excusa máis lóxica para coller a chaqueta e, sobre todo, para levala posta.

Entrou ca mesma enerxía ca que saíra. Sentou e arrancou sen dicir nada. Miroume e puxo unha cara rara pero non dixo nada.

- ¿A onde imos? - preguntei.

- Ó descampado - dixo sen sacar a vista da estrada.

Como soaba iso nun atardecer, "ó descampado", bueno, podía soar moi sexual ou terrorífico, naquel momento, seguramente polo influxo da



colonia de marca, penseino polo lado sexual. Si, si, e estaba toda concentrada no tema, a verdade.

- ¿Tes frío? - preguntou.

- Non, non - dixeran sen perdela concentración.

¿Frío? que ía ter, facía calor de vran, o sol pegaba de fronte, o coche non tiña aire acondicionado e as ventanillas estaban pechadas, e non esquezamos que levaba posta unha chaqueta de traxe, sumado todo iso á calor propia dos pensamentos impuros.

- ¿E a chaqueta? - insistiu.

- ¿Que chaqueta? - dixeran ó meu.

- A que levas posta - dixo con ton doce - ¿por que puxeches a chaqueta se non tes frío?

Aí a sorprendida fun eu, esperaba que lle parecese mal que invadise a súa chaqueta sen permiso, pero o ton da súa voz non parecía ir por aí.

- Non, si, antes tiña, debiume coller o frío, xa sabes de estar parada - dixeran torpemente, tratando de tapar uns buratos polo que corría a auga a raudales - se che molesta quítooa.

- Non, non, para nada, é que - e non dixo máis.

Non dixo máis ata chegar ó descampado. Mirou o reloxo e colliu a carpeta que contiña as escrituras. Sen mirarme. Abriuna e como fixera da outra vez extendiunas todas para seleccionar aquelas que lle interesaban. Esta vez en lugar de tiralas na cama foinas tirando enriba de min. A verdade é que as veces conseguía facerme invisible. Si. Moviáse con rapidez, mirando o reloxo a cada pouco. Cando tiña as escrituras que

quería volviu a gardar as outras, atou a carpeta e mirando de novo o reloxo respirou con alivio.

- Así que lle vas dar as de verdade - dixeran.
- Claro, que esperabas - dixo el.
- Que quedases con todo - responderon.
- ¿Que pasa? ¿Nunca escoitaches iso de que a avaricia rompe o saco? - dixo sorrindo - non me compensa traicionalala.
- Traicionalala de todo, quererás dicir - correxín, facendo referencia as escrituras que sacara do montón.
- Estas forman parte do trato - dixo el.
- Claro, por iso as sacas antes de que chas dea ela, para aforrarlle traballo - dixeran con malicia.
- Claro - respondeu el sorrindo tamén con malicia.

Ó pouco chegou o coche oficial e Ramón baixou ca carpeta e doulla a concellala. Eu sentín un gran alivio porque deixou a porta aberta e facía corrente; despois, cando sacase a chaqueta, xa non uliría a tabaco, alcohol e colonia de marca, había ulir a deshidratación de Xiana e aínda non entendo como a el non lle estrañou ver os regueiros de suor que me corrían pola cara abaixo.

Despediuse cun apretón de mans, a muller collía a carpeta con inseguridade, con certa desconfianza diría eu. Non tiña a mesma cara de satisfacción da outra vez. ¿Serán as auténticas? parecía pasarlle pola cabeza.

- Imos a túa casa - dixo Ramón con decisión cando volviu ó coche.

- ¿E iso? - preguntei.

- E iso nada, teremos que ir a algures digo eu ou queres andar dando voltas todo o día - esta vez díxoo borde.

De camiño non falou, pero conducía con máis tranquilidade.

- ¿Porque esas escrituras en concreto? - preguntei.

El conducía.

- ¿Pensei que o das escrituras era un negocio teu particular, non dicías que tanto necesitabas alguén en quen confiar? - seguíñ falando.

El conducía.

- ¿Sandra está na de Andrés?

El conducía. E eu parei de falar porque a piques estiven de confesarlle que lle roubara tres escrituras con tal de que dixese algo. Estábame poñendo nerviosa, nin sequera respiraba perdendo a paciencia coma sempre que o poñía de malas. De repente parou, aparcou en dobre fila e miroume.

- Saca a chaqueta - ordeou.

- ¿Que? - dixen con voz de pito, tratando de non delatarme máis do que a miña voz fixera.

- É imposible que non teñas calor, estás sudando, eu estou sudando, saca a chaqueta - volviu a dicir con ton firme.

- Pero... - dixen sen que me saíse ningunha excusa, porque suar suaba coma o antes dun anuncio de desodorante.

Mirábame serio, eu non sabía que facer, tampouco é que me importase moito que me descubrise, ben sabía el que por moi pouco de fiar que fose, era o mellor que tiña, iso me dixera, e de calquera xeito ben merecía aquela pequena ración de beneficio.

Saíu do coche e respirou fondo. Dou a volta de redor e veu polo meu lado. Abriu a porta e dixo.

- Estasme poñendo cachondo ca puta chaqueta, sácaa dunha vez - ordeou, serio.

Saqueina, e tanto que a saquei, se fose lista non o faría, aproveitaría a ocasión, pero parecía tan afectado e tan sincero que o fixen. Deilla, el colliuna e foi para o seu lado, tirouna no asiento de atrás, sentou e arrancou de novo.

- Gracias - dixo superando o agobio.

Eu miraba para outro lado para que non me vise sorrindo, despois de todo aínda tiña o meu aquel... ou era tonta de remate e devolvéralle as escrituras sen opoñer resistencia, ó final el cachondo poñíase con calquera cousa, xa tiña que estar afeito, porque lle ía causar tanta angustia. Mireino. Mireino fixamente. Moi fixamente. El volviu parar.

- Está ben - dixo estirando o brazo cara o asiento de atrás, collendo a chaqueta e tirándoma - non sei para que che dixen nada, tampouco é para tanto...

## Capítulo 46. Tocando fondo

Non a puxen, porque arrancou e aquel cinto de seguridade que parecía un adival non daba marxe para tanta maniobra, pero agarreina coma se a miña vida dependese dela. El non dixo nada ata chegar a miña casa e eu tiven a precaución de non abrir a boca ata ter a bo recaudo as escrituras.

Sentou no sofá, estirou os brazos todo ó longo do respaldo e relaxouse, esperou un momento, colliu o mando, prendiu a tele e estirou os pés enriba da mesiña de centro. Coma se estivese na súa casa, importariame se non tivese a urxencia de ir ó cuarto de baño para sacar as escrituras do forro da chaqueta e deixalas nalgún agocho inxenioso. Dentro do cuarto de baño a imaxinación non podía correr moito, porque non é que tivese unha trampilla segreda nin nada. Tratei de enroscalas dentro do forro para conseguir sacalas polo burato de entrada, cousa que resultou difícil e mesmo estiven a punto de descoser todo o forro, total o buraco víase de todos os xeitos. Deixeiñas debaixo do armario, non era demasiado ocorrente pero era o que había. Lavei a cara e boteille algo de colonia á chaqueta para que non ulise demasiado mal e saín poñer no seu sitio a aquel intruso.

- Non te poñas tan cómodo que non estás na túa casa - dixeran dándolle a chaqueta.

El colliuna e púxoas no brazo do sofá sen darlle máis importancia.

- Saca os pés da mesa - dixeran de novo.

Sacou os pés e seguiu vendo a tele. Eu sentei no outro lado do sofá, el miroume e dou uns golpes ó seu carón para que me achegase. Estaba raro, dábame medo, seguía pensando que sabía o das escrituras que lle roubara e estaba disimulando para pillarme polo pescozo e esganarme ata que confesase. Volviu a dar uns golpes para que me

achegase. A segunda vez non me dou medo ¿pero quen pensaba que era eu?¿un can?

Miroume.

- ¿Xa estás mellor? - preguntou.

Preguntábo de bo rolo, ou iso parecía.

- ¿Non che ule a colonia? Ou a iso que se lle parece que usas ti - dixo, aparentemente sen maldade.

Claro que a min non me fixo gracia, era de garrafón, si, pero unha chega ata onde chega, e ulir ulía ben. Dou voltas de redor ata localizar o ulido, sen, incomprensiblemente, dar ca chaqueta que tiña pegadiña a el. E como non pareciu dar atopado a fonte do aroma achegouse a min.

- Es ti - dixo.

Imposible. Era a chaqueta.

- Non - dixen.

Achegouse máis para, según el, comprobalo, pero ademais de achegarse co nariz fíxoo ca boca, co que igual o de que se puxera cachondo ca chaqueta non o dixera por descubrir que lle roubara as escrituras. E a verdade é que debía ser contaxioso porque conforme ía percorrendo o pescozo a min subíame moito a temperatura, pero que moito moito.

E conforme ía baixando cara o ombreiro e a súa man ía desabotoando a blusa eu íame abandoando a unha sensación de pracer que había tempo que non experimentaba e sen pretendelo as miñas mans estábanlle sacando a camisa e desabrochándolle o cinto nunha coreografía cómplice que acabou no chan un tempo indefinido despois.

O meu corazón latexaba con forza e unha certa sensación de desacougo invadiume, ogallá fose coma

con calquera guapo deses que tan poucas veces pasaban pola miña vida, pois non, mirábao deitado no chan case durmido e só tiña ganas de abrazalo e dicirlle que non podía vivir sen el e todo iso que sabía perfectamente que era unha tontería porque en dous minutos xa non o soportaba.

- ¿Que vas facer ca túa vida? - preguntou Ramón mirándome.

E aí estaba, xa pasaran os dous minutos. Non lle respondín, nin o mirei, se me cabreaba igual intentaba aproveitarme da súa obvia vulnerabilidade e tampouco era o meu estilo caer tan baixo.

- ¿En que vas gastar os cartos? - insistiu.

Respirei, polo menos non ía polo camiño do sermón de que vida tan perdida levas.

- Eu estou pensando en volver - seguiu falando, tirado boca arriba e mirándome.

¿Volver? Volver.

- Pero non sei se estou preparado...

Non o estaba, xa o digo eu, aínda andaba ca tontería da adolescencia e en canto se reencontrase con todas as ex e as novas se convertisen en ex tamén volvería a sentir claustrofobia e marcharía.

- Todo está tan distinto, tan raro, é como comezar de novo e gústame, gústame ti, pero...

- Pero non sabes canto che durará a novidade ¿non? - dixen por abreviar.

E por fin dou a volta cara min e miroume con docura, sen ofenderse.

- Si, xusto, non sei se é todo adrenalina ou se é de verdade - confesou.
- É adrenalina - dixeran.

E mal que me pesase dixo que si ca cabeza, ó final era unha desculpa, un substitutivo do clásico "isto foi o que foi, non vaias crer que hai algo máis", pero con algo máis de clase.



## Capítulo 47. Adrenalina

- Xiana ¿que fas no chan? vaite coller o frío, tápate - dixo Sandra con voz doce.

Vina coma nun soño, non querendo espertar, cansa e cos cadrís desfeitos. Ela achegoume a manta do sofá e tapoume, ou iso me pareceu que facía, eu loitaba cos ollos para que non pechasen pero a verdade é que sen moito entusiasmo, e sen moito éxito.

- Xiana, desperta - dixo de novo Sandra ó meu carón.

E despertei tan ancha como eu era, sen moitas ganas e cunha alegría soterrada por atopar de novo a Sandra, tan ben, tan tranquila e sobre todo tan viva. Ela mirábame dun xeito estraño como querendo dicir algo sen poder, non facía máis que mirar á manta que me puxera porriba e detrás de min. Cando se cansou de que non lle entendera as señas collume a cara cas mans e doume a volta para que vise detrás de min a Paco, Alberto, Andrés, Alicia e como non a Salva partíndose de risa. Tapeime axiña, aguantei a vergoña como puiden e fun andando cara a miña habitación toda digna e sen dicir nin unha palabra. Vestínme aínda que por moito que o intentei non daba quitado a sensación de espido que me deixara espertar diante de tanta xente. E por fin saín dar a cara, seguía notando as miradas de cachondeo, claro que ben podía ser percepción miña.

- ¿Ramón non estaba contigo? - dixo Andrés.

Nin me lembraba del, xa estaba convertendo nun costume o de deixarme tirada mentres estaba inconsciente, tipo príncipe azul ó revés, en lugar de verme despertar aproveitaba que durmía para fuxir, era unha revisión interesante dos clásicos, penosa, nunca hai un Caspian cando fai falta.

- Pensei que estaría aquí, vese que conseguiu o que quería e xa non lle fas falta - dixo sen compaixón.

E non sei se se refería ó revolcón ou ás escrituras ou ás dúas cousas, o caso é que o moi cabrón tiña razón.

- ¿Non che dixo a onde ía? - preguntou Alberto.
- Pois non, non mo dixo - respondín por fin - ¿e vós que facedes aquí? ¿Non estábades desaparecidos?
- ¿Desaparecidos?- preguntou Sandara alarmada.
- Si, chameite mil veces e non respondías, non sabía onde estabas, nin Salva tampouco - dixen.

Sandra mirou a Paco con ollos enfadados, cousa que disipou todas as dúbidas sobre a súa implicación no que fose que estaba ocorrendo. Paco encolliuse de ombreiros, e Alicia parecía disfrutar co enfrontamento dos osos amorosos, miraba con ollos cómplices a Andrés e agarrouno polo brazo non fose que lle escapase ¿ves? iso tiña que aprendelo porque a min escapábanme sempre. Salva miroume non querendo que o metese no fregado, coma se non fose con el, e comezamos unha discusión de "eu non dixen, dixeches tal, foches ti, que había ser" á que se apuntou todo o mundo, que nos levou un bo anaco e que non tiña traza de rematar se de súpeto non escoitásemos un golpe tremendo na porta e pasos firmes que se achegaban cara nós.

Dei a volta esperanzada, pensando que era Ramón que vovera; o resto mirou por ver quen era e incluso houbo quen botou a man ó nocello ou ó sobrazo, sabe deus buscando que.

Non era Ramón, era Carlos que entrou histérico, tipo hulk, todo descamisado.

- ¿Onde está a pasta? - dixo berrando, coma se nos estivese atracando.

Andrés colliu a man de Alicia e soltouna do seu brazo, púxose diante dela e despois diante de todos facendo de escudo humano plantándolle cara a Carlos. Que non era moi difícil, porque en canto viu que había tanta xente mirándoo acojonouse, disimulou, pero notóuselle na cara e nas veces que miraba para atrás, imaxino que temendo que entrase alguén e o pillase por sorpresa. De calquera xeito Andrés cumpriu co seu papel de machomán diante de Alicia, que era a única que lle prestaba atención. Sandra, Salva e máis eu aproveitamos para decirnos catro cousas polo baixo, o típico: eu non sabía, eu non quería, bo que máis da, tanto ten, ¿que facemos con estes?¿que sabedes?¿e os cartos?

Carlos repetiu varias veces que quería os cartos, que o seu sogro lle dixera que os tiñamos nós e que os quería. Andrés axudado de Alberto trataron de convencelo con estratexias de negociación baratas, tendo sempre claro que Carlos non empuñaba arma algunha nin metía medo. De calquera xeito conseguiron calmalo e convencelo de que os cartos seguían no fondo, eu botei un sorriso retranqueiro cando escoitei semellante cousa e Carlos veu cara nós.

- ¿Ti sabes onde están? - preguntou.
- Díxenlle que non, e máis era certo, pero que sabía que os tiñan eles, non sabía onde, pero que si os tiñan seguro, segurísimo. Miráronme mal todos, incluídos Sandra e Salva.
- Que si, que os levaron eles - repetín.

Sandra, mirou supsicaz a Paco, de novo e outra vez aquela mirada en Alicia. Que si, que xa me quentou a moral.

- Non, se a idea foi de Ramón, e deses dous - dixen sinalando a Andrés e a Alberto.

Sandra respirou alivada e aínda máis Paco.

- Nós non temos nada - apurouse Andrés a dicir.
- Non, non - corroborou Alberto.
- Pero sabedes onde están - dixen.

Miráronme asasinándome.

- ¿É iso verdade? ¿Sabédelo? - preguntou o histérico.

Andrés miraba a Alicia pedíndolle que intervisse, que fixese algo, pero ela, como boa nena rica consentida, esperaba a que el llo solucionase e non dou nin chío.

- Bueno, e se o sabemos ¿que? ¿que che temos que contar a ti? Nin a vós - dixo Andrés mirándonos con desprezo.

## Capítulo 48. Contrarreloxo

Carlos era un miñaxoia pero tiña o seu orgullo, e non lle gustaba nada o arrimada que andaba Alicia a aquel que lle falaba tan teso; e non lle parecía mal porque durante o cese temporal da convivencia se decatase do que a necesitaba e do namorado que estaba, non; era porque el non tiña a quen arrimarse para poñerlle os dentes longos e que vise o que perdera ó deixalo. Miraba a Sandra de esguello a ver se había sorte, pero non atopou a chispa aquela do primeiro día, aquel de cando a Sandra lle parecera un señorito dos finos.

E coma todo miñaxoia cheo de orgullo, enfurruñado e sen moito que perder fixo un movemento rápido á parte de atrás do cinto que foi case acompañado ó instante polo mesmo movemento automático cara ó xeonllo e o sobrazo de Andrés, Alberto e Paco. Carlos, foi máis rápido e nun pestanexo tiñamos un canón grande coma a Arxentina apuntándonos, si, a todas a un tempo, é que ser era ben grande. Salva e máis eu mirámonos aguantando a risa maliciosa que esbaraba entredentes. É que era grande de máis, nin Freud, nin hostias, era demasiado grande. Sandra mirábanos ca súa inocencia allea á nosa pérfida deducción. Paco miraba a Sandra e a Carlos, ó que se vía de Carlos detrás do canón; pero non era un mirar de celos, senón de preocupación. Case me atrevo a dicir que estivo a piques de poñerse en plan escudo humano coma Andrés ó principio. E digo ó principio porque unha vez houbo pistola polo medio fóronselle as ganas de defendernos.

- ¡Quero os cartos xa! - berrou Carlos de súpeto.

E a nós case nos da, fixérase un silencio tenso a espera de que pasase algo, aínda que realmente non estábamos preparados para que pasase.

- Ti - dixo apuntando a Andrés - ergue as mans, e vós tamén - ordeoulles a Paco e a Alberto.

Alicia mantiñase á marxe, coma se a historia non fose con ela, nin mostraba estrañeza polo comportamento do que ata había uns días fora o seu pacífico home. Unha vez os tres homes da casa ergueron as mans, rendéndose ante un niño pijo rematado que non tiña nin idea de nada, Carlos esixiulles que lle dixeran onde estaban os cartos, eles resistíronse durante uns segundos, o tempo que lle levou a Carlos tirar do seguro cara atrás. Dixéronlle ata as coordenadas en clave binaria do sitio, a clave en clave da porta de seguridade e os doce marcadores do adn do garda que custodiaba o tesouro.

Carlos, aínda ca tontería e todo, tivo esa agudeza de avogado de non fiarse nin da súa sombra e colliu a Andrés polo pescozo, con esa maneira de coller polo pescozo que inmoviliza e botaron a andar. Antes de saír pola porta deixou dito que non o seguíramos se valorábase en algo a vida do noso amigo. Si, ben, un pequeno erro de principiante, que lle pedides. A Salva e máis a min faltounos tempo para botar a correr detrás deles. Non pensedes mal de nós, o resto tampouco tratou de impedírnolo.

Baixamos mantendo a distancia, para non cortarlle o rolo de malo de película a Carlos, que non o estaba facendo mal de todo e Andrés ben o merecía. Ían cara o sitio dos helicópteros, pero tardamos en decatarnos porque entraron por Santa Cristina, á forza non víamos por onde baixar desde Oza.

Diante do garda foi Andrés o que falou, nós tiñamos a sorte de que Salva retozara con un daqueles uniformes unhas noites antes e soltoulle un rolo ó pobre home sobre o outro home que ben se notaba que non quería escoitar, pero que aguantou por educación e deixounos pasar por non seguir aguantándonos.

Cando entramos vimos a Andrés quedo, con expresión tranquila, mellor dito inexpressivo, sen intención; diante del estaba Carlos paseando inqueda dun lado ó outro, con paso rápido e volta curta. Detrás deles había unha xaula industrial chea dos nosos maletíns, o noso tesouro. Sorprendiume a escena, esperaba ver a Carlos dando chimpos de alegría, abrindo os maletíns histérico, lanzando billetes ó aire e dicindo "rico" "rico" "son rico". Pero non, estaba preocupado. Nin se decatou de que estábamos alí, tampouco é que entrásemos saudando, pero algún ruído fixéramos.

Carlos mirou o reloxo, e comezou a súar.

- Deus ¿que fago? - dixo apartando o pelo da cara e mirando para o teito.
- ¿Que fago? - berrou.

"Collelos cartos e botar a correr" díxenlle a Salva en voz baixa, el riuse amplamente e desta si que nos describriu; tan apampado non estaba.

- ¿Que facedes aquí? Díxenvos que se viñades o mataba - berrou Carlos indo cara Andrés ca pistola na man.
- Ai, pero é que a nós ese danos igual - dixeran - faille o que queiras.

Mirounos escandalizado, coma se non tivésemos sentimentos, el a nós, el que nos apuntou cunha pistola que parecía o canón excesivo dun buque de guerra.

- Pois os cartos son meus - dixo.
- Pois non te vemos con moitas ganas, daslle demasiadas voltas - dixo Salva.
- Non teño tempo, ¿que fago? non teño tempo - dixo.

## Capítulo 49. Conta atrás.

- ¿Pero que apuro tes? - dixo Salva con malicia.
- ¿Que? Non teño tempo para tonterías - dixo Carlos serio.

E tan serio se puxo que esqueciu que levaba unha pistola e que tiña a Andrés acojonado e sobre todo cabreado detrás del. Andrés fixo o típico que se fai nestes casos, botar a correr e saír da liña de tiro o antes que puido deixándonos alí á mercede do psicópata aquel. E Carlos nin se decatou, el non paraba de mirar o reloxo e dicir "non queda tempo" "non queda tempo".

- Pois se tan pouco tempo tes, deberías comezar a coller os cartos, son moitos - dixen.
- ¿Onde están? - preguntou Carlos volvéndose cara onde debería estar Andrés.

E sorprendiuse de non velo alí, pero seguiu dando voltas a ver se alguén lle daba razón de onde estaban os cartos. Daquela escoitáronse pasos aló ó fondo dun corredor escuro e comezou a andar e nós detrás del, por ver se apañábase algo sen reparar no que podía estar agardando naquela escuridade. Carlos camiñaba decidido, nervioso e co reloxo na idea. Salva ríase porque era a primeira vez que o vía nervioso, sempre era el quen o tranquilizaba e Salva tiña que aguantar aqueles tópicos de todo vai saír ben.

Nós íamos detrás sen decatarnos de que todo estaba cada vez máis escuro, que non sabíamos o que había alí dentro e que xa non sabíamos por onde había que saír. Salva estaba máis tranquilo, notábase que o rolo co segurata daba os seus froitos. Seguimos andando ata que se nos apareceu Andrés diante cortándonos o paso, encabezando un pequeno



escuadrón de cachimáns, que nos dilataron a pupila, a Carlos igual non, non era o seu tema.

Aproveitamos que estábamos a uns pasos de Carlos para dar a volta, e non porque nos desagradase o que nos esperaba diante, era máis ben por previr, e por non esgotar todas as posibilidades de arrepañar algo; pero nin oportunidade tivemos de dudar por cal dos andares queríamos ir.

- Non, non - dixo aquel home - aí quietiños, nin un movemento.

Pero non nolo dixo a nós só, Andrés puxo cara de sorpresa e Carlos de desesperación e tanto un como o outro tiñan medo, si cara de medo e iso que o home só traía dous máis con el, que tiñan unha barriga que parecía que ían dar a luz a trillizos e faculas de colesterol.

- Canto coñecido por aquí, cría corvos - dixo o home.

- Non, se... - dixo Andrés.

Carlos baixou a cabeza e tirou a pistola a un lado, dou igual porque a ninguén lle importou nin o máis mínimo. O home da barriga e cara de colesterol sinalounos ca cabeza que nos arrimásemos a onde estaban os de seguridade, detrás de Andrés, e Carlos tamén se moviu aínda que o xesto non ía por el.

Con outro leve movemento de cabeza chamou a Andrés ó seu carón, Andrés foi ca súa chulería habitual, pero non tan sobrado coma cando falaba con nós. Salva confraterizaba co escuadrón sexi e Carlos miraba o reloxo con tristeza.

Non se escoitaba o que falaban, só que Andrés aparentaba tranquilidade e a man nerviosa no bolsillo de atrás do pantalón o delataba. O vello barrigudo facía xestos e berrar, de estar

montándolle unha boa. Os dous escoltas barrigudos estaban atentos á conversa, sen intervir.

Nesas estábamos cando de súpeto se encenderon as luces, todas as luces, e todo pareciu máis insignificante, os guapos non tan guapos e os barrigudos non tan barrigudos e a saída non tan saída, achegábanse uns pasos tranquilos e unhas sombras alongadas que viñan cunha calma aterradora. Nós, todos e toda estábamos quietos, caladas, sen respirar case, esperando un alien que nos devorase en canto pestañexáramos.

- ¿Que pasa Concellal? - dixo Ramón entrando con calma.
- Home, o gran traidor - dixo o barrigudo, que obviamente era o concellal.
- A todo hai quen gane, concellal, a todo - respondeu Ramón en plan enigmático.
- ¿Onde están os cartos? que un non se pode fiar de ninguén, mira ó miñaxoida do meu xenro, aí ca cabeza baixa - dixo o concellal con desprezo.
- Os cartos están onde estaban, no fondo - dixo Ramón.
- Si ho, ¿pero ti quen cres que son? ¿un deses madrileños que toreas ti? Teño o camión esperando aí fóra, e según aquí o Andrés están aquí ¿ves? traidores hainos en todas partes - dixo o concellal.

Ramón nin se inmutou, coma se xa soubese o que tiña. Botaron unhas regueifas máis e ó final o concellal colliu o móbil e cun "xa" tiña alí a todo un exército.

- Como ves non tes moito que facer, se non queres que pechemos este chiringuito vainos dando a pasta - dixo o concellal con calma.

- Non podes pechar o chiringuito, esto é de costas, ti non tes nada que dicir, xa che gustaría ter tanto poder, e xa che dixen que os cartos non están aquí - dixo Ramón con seguridade.

Andrés mirouno con desconfianza, pero non desconfiando de que a súa estratexia funcionase, senón con desonfianza de que lla xogara e de que efectivamente os cartos xa non estaban alí, e iso que a clave a tiña el.

- Ti mesmo, registra o que queiras - convidou Ramón ó concellal, con tranquilidade, mentres que lle indicaba ós de seguridade que apartasen.

O equipo de seguridade abriu un oco para deixar pasar ó exército do concellal separándonos a Salva e a min. O exército ante un xesto do concellal avanzou polo escuro corredor que había detrás nosa. Ramón agardou impasible, mirando ó concellal, retándoo. Os dous amigos do concellal forón detrás do exército en canto volviu un deles a dicir que estaba despexado.

- ¿E ti, non vas? - preguntou Ramón.
- A ver se non te vas poder fiar deles tampouco, mira que son moitos a repartir - dixo Andrés.

O concellal tratou de manter a calma pero vese que a cobiza lle puido e botou a andar, iso si, con calma. Se o segredo do poder estaba na calma. Carlos mirou a seu sogro, pedíndolle permiso para ir con el.

- Ti, nin te movas - ordeou o concellal.

Carlos obedeceu, acabado, sen autoestima. Ramón estaba tranquilo, sen expresión, vendo como o concellal desaparecía na escuridade, Andrés ó seu

carón, ca man nerviosa aínda no peto de atrás. E todo volviu a quedar en silencio.

- Todo o mundo fóra - berrou en baixo Ramón.

Os de seguridade agarráronnos a Carlos, Salva e a min e seguimos a Ramón e Andrés polo corredor adiante. Fóra agardábanos unhas lanchas motoras, Ramón estaba de pé, vendo como embarcaban todos. Eu seguía o ritmo que nos marcaba a noite, deixándome levar, sen dicir nin palabra, a saber a onde íamos, pero tan tranquila.

## Capítulo 50. Tempo de desconto

Non fomos lonxe, deixáronnos no porto de Lorbé sen dar máis explicacións das necesarias, era o protocolo en caso de civís con moitas papeletas para convertirse en reféns, que non fuxíramos senón que nos quitaron do medio. Si, para evitar posibles danos persoais, pero un despacho en toda regra. As motoras pararon á beira do pantalán e baixamos, Carlos, Salva e máis eu primeiro, mesmo cheguei a pensar que fixeran a viaxe só para tirarnos alí á beira do mar.

Ramón e Andrés baixaron despois, os de seguridade quedaron nas lanchas impasibles.

- Bueno, pois aquí acaba todo - dixo Ramón mirándonos.

Ós tres, nada persoal nin emotivo.

- Xa - dixo Carlos derrotado.

Non dixen nada e iso que Salva me miraba fixamente empurrándome a falar; pero non falei, que se el se poñía profesional e impersonal eu tamén. E aguantando o tipo despedímonos alí mesmo e así acabou a historia do tesouro, a gaita da conspiración, a leira da little venice. Todo o que tiña que rematar rematou, xa e punto e final de todo.

- ¿Rematamos? - preguntou Andrés.

Non, en realidade non era unha pregunta, era un "rematamos" deses dos homes cando van de compras ca moza. Ramón volviu mirarnos ós tres, dixo un frío adeus ca man e marchou. Subiron ás lanchas e perdéronse na escuridade da noite, no silencio do mar.

A verdade é que non me dou tempo a reaccionar, Salva temía a tormenta e andaba ó abrigo de

Carlos, subimos ó pobo ata atopar un taxi, que pagou Carlos, porque nós coma sempre andábamos sen un can.

No camiño do taxi ata a casa deille voltas ó tema de sacarnos daquela maneira do hangar, podían, polo menos mandarnos cos de seguridade que estaban de moi bo ver e Salva xa tiña coñecemento da materia. Non esperaba que aquel fose o final, cando ía na lancha quero dicir, non estaba preparada e nonouben reaccionar, unha hostia nos fuciños do correcto Ramón estaría ben. E aínda así cando o taxi me deixou diante da casa e subín as escaleiras esperaba atopalo sentado no sofá outra vez. E non, non estaba. A casa estaba en silencio, coma estivera antes do breve episodio do tesouro, co ruído intermitente do mar subindo polo sumidoiro.

Os días seguintes foron de reasentamento, de marea baixa, de galletiñas saladas e manta no sofá fronte á tele. Paco e Sandra no pequeno, Salva e máis eu no grande. Si, Paco quedou con nós, sen cartos e sen ganancia, o que é o amor. O dos cartos e a ganancia démolo por suposto, como a inocencia, porque preguntar non llo preguntamos; de feito desde o día da lancha evitábamos o tema do tesouro ata o punto de nin ver os Piratas do Caribe por moi bo que estivese Orlando, nin de ver a Illa do Tesouro por moi boa que fose a banda sonora dos Chieftains.

De Alicia, Carlos e Andrés non volvemos saber máis, non é que os botemos en falta, só é unha simple observación. Tampouco volvemos falar dese tema. En realidade no período de readaptación non falamos moito de nada, eu non quería poñer a Sandra no compromiso de ter que defender a Paco, Salva non quería poñer a Paco no compromiso de defender ós seus amigos, e Sandra, Paco, Salva e todo bicho que me coñecese un pouco non quería escoitarme soltar o rolo do tonta, inocente, ilusa, do porcos que son os homes, do... diso, en definitiva.

¿Os cartos? os cartos acabaron onde tiñan que acabar, porque é ben coñecido o dito de que os cartos chaman os cartos, e nós non tiñamos diso, Ramón tampouco, pero tiña o que se coñece como posición de poder e poder de negociación.

Polo que souben un tempo despois, cando a xenreira xa non tiña efecto, Ramón e Andrés volveron ó hangar, e negociaron co concellal o reparto do tesouro, non pola boa vontade do concellal, senón pola imposibilidade de saír de alí se non chegaba a un acordo. Se non vira lóxico que saíran todos a canda nós deixando ó concellal e o seu exército dentro do almacén cos cartos; menos lóxico me pareceu ver entrar ó concellal con todo o seu exército nun corredor escuro, sen deixar ninguén na entrada. Daquela non lle dei máis voltas, foi despois cando fun necesitado que as cousas cadrasen. Non cadraaban, só poñendo como excusa a cobiza se explicaba, o do concellal, quero dicir. O de Ramón era máis sinxelo, obviamente non todas as súas forzas eran as que se vían, a parte de que era unha instalación central, lixeiramente clandestina, pero central.

O concellal conformou ca cantidade que lle prometeran os da Caixa como comisión, decidiuno así, preferiu quedar cos cartos e buscar unha mala explicación para non darlle toda a súa parte ó director da Caixa, que quedar ben e con menos cartos. A explicación que lle dou, como xa podedes imaxinar, foi que nós, Salva e máis eu quedáramos ca porcentaxe polo rescate.

O resto, que viña sendo unha pasta, repartírono a partes iguais entre Andrés, Alberto e Ramón. Que tamén quedaron a gusto, porque Paco, na súa cegueira de amor chamounos por teléfono antes de que Salva e máis eu chegáramos e lle contáramos a Sandra que só fora un entretemento. Porque non o fora, e porque ó final os seus sentimentos eran sinceros de verdade, o único bo que quedou de

todo, o único que nos permitía mirar cun sorriso as obras de desescombro da zona cero.

Das concellalas tampouco se volviu saber nada, se a súa intención era facerse con Little Venice, fixéranos en silencio porque non se publicou ningún escándalo, nin na rumoroloxía sequera.

E nós víamos como o noso medio de vida se esvaecía, mentres as eleccións municipais confirmaban o contento da xente ca "recuperación" da zona cero para toda a cidadanía. E xa ninguén se lembraba dos recuperadores, nin das tendas centrais, nin os turistas viñan buscando historias de tesouros afundidos, nin festas clandestinas a carón da Torre.

Si, cada vez tiña máis a impresión da gran verdade do título aquel de "Nadie se hablará de nosotras cuando hayamos muerto". Non é que me estivese facendo vella, que si, nin que vise preto o noso final, que non. Só era unha sensación de que non se pode loitar contra a rotación da terra por moito que unha pense que se anda á contra o pode facer. O mar sempre volve ó seu.



## Capítulo 51. O mar sempre volve ó seu

Ou non, porque o mar seguiu no sitio que invadira cando o maremoto e de alí non se moviu por moita Little Venice que lle construíran enriba, e por moitos diques inútiles que trataran de facer. As obras foron lentas, sen pausa pero lentas, a marea, como digo non llo puxo fácil. Nós tampouco, polas noites baixábamos á antiga zona cero e boicoteábamos as máquinas, tontamente, porque de mecánica sabíamos o xusto para prender a zodiac, a polea de arrastre e catro cousiñas máis; pero algo facíamos. Facíamos unha resistencia silenciosa, coma os ratiños que polas noites roen nos paquetes de fariña, non é moita cousa, pero se cada noite roen un paquete distinto, xa vai jodendo un pouco máis.

Cando o desescombros se foi achegando as nosas casas a resistencia foi menos silenciosa e menos inocente; íamos ó super buscar ovos de oferta para lanzarlles ós das máquinas, e nin a policía se atreviu a desaloxarnos; non contaban ca nosa astucia, que diría o Chapulín Colorado, e a verdade non me estraña, tanto a casa de Salva como a de Sandra tiráranas estando valeiras o día aquel do especial maratón de Corazón de Glamour de cando a "voda". Quedáramos toda a noite en vela para non perder detalle e cando volveron a tarde seguinte o único que atoparon foi unha explanada de cemento gastado.

Ó primeiro pensei que Salva me estaba tomando o pelo, porque sabía que había días que soñaba que nos tiraban a casa e que tiñamos que durmir nun escaparate sen persiana; pero cando me chamou Sandra toda nerviosa, crino. Ela non xogaríase con semellante cousa, era unha tía seria, formal, e tiña a Paco chorando histérico por detrás, o que lle daba máis credibilidade. Esa foi a primeira e única batalla que perdemos, o que nos serviu de lección; lección que aprendemos con moito coidado. Salva, Paco e máis Sandra instaláronse no

edificio, fixemos un cadrante de turnos para que en ningún momento o edificio quedase só e tiñamos unha chamada de emerxencia para que viñese o resto a dar apoio.

Si, ese edificio que se vé ó final de Little Venice, ese que é tan chulo e orixinal pero que non pega nada co resto do conxunto arquitectónico, ese, ese é o noso edificio. Tanto apuro tiñan por rematar e tanta foi a chapa que lles demos que preferiron restaurar o edificio a tiralo, e aínda así tivérono complicado porque non lles quedou outra que facelo con nós dentro, nin as forzas de asalto nos deron quitado, o que é ter un pouco de dinamita revellida a man. Despois de moitos anos poidemos dispor de alcantarillado, auga corrente e ascensor. Bueno, o do ascensor era unha novidade, igual que o da fachada toda de gresite de cores vivos facendo un mosaico espectacular. Tan bonito quedou que chegaron a pretender ocupar os baixos e algún dos pisos baldeiros, sen éxito, claro. Nos baixos puxemos Salva e máis eu un restaurante de filloas para levar, non é unha fritangada, ten clase, o que pasa é que non nos da a gana de aguantar á xente. No outro baixo, Sandra puxo unha librería, non ganaba tanto coma nos, pero podía vivir e ler gratis as revistas do corazón.

Víramos a cerimonia de inauguración pola televisión, sentadas no meu sofá como adoitábamos facer, recoñecemos ó alcalde pero a ninguén máis. Ata facíamos chistes ríndonos de nos mesmos por vernos envoltos nunha trama de chapuza coma na que participamos, dos cartos que nos pasaran por diante e deixáramos marchar e de que polo menos descubríramos a nosa vocación oculta de facer filloas. Algunha vez pasou Ramón polo posto acompañado dunha loira que quería parar a mercar algo de comer aínda que el non lle deixaba. Pareciume que era a mesma de todas as veces. En anacos que rescataba dos despistes de Paco souben que volvera para quedar, a loira parecíase perigosamente a aquela de había anos, pero o que máis me sorprendiu foi que nin me decepcionou, nin

me provocou máis sentimento que o de curiosidade por saber que facía na Coruña se tiña tanta pasta como debía ter. Imaxinei que para disimular, non lle quería preguntar a Paco por non remexer na decepción.

Os meses pasaron tranquilos e felices, aburridos e monótonos, diría eu; e aínda que non nos ía mal eu seguía tendo a sensación de que aquilo non podía ser todo. Era unha vida máis cómoda, sen dúbida, pero faltaba aquela emoción da nocturnidade e de atopar algo sorprendente cada día, e sobre todo de estar podre de cartos emborrachándome entre a jet set. Si, desilusión, iso era o me invadía de cando en vez.

O "divorcio" ocupaba toda a programación, pecháramos unha hora antes e Paco pedira pizza para os catro, estíbese retrasando pero aínda chegaba dentro do tempo, se os anuncios aguantaban un pouco non nos interrompería. Tan impaciente estaba que abrín nada máis escoitar o primeiro timbrado, abrín a porta e esperei desde a tele con urxencia. Volveron timbrar e volví a abrir, un pouco máis enfadada desta vez, sobre todo porque o resto estaban tan anchos no sofá e eu alí de garda, que era a miña casa e que xa podían convidar algunha vez a súa que xa estaba ben por deus.

Nesas estaba, preparándolle unha bronca, seguramente inmerecida, ó repartidor, cando do ascensor saiu unha parella entrada en idade, con pinta de ter moita pasta e cunha desesperación pérfida na mirada que me transportou a outros tempos máis emocionantes, entraron decididos sen esperar convite e pantáronse diante da tele para captar toda a atención. Detrás deles chegou o repartidor que se zafou da bronca porque a intriga borraría o cabreo de súpeto.

- Vos sodes eses que antes... - dixo a muller sen querer falar máis da conta.

Estrañounos que alguén se lembrase daqueles tempos. O pizzeiro estaba atento mentres buscaba unhas moedas que me tiña que devolver.

- Queda co cambio, que debe estar ben difícil de atopar, largo - díxenlle.

Marchou sen moitas ganas. Pechei a porta púxenme ó tema.

- Somos ese que antes... - dixen con aire misterioso.

Notei unha chispa na mirada de Salva, e outra na da parella visitante.

- Sabedes que temos denunciado ó Concello - dixo o home.

E díxoo como se de verdade o tivéramos que saber.

- Vós saberédelo - dixo ela.

Non pareciu gustarlle nosa ingorancia. Miráronse con disgusto, coma se estivesen perdendo o tempo, defraudados.

- Pois informáronnos mal - dixo el.

Contounos que falaran cun xornalista, que non debía ser moi bo, porque traballando Sandra nunha librería e que non escoitásemos nada do tema, e que lle dera o nome de non sei quen que tiña un restaurante nas tendas centrais, que lle dixera doutro que vendía velas, que falou con outra que agora vivía en Sada, que sabía de... en definitiva que acabaran chegando a nós.

Polo que fomos sacando dun e outra denunciaran ó Concello polos seus dereitos sobre Little Venice, ó parecer había uns anos, cando xa estaban instalados e disfrutando da tranquilidade do chalé froito da indemnización polo desaloxo da zona cero, uns amigos seus contáronlles que os do

Concello pasaran por alí para que asinasen a renuncia ós posibles deireitos que poidesen ter sobre as súas antigas propiedades na zona cero. Firmaron, claro que firmaron, traíanlle as escrituras e aquel documento trapalleiro que firmaran cando recibiran a compensación económica. Despois souberon que visitaran a todos os seus veciños de antes, e acabaron por averiguar que había outros dous propietarios máis a parte deles ós que non lle foran pedir a firma. Tanto lles estrañou que compararon os seus documentos cos dos que asinaron, viron que aquel documento trapalleiro que asinaron cando recibiran a compensación por marchar da zona cero era un simple recibín dos cartos, sen máis, sen aclaración. Viron tamén que o documento novo explicaba claramente a renuncia a calquera dereito sobre as antigas propiedades deixando sen efecto a escritura que obraba en mans do Concello aínda que estivese a nome deles.

A eles veulles a inspiración, algo había que rascar, seguro. E aínda que imaxinaban que habería algún motivo polo que non contactaran con eles falaron cun avogado de toda confianza que viu tallada, sen saber moi ben de que parte, que lles dixo que o primeiro que había que facer era poñer unha denuncia ó Concello por usurpación das súas propiedades. No tempo que tardou o xuízo averiguaron que o Concello non tiña as súas escrituras, soubérono porque menganita que xogaba o parchís con menganita que tomaba o café con fulanito que... coñecía a un concellal que lle contou que unhas concellalas intentaran quedar con todo presentando as escrituras das propiedades, pero que deron reaccionado a tempo, porque colleron a lista dos propietarios e fixéronlles firmar a renuncia inutilizando as escrituras que esqueceran pasar a nome do Concello no seu tempo. Aproveitaron a inocencia dos propietarios e tiveron sorte de que a tivesen, a inocencia, quero dicir.

A medida que falaban íanme reverdecendo as lembranzas ata chegar ó momento dese flash que me fixo lembrar que agochara tres escrituras debaixo do armario do baño e que esquecera completamente. E a partir do momento que o lembrei non fixen máis que intentar poñer cara de disimule para que non se me notara que as tiña e buscar unha boa escusa para ir ó cuarto de baño para asegurarme de que, efectivamente, estaban alí.

Salva notou que me pasaba algo, aínda que non creo que imaxinase o que, el pensou que me quería desfacer deles porque me traían malas lembranzas.

- Xa non queda nada aló embaixo, non nos pidan que baixemos, non hai nada que facer - dixo Salva.

Os vellos decepcionáronse, decepcionáronse moito, sentaron e puxeron unhas caras de tristura que me conmoveiron, e ó resto tamén. Pedinlle a Sandra que me acompañara ó baño, estrañoulle; e máis aínda lle estrañou que lle pedira que me axudara a mover o armario con coidado, e aínda máis que sacara de debaixo as escrituras das que falaban os vellos e que ela pensaba que eran completamente alleas a nós.

- ¿E iso? - preguntou en voz baixa.
- Roubeillas a Ramón - respondinlle.

Puxo unha cara de sorpresa alegre, como se por primeira vez crese aquilo que lle dicía de que xa o tiña superado.

- ¿Vasllas dar? - preguntou Sandra.
- Si - dixeran - ¿non lle viches as cariñas?

E foi nese momento cando me decatei de que moita mágoa si, pero os vellos paparan a indemnización polo realoxo e nós que fixéramos todo o traballo e quedáramos sen un can.

- Igual, mellor facemos un trato - rectifiquei.

Os vellos seguían aflixidos, Paco estaba tratando de consolalos e Salva tratando de poñer a orella na tele para que non lle interrompesen o programa.

- Bueno, a ver - dixeran tratando de poñer voz amable aínda que me saíse de sarxento - aquí teño tres escrituras, pero tamén teño ganas da metade de todo.

Miráronse, nin escoitaron o de que quería a metade, nin lembraron que tiñan reuma nin artrose, erguéronse, purxéronse a darnos bicos a todos, a dicirnos que eramos os seus salvadores, que xa llo dixeran, que tiñamos a fama ben ganada... Salva mirábame ca mesma cara de sorpresa de Sandra, e cunha chispa de cobiza que lle entrou ó escoitar o da metade, claro.

Aceptei as mostras de agradecemento sen emocionarme nin abandonar a miña postura de sarxento e, sobre todo, sen soltar as escrituras, agarrábaas coma se me fose a vida nelas.

Unha vez se lles pasou a euforia volvían repetirlles o da metade de todo, non pareciu importarlles; fixeron un par de chamadas e en pouco tempo estaban na porta outra vella e e unha parella de vellos máis, non é que lles falte ó respecto, é que xa tiñan uns anos.

Volviuse a repetir a escena de agradecementos e Salva adiantóuseme a insistir no da "metade de todo". Fixeron unha última chamada e presentouse o avogado que non se emocionou tanto e insistía bastante máis que os vellos en que lle dese as escrituras. Cousa que non fixen, cousa que os vellos non lles pareciu de todo ben, pero que comprenderon e ó avogado pareciulle mal de todo, pero como Salva se puxo ó meu carón en plan gardacostas e Paco e máis Sandra fixeron outro

tanto, e porriba parece ser que tiñamos fama en certos círculos de ser de armas tomar no sentido literal das dúas palabras, despedíronse amablemente e quedamos no xuízo, onde se nos darían a metade de todo.

O xuízo foi moi tranquilo, por parte do Concello traían varios avogados, entre eles Carlos, que en canto nos viu baixáronlle os fumes, incluso lles propuxeron un trato algo favorecedor ós vellos, que por moi favorecedor que fose nunca sería tanto como a metade de todo.

O Concellal de urbanismo falaba co seu ex do seu xenro e mirábanos, a el tamén lle baixaron os fumes, e iso que aínda non saíra o tema das escrituras. Cando saíu foi peor, para eles, quero dicir, para nós foi xenial. O xuíz obrigoulles ós vellos a devolver a indemnización polo desaloxo, unha miseria, e ó Concello a darlle a titularidade do que había nos terreos das escrituras, e a nós a metade de todo.

Unha pasta, pero unha pasta, había dous hotéis de superluxo e un embarcadeiro con amarre e aparcamento, unha pasta. Si, aínda sendo a metade, unha pasta. Sobre todo tendo en conta que non tivéramos ningún gasto, porque a obra a financiou quen a financiou e o xuíz estimou que iso era culpa do Concello de poñerse a obrar sen ter as cousas en regra. Nin protestaron, deron gracias porque só fosen tres e non todos, como estiveran a punto de ser.

Pero non pensedes que se nos subiu á cabeza ter o futuro máis que asegurado, non. Sandra seguiu ca súa librería e con Paco, tivo un parto múltiple e as criaturiñas corren arriba e abaixo polas escaleiras todo o santo día berrando coma sin chans descontrolados, pero felices, moi felices. Salva e máis eu puxemos unha cadea de restaurantes rápidos de filloas por todo o mundo; el ca súa parte mercou un jet privado e non pousa o cu no chan nin por accidente, cando non está na súa



mansión do Caribe, está na Toscana e cando non en Kenya.

¿Eu? Eu chego tarde ó avión, acabo de deixar a Aría Canciño, que se enrolla coma unha persiana, pero é que tiña que falar con ela para convencela de que non saio con ningún actor de ollos azuis, por moito que o digan as súas fontes... o que non sei é de onde sacarían semellante cousa as súas fontes...

## Índice

- Capítulo 1. O comezo
- Capítulo 2. O tesouro
- Capítulo 3. Disque
- Capítulo 4. O erro de Paco (Primeira parte)
- Capítulo 5. O erro de Paco (Segunda parte)
- Capítulo 6. Ca auga no calcañar
- Capítulo 7. O xuízo final
- Capítulo 8. In Venus Veritas (Primeira parte)
- Capítulo 9. In Venus Veritas (Segunda parte)
- Capítulo 10. Sen glamour pero con corazón
- Capítulo 11. Tres son multitude, catro son a hostia
- Capítulo 12. No fondo. Primeiro intento
- Capítulo 13. Paz interior
- Capítulo 14. Tomando un respiro
- Capítulo 15. Intelixencia artificial, intelixencia natural
- Capítulo 16. A parte e punto
- Capítulo 17. Cara de actor con ollos azuis
- Capítulo 18. Esta tarxeta non ten prezo
- Capítulo 19. De bolsas do lixo nada
- Capítulo 20. Pista familiar
- Capítulo 21. Cara adiante
- Capítulo 22. A flote
- Capítulo 23. Disimulando
- Capítulo 24. Filloas recheas
- Capítulo 25. Carlos rei
- Capítulo 26. No fondo. Segundo intento (Primeira parte)
- Capítulo 27. No fondo. Segundo intento (Segunda parte)
- Capítulo 28. No fondo. Segundo intento (Terceira parte)
- Capítulo 29. No fondo. Segundo intento (Cuarta parte)
- Capítulo 30. Estou na lavadora

Capítulo 31. Maxia  
Capítulo 32. A historia (Primeira parte)  
Capítulo 33. A historia (Segunda parte)  
Capítulo 34. Conspiración  
Capítulo 35. Perdid@s  
Capítulo 36. ¿Que dis que dixeches?  
Capítulo 37. ¿Que dixeches que dixen?  
Capítulo 38. O bosque animado  
Capítulo 39. Tecendo a tea  
Capítulo 40. Fiando fino  
Capítulo 41. Amencer  
Capítulo 42. Argimiro conection  
Capítulo 43. Argimiro disconnection  
Capítulo 44. Argimiro reload  
Capítulo 45. Poder  
Capítulo 46. Tocando fondo  
Capítulo 47. Adrenalina  
Capítulo 48. Contrarreloxo  
Capítulo 49. Conta atrás  
Capítulo 50. Tempo de desconto  
Capítulo 51. O mar sempre volve ó seu